

A NOSA TERRA

Public. Diaria 30



ANO XVII - 5 DE XANEIRO - 1994

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 603 - 150 PTA.

PP e PSOE unen os seus votos e o BNG queda só contra a cuota do leite

O goberno galego non estará presente nas negociacións de Bruxelas onde se dirime o futuro do sector leiteiro. Esta posibilidade, esixida polo BNG, foi rexeitada cos votos de PP e PSOE. O BNG pediu tamén a eliminación definitiva da supertaxa e da propia cuota do leite. (Páx. 7)



Virginia Ferreira: 'A crise afecta máis aos traballos tipicamente masculinos'

"Os postos de traballo que se están a perder son tipicamente masculinos. A muller non resulta tan afectada porque os seus empregos xa eran precários e iso non cambiou", sinala Virginia Ferreira, profesora na Facultade de Economía de Coimbra e autora de diversos traballos de socioloxía que vinculan á muller co mundo laboral. (Páx. 14-15)

O Goberno acude en axuda de Mário Conde pero mantén a reforma laboral

A banca privada pede axuda a papá Estado

Acosados polas perdas ou ás beiras da creba os banqueiros son os máis apurados conversos ao socialismo. As súas enfáticas chamadas á liberalización da banca, as súas críticas ao *intervencionismo* do Estado, vóltanse humildes loubanzas á seriedade e rigor do Banco de España. O Goberno, dilixente pola súa parte para asumir as perdas da banca privada, racanea as prestacións sociais aos empregados en paro. Mentres Mário Conde disfruta dunhas vacacións, os traballadores convocan unha folga xeral para o 27 de Xaneiro.



ANXO IGLESÍAS

TODA A TERRA É DOS HOMES GALEGOS NO MUNDO

Luis Menéndez

Unha reportaxe chea de vida e interese humano na que os auténticos protagonistas son os milleiros de galegos que decidiron emprender a aventura da emigración.

toda a terra é dos
Homes
GALEGOS NO MUNDO

Luis Menéndez



galaxia

galaxia

Os pobres de Santiago crian unha asociación e congratúlanse de que rematase o Xacobeo



Amparados por un *Colectivo de Pobres e Marxinados*, os desherdados composteláns fan estes días festa cun menú imaxinario e brindaron por un 94 máis solidario. Para eles o Ano Santo de 1993, lonxe de supoñer unha fonte de ingresos, foi un motivo de incomodo. A policía de Santiago perseguíunos porque deterioraban a imaxe da cidade.

(Páx. 10-11)

México paga coa miséria a abertura de fronteiras

Mentres México, Estados Unidos e Canadá riscaban o *Tratado de Libre Comercio* miles de labregos en armas que invocan o redentismo de Zapata tomaban militarmente a rexión de Chiapas, no Sul mexicano. A política ante-inflacionista deseñada polo *F.M.I.* para sintonizar a economía mexicana co *Tratado de Libre Comercio*, rompe polos indios maias do Sul que apenas saben o español e só coñecen un Estado depredador.

(Páx. 5)

A tenda de Mário Conde non paga impostos

A economía clásica xustifica, desde hai séculos, o beneficio empresarial en virtude dos riscos sobre os que navega o empresario. Nas épocas en que o ultra-liberalismo ten meirande acollida, a consigna de *liberdade para o mercado* manda sobre calquera outra. Liberdade é un concepto positivo, todo o demais estará nas súas antípodas: intervencionismo, proteccionismo, política económica, etc. O mercado é o encargado de poñer as cousas no seu sitio, afirman algúns. O medo ao mercado é irracional, apostillan. Como por lei natural, a economía suxeita á libre concurrencia, sen máis cortapisas, reestrutúrase e modernízase a si mesma, as empresas obsoletas perecen, os mercados satisfeitos satúranse, o empresario, por lei de supervivencia, trata de cubrir aquelas necesidades que aínda non están satisfeitas, nacen espontaneamente novos sectores económicos que remprazan aos vellos. Claro que os fortes gañan e os febles extingúense, como os dinosáurios, pero que se lle vai facer?

Mário Conde, no mellor dos casos, é un banqueiro, presidente dunha xigantesca corporación con importantes activos industriais, que arriscou e perdeu. Sería polo tanto xusto permitir que o seu fin sexa o das especies do *Parque Xurásico*. No peor dos casos, é un xestor temerario, mesmo irresponsábel e probabelmente deba ser castigado co código penal na man. Os pequenos accionistas que ostentan en parte importante a propiedade do Banesto sufragarán o burato do banco, aceptando que as súas accións perdan un bon anaco do seu valor. Moitos peticionarios de créditos víronse condicionados, através dunha táctica presuntamente fraudulenta dos rectores do banco, a mercar accións do mesmo. Outro tanto fixeron unha morea de pequenos aforradores. Todos eles pagan a creba. Calquera cidadán da rua pensa estes días que Mário Conde será o único que saia ben librado, coas alforxas cheas e a bon recaudo, probabelmente en Suíza. Esa idea popular, tan espallada, subvirte máis o sistema constitucional que todas as bombas da ETA.

Alguns economistas, propensos a elaborar teorías a pe de actualidade, falan xa dunha *nova Idade Média*, baseándose nun paralelismo, segundo o cal hoxe tamén existirían "grandes señores", sen máis pátria que o seu poderío, aos que nengunha lei, nen nengún estado pon límites. A idea lembra unha máxima que se escoitou de sempre nos corredores dos xulgados: "se é por moito non teñas medo, pero se te collen por roubar de dous millóns para baixo, vaite preparando".

Describeuno con acerto Michel Foucault na súa análise histórica sobre as penas. A burguesía, ven a dicir, castiga os delitos contra a propiedade. Os burgueses defenden así as súas posesións dos rateiros, dos pequenos estafadores, dos atracadores a cara descuberta. Para combater á delincuencia miuda contrátanse exércitos de profesionais da seguridade, policías privadas, portas blindadas, balados electrificados, caixas fortes, tarxetas con números en clave, laboriosos procesos de identificación, controis de firma rigurosos. Pero esa mesma burguesía é permisiva cos delitos fiscais, contemporiza cos defraudadores, fai a vista gorda aos controis de calidade, ampara a mentira para acollerse a subvencións que non lle corresponden e soborna aos funcionarios que logo ela mesma tacha de corruptos.

Os propios bancos investigan até o mínimo detalle a vida privada dos demandantes de crédito. A día de hoxe a única confesión completa é aquela que realiza o cidadán ante a xanela do prestamista e aí del! como minta ou como non cumpra o estipulado, nunha letra ás veces tan pequena que lle pasa desapercibida á lectura, porque cairá sobre el o rigor da lei, terá que responder coas súas propiedades e as dos seus avalistas, coa súa casa, coa súa tenda ou coa súa pequena empresa, e son débedas que non caducan, nen teñen amnistia.

Todo iso non rexe para os propios banqueiros. A Corporación Banesto foi eximida de pagar o 70% dos seus impostos (aforrando así case 20 mil millóns) como premio á súa consolidación á cabeza dos grupos privados en España. O Estado inxectará diñeiro para *sanear* (que palabra tan aséptica) o burato de medio billón do Banesto. Non é, por suposto, a primeira vez que sucede. O aforro, os recortes e as penurias, quedan para os parados, para os xóvenes, para os traballadores.

"Se a seguridade social non é rendíbel que a supriman" decía hai pouco un bárbaro, embutido en traxe de lá de cachemira e, se cadra, el mesmo accionista do Banesto.

A NOSA TERRA

Con menos do que lle custará ao Estado sanear Banesto cobríriase o burato do INEM. Facerse cargo das crebas da banca privada -Banca Catalana, Rumasa, etc.- custoulle ao sector público case tanto como a Seguridade Social. Mentres se reducen ao mínimo ás prestacións laborais, os xerentes das grandes corporacións manteñen os seus contratos blindados e o patrimonio persoal a salvo das perdas.



O Goberno faise cargo das perdas da banca privada pero...

O burato de Banesto s... ao Estado que o...

M. VEIGA-G. LUCA

"Os ricos nunca protestan cando o goberno salva un banco", afirmaba o prestixioso economista liberal John Kenneth Galbraith. A súa opinión estaba claramente influida pola crise das caixas de aforros norteamericanas que provocou un burato de medio billón de dólares, quer dicir unha cifra máis de cen veces superior á que deu lugar á creba do Banesto. Desde unha postura centrista no terreo político, Galbraith non deixaba de poñer ao descuberto a contradición entre defender a libre empresa e criticar o intervencionismo do Estado nas épocas de bonanza e recurrir a este último cando agroman os problemas.

A contradición que agora vive o Estado español e simbolicamente máis grave. Cunha folga xeral prevista para o 27 de Xaneiro, o goberno mantense na súa postura de recortar as prestacións laborais até converter o que España chegou a ter de *estado de benestar* nun simple recordo. As medidas apoiadas a tres bandas polo goberno, o principal partido da oposición e a patronal, veñen argumentadas en parte polo chamado "desfase orzamentario" do INEM que foi, entre 1988 e 1992, e segundo fontes oficiais, de 1,3 billóns de pesetas. O Estado destinou un crédito de 400.000 millóns de pesetas a cubrir o déficit de 1993. "É lóxico que

o INEM lle custe cada vez máis ao Estado", sinala Manuel Mera, responsábel da CIG, "posto que aumentou o emprego eventual que hoxe abrangue ao 36% dos traballadores, máis que en nengun outro lugar de Europa". A caída do emprego asalariado e as ventaxas fiscais concedidas ás empresas por crear emprego son outras tantas cargas que debe afrontar o Estado.

Recortes no INEM

Pensións, desemprego, sanidade e pago da débeda, levan a maior tallada dos Orzamentos do Estado para 1994. Aínda así, os re-

A empresa italiana foi intervida por fraude Conde era conselleiro de

O ex-presidente da *Montedison*, Mário Shimberni, detido por fraude o pasado 7 de Decembro, foi quen propuxo a Mário Conde integrarse como vogal no consello de administración do grupo químico italiano.

Segundo a reconstrucción da compra de *Antibióticos*, o ex-presidente agora procesado, amaño

o trato con Mário Conde para pechar o paso a Raul Gardini, propietario consorte do império Ferruzzi. Con ese fin, Shimberni propuxo a Conde adquirir un 3 por cento de Montedison e darlle unha vocalía no consello da Montedison. O trato era condición para a compra de *Antibióticos* por 58.200 millóns e significaba o secuestro de 18.000 millóns pola

Os parados
cobrarán 347.000
millóns de pesetas
menos en 1994.

Máis

ma

ca

da

do

do

cc

pr

ve

te

pá

m

pa

br

ta

pá

iló

52

As

fic

pr

fic

Mo
199
vogi
anté
de
Abe
derc
xa n
Na
Con
lleiro



Máis da metade dos accionistas do Banesto teñen menos de cen títulos. ANXO IGLESIAS

Gil Sotres calificouno de 'financeiro de grande visión'

A prensa retratara a Conde como un as das finanzas e un teórico de altura

Na volta de nove meses, meios escritos galegos e do Estado pasaron de contemplar con reverencia ao presidente do Banesto Mário Conde até negarlle o pan e o sal.

O conselleiro de Traballo, Xosé Antón Xil Sotres, enreda nerviosamente cun bolígrafo prateado. Nas imaxes da Televisión Galega aparece sudoroso, embutido nun terno negro. A película é do 13 Abril do 93 en A Toxa. O conselleiro inauguraba o seminario *Liberdade de Empresa e Relacións Laborais*, incluído dentro do "programa de encontros científicos e congresos" do Xacobeo.

Un Mario Conde bronceado, de fato azul claro, recolle cun sorriso irónico as gabanzas que lle fai o Conselleiro ao seu carón. O presidente do Banco Español de Crédito chegara invitado a pronunciar, como estrela do programa, a lección inaugural. Xil Sotres pintaba ao banqueiro de purpurina: chámao "extraordinario economista", "financeiro de grande visión". Conde presta a orela encantado. "Este seminario celébrase nun marco excepcional presume Xil Sotres-, e é un dos de maior nivel intelectual que sobre o tema se teña celebrado no noso país". O conselleiro fai unha pausa e mira de fite a Conde: "O Goberno galego está orgulloso de telos nesta terra e agarda con impaciencia as conclusións deste Seminario para aplicalas na sociedade".

A foto de Conde ocupaba as primeiras páxinas da maioría dos diarios galegos do día 14 de Abril. "Mario Conde Fala en A Toxa sobre a liberdade de Empresa", anuncia o *Faro de Vigo*. A intervención do banqueiro, do máis puro corte monetarista, ocupa unha páxina impar. "A empresa libre -explicaba Conde- é o único axente capaz de manter o desenvolvemento crecente e sostido

da economía". Despois de civilizacións sucesivas estamos se cadra perante a mundialización, non só da economía senon tamén do horizonte vital do home. A acción económica das empresas xa está dentro do orde internacional e o referente trasnacional é o centro para grandes organizacións da nova economía".

como un intento de gañar atípicas plusvalías que disimularan o tremendo lastre do barco. As súas abordaxes xornalísticas máis que afortalar medios en dificultades, procuraban unha cobertura de imaxe". Sobre a árbore deitada, aparecen os calificativos de "imprudente", "mal xestor", con relacións "pouco claras" con italiáns "pouco recomendábeis".

Outras reseñas da prensa diária sinalan que o conselleiro de Traballo da Xunta aplaudiu encantado cando no remate da intervención de A Toxa, Conde, advogado do Estado, dixo que o Estado tiña que reducir a súa intervención e defendeu a flexibilización integral do mercado laboral como mecanismo para atinxir o benestar social.

A intervención do Banco de España suscita outros posicionamentos como o de Francisco Umbral, que desde a súa columna *Los Placeres y los Días* do diario *El Mundo* asegura que "se algo deixa Mário Conde é un estilo diferente, unha persoa e unha personalidade cinematográfica e posmoderna, un xeito de estar no mundo, que é o que máis lles comprae ás nosas mocidades".

Doutra parte, en Marzo do 93, Encarna Pérez e Miguel Angel Nieto editan o libro *Los Cómplices de Mario Conde* dentro da colección *Temas de Hoy* advertían que Conde "non é un banqueiro típico nen sinxelamente un banqueiro iso salta á vista". Os autores do libro menos reseñado destes últimos anos, denunciaban que "Conde quer ser duque: isto é crisiano vello das finanzas e da alta sociedade. E fai ben porque nestes tempos de crise os modelos do trunfo regalado e de diñeiro rápido comezan a pasar de moda. Mario albiscouno con antelación e axeitase con facilidade camaleónica a este novos tempos". ♦

O Conselleiro de Traballo aplaudiu cando Conde dixo que o Estado tiña que reducir o seu papel.

"O presidente do Banesto mantevo o ton da súa disertación no plano teórico -di a reseña do acto de *La Voz de Galicia*- e evitou cair na tentación da coxuntura do momento político. Mario Conde xustificou a súa actitude cunha cita dun clásico grego: *compre saber calar cando cadra calar* dixo parafraseando a Pitágoras". Desde o que o cronista califica de mirador teórico, Conde entrou en materia: "o concepto de liberdade de empresa inscíbese no ámbito puramente económico e trátase dun principio, dun xeito de organizar a actividade económica".

Atípicas plusvalías

"Máis que a base para un império económico- sinala o 29 de Decembro nun comentario o mesmo periódico- a corporación industrial (do Banesto) veuse

pero mantén a política de recortes laborais

o s aille máis caro do INEM

cortes xa se fan notar: O INEM preve gastar en 1994 un 6,6% menos que o ano pasado. O goberno central aprobou os recortes no seguro de paro, aínda que para iso tivo que ignorar as recomendacións do Consello Económico e Social. En conxunto os parados do Estado español cobrarán 347.000 millóns de pesetas menos en 1994. Os propios parados aportarán 47.000 millóns de pesetas á Facenda e 52.000 á Seguridade Social.

As medidas non son, contodo, suficientes para José María Cuevas, presidente da CEOE, quen as calificou de "tímidas e retrasadas".

Risco para o traballador

Alguns economistas, como Juan Francisco Martín Seco, poñían de manifesto estes días a contradición: "Pídese risco e inestabilidade para o traballador, xunto con precariedade laboral e económica; pero apenas existe risco para o capital, os directivos das entidades financeiras teñen contratos blindados, os xerentes non responden das perdas das súas empresas co seu patrimonio particular". "A banca fala de liberalización do sistema financeiro, sinala por último Martín Seco, pero ao fi-

(continua na páxina seguinte)

de Montedison

Montedison. Desde 1986 até 1990, Mario Conde foi polo tanto vogal do consello da Montedison, antes, durante e despois do crack de Outubro do 87. Dinque tanto Abelló como Conde se desprenderon das accións da Montedison, xa moi devaluadas, a finais do 92. Na axenda do *Who's Who* do 92, Conde figura aínda como conselleiro do xigante químico italiano. ♦

'Pídese risco para o traballador, pero apenas existe risco para o capital'.

PEPE CARREIRO





Os planos do goberno abranguen a privatización do INEM.

ANXO IGLESIAS

obriga de cumprir coeficientes, compra dalgunhas das empresas da corporación a bon preçio, etc.

Unha historia de crebas

Non é, por suposto, a primeira vez que a banca española, tradicionalmente organizada a partir de moi poucas cabezas e con escasa disciplina económica, recorre ás axudas do Estado. A UCD tivo que saneala, durante os seus últimos anos de mandato, con perto de un billón de pesetas. Evitar que se fundise Banca Catalana custou 344.000 millóns, en grande parte sufragados polo Estado. O custo final de Rumasa foi de 767.000 millóns. E non son todos os exemplos, aínda que si os máis salientábeis.

O Fiscal Xeral do Estado fixo notar, na memoria de 1983, o valeiro legal que rodea ás crebas bancárias. "Practicamente todos os supostos da creba culpabel, sinala, e algúns da creba fraudulenta, non teñen por si mesmos a consideración de delito e deixan de ser perseguíbeis, polo tanto, fora da declaración de creba". ♦

arcas disponíbeis para sufragar a creba do Banesto, aínda que trate de ofrecer o máximo de garantías posíbeis con tal de acougar aos clientes da entidade e evitar o pánico. O Banco de España especula cunha certa redución do valor das accións do Banesto, algun aval público, créditos a longo prazo sen interés, exención da

(ven da páxina anterior)

nal é o Estado o que acaba pagando".

O Estado español, despois de gastar 768.369 millóns de pesetas nas Olimpíadas, 750.000 na Expo de Sevilla e 448.802 no AVE, non ten as

Banesto e o libre mercado

MANUEL CAO

Adiantábamnos no número 594 de ANT a proximidade dunha nova crise bancária sen pensar que a realidade viría a confirmar tan pronto tales pronósticos. A caída das marxes financeiras derivadas da baixada dos tipos de interese deu un golpe definitivo ao modelo de xestión dun típico tabeirão da bolsa como Mário Conde. Con relativa frecuencia asistimos na historia de España a sucesivas crises bancárias nas que as connivencias entre a burguesía financeiro-especulativa e as institucións económicas do Estado daban como resultado o expólio e estafa dos pequenos aforradores e depositantes. A disciplina financeira era unha asignatura que non existía para a clase político-económica dominante durante séculos. Isto non é nada raro se consideramos que até ben entrados os anos 70 non se empezaba a deseñar e aplicar unha política monetária digna de tal nome. Até esas datas os grandes grupos financeiros manipulaban ao seu antoxo os resortes do poder do Estado por médio da intriga e a corrupción.

Para atender a crise bancária dos 80 e manter a saúde do sistema financeiro críase o Fondo de Garantía de Depósitos coa participación de todos os grandes grupos bancários e vense instrumentando todo un conxunto de medidas que pretenden homologar en solvencia, disciplina e transparencia o sistema financeiro español ao de calquer outro país avanzado. Un paso máis nesta liña déuse coa entrada na CEE en 1986 e no Sistema Monetario Europeo en 1989. A internacionalización e a integración da economía española representou unha nova restrición a medio prazo para o sistema financeiro obrigado a competir nun mercado máis amplo sen pór en perigo o sistema de pagos interno ou externo. Xa por esas datas os grupos con maior visión de futuro tentaron tomar posición pola vía das fusións bancárias. O Banco de Bilbao xa lanzara inicialmente unha OPA sobre Banesto utilizada por Mário Conce para consolidarse no cúmio do banco. Pírrica vitoria para Banesto que non para Mário Conde.



A crise económica e o paso atrás no Sistema Monetario Europeo deixaron á economía española no lugar que lle correspondía coas súas carencias e desequilibrios e a banca empezou a sufrir os efectos da morosidade crecente, do fin dos delirios de grandeza artificiais, dos enormes gastos de explotación, da caída dos tipos de interese, etc. Frente ao mercado Mário Conde, o prototipo do empresário idolatrado pola sociedade española, fracasou estrepitosamente demostrando que nen era un bon empresário desfixose de boa parte do grupo industrial- nen un bon banqueiro deixou un burato de 0'5 billóns de pta.- polo que, en boa lóxica, deberá rendir contas diante dos interesados máis directos (accionistas, depositantes e contribuíntes) e pagar até onde chegue o seu patrimonio, aparte responsabilidades penais. Ademais a sociedade debería condenar ao ostracismo social a figuras que tanto na teoría como na práctica demostraron a súa incompetencia e impericia nos altos cargos aos que, quizais por azar, se viron elevados. O mercado dictou a senténcia e nun país capitalista tal senténcia débese respetar e cumprir. ♦



‘A sociedade debería condenar a figuras que demostraron a súa incompetencia’


Consuma produtos galegos

Viños,  Conservas,  Móveis,  Cerámica,

Traxes,  Queixos,  Frores,

 Camisas,  Antenas parabólicas,

Carne,  Pedras ornamentais,  Iogures,

Barcos...,  son produtos orixinados,

cuidados e postos á venda por mans galegas.

Produtos de alta calidade.

Consumir produtos galegos é o máis razoábel

para contribuir ao progreso de Galiza

É o consello dun periódico galego

A NOSA TERRA

ATRASO ECONÓMICO EN CENTROAMÉRICA

Os labregos de Chiapas deféndense

do latifundismo e a depredación do sub-solo desde a colonización

A reforma monetarista mexicana para a asinatura do TLC levanta aos pobres contra o exército

■ G.L.T.

Mentres México, os Estados Unidos e o Canadá riscaban o *Tratado de Libre Comercio de América do Norte (TLC)* miles de labregos en armas que invocan o redentismo de Zapata tomaban militarmente a rexión de Chiapas, no sul mexicano. A política anti-inflacionista deseñada polo *Fondo Monetario Internacional (FMI)* para sintonizar a economía mexicana co TLC, rompe polos índios maias do Sul que apenas saben o español e só coñecen un Estado depredador.

A reforma agraria mexicana parou ás portas de Chiapas. O caciquismo latifundista convértese outravolta en aliado da política da Administración Federal e o esforzo do anunciado despegue económico mexicano pon en armas a este planeta de labregos indíxenas que non ten cousa que perder. Aínda que o goberno mexicano oculta o número de vítimas das *razzias* do exército, xa se fala de centos de mortos.

Nas escolas de México, o rosario das rexións económicas remata con Chiapas e o Yucatán. Detrás destes dous nomes derradeiros, os escolares corean *selva!* Os maias de Chiapas están a defenderse dos depredadores españois e dos do val central de México desde o tempo da colonización. As revoltas labregas de 1844, 1847, 1848 e 1869 son o precedente da insurrección de Emiliano Zapata (1911-1919) do que agora toma o seu nome o *Exército de Liberación Nacional (EZLN)* que ten ocupadas oito poboacións deste territorio.

Sempre en armas

A nación Maia é pobre na outra banda da fronteira, en Guatemala, pero aquí vive na miséria. Despois de Zapata os labregos seguiron en armas e todos os fracasos da demagogía do Estado resolvéronse con entradas do exército federal desde 1930 á 1950. Daquela, como agora, a represión é a única resposta do estado á revolta contra a inxustiza. Nas redes dominantes da información pode parecer novidade unha guerra labrega aos pés dos Estados Unidos. De feito, algun periódico cedeu a tentación de titular *A Guerra do Fin do Mundo*, en lembranza da revolta de Canudos, no Brasil. Pero esta mesma revolta continuara nos 60 coas guerrillas de Jaramillo, en Morelos, e Cabañas en Guerrero.

Chiapas é a parte menos urbanizada de México. Na beira do Pacífico hai grandes plantacións de banana, café e cana de sucre. Arredor de San Cristóbal de las Casas plantan millo e feixón; o resto é selva arredor do río

Lacantum, o Grisalva e o Usamacinta.

O Sul de México paga a grande liquidación da feble estrutura pública mexicana, emprendida como condición modernizadora por contaxio do reaganismo. A Constitución liberal de 1857

mantén a propiedade estatal do sub-solo. As terras dos chiapanecos son ricas en petróleo e carbón, en explotacións encetadas coa axuda do exército, que nunca serviron para o despegue económico da poboación que arrodea os xacementos. Chiapas é o grande produtor de electrici-

dade e auga de México ao tempo que ten a renda máis baixa.

Nas valoracións de oportunidades económicas dos diferentes territorios de México dentro do TLC, Chiapas é todo un cadro de marxinação. "A rexión X", constituída por Chiapas, Guerre-

ro e Oaxaca, é a que ten menores posibilidades de aproveitar as novas correntes comerciais que ha provocar o TLC", sinala un informe do ICE sobre a especialización sectorial das rexións económicas de México en relación coa abertura da fronteira do Norte. ♦

A NOSA TERRA

ofrécelle aos seus lectores o MEL 'A MONTAÑA'
ALIMENTO NATURAL POR EXCELENCIA
Agora cun 20% de desconto enviando este boletín



Mel con identidade:

Os apicultores de "A Queiroga" respondemos da naturalidade do produto e do esmero no proceso artesanal de extracción e envasado. Na súa casa o mel con arrecendo galego para os que saben apreciar o mellor.

SAN E NATURAL
decisión a TOMAR:
MEL 'A MONTAÑA',
cada día no seu fogar.

¡FELICIDADES!

TARXETA DE PEDIMENTO

Enviar a COOPERATIVA 'A QUEIROGA'
Rúa Vilanova, 43 baixo. 15500 Fene-A Coruña
Telf. (981) 34 03 02

Caixa de 6 Kgs. de MEL A MONTAÑA
ao prezo de 3.900 pts. (aplicado xa o
20% de desconto e cos portes pagos).
Desexo recibir a cantidade de
caixas de 6 Kgs.

NOME APELIDOS

ENDEREZO

TELÉFONO POVOACIÓN

Forma de pagamento:

Talón bancario adxunto (a nome de Coop. A Queiroga) Ao recibo do pedimento (ten un custe de 400 pts.) Pago domiciliado⁽¹⁾

(1) Para pagamento domiciliado en banco ou caixa cubrir os seguintes dados:

BANCO/CAIXA Nº CONTA/LIBRETA

TITULAR DA CONTA OU LIBRETA

Nº SUCURSAL POVOACIÓN

PROVINCIA DATA

Sinatura (Titular da conta/libreta)

O mel é un produto alimenticio e natural, elaborado a partir do néctar das flores e doutros zumes das plantas.

Na Cooperativa A QUEIROGA envasamos e distribuimos exclusivamente mel galego, de colleita propia, etiquetado como 'MEL A MONTAÑA'

O noso MEL esta acollido á denominación PRODUCTO GALEGO DE CALIDADE, MEL DE GALICIA, que avala as inmejorables condicións do alimento que lle ofrecemos.

Tan natural coma ti.



A QUEIROGA

S. COOP. QUEIROGA
CIF: F-15.220.239

7 DIAS

■ O ovino galego perde a metade das subvencións por culpa da Xunta

O Sindicato Labrego Galego solicitou á Xunta que axilice as solicitudes de primas para aumentar o número de subvencións para a produción de gado ovino e caprino. A razón desta petición é que a falta de información a estas alturas está a provocar que dun censo de 300.000 ovellas só se estexa a solicitar axudas para pouco máis da metade, co que o país está a perder o 50% das primas de ovino e caprino.

As primas estanse dando en función dun cálculo das cabezas que tiñamos no ano 1991, o que prexudica aos produtores que as aumentaron estes dous últimos anos. O Sindicato Labrego tamén solicitará á Xunta a súa intervención mediante unhas medidas estruturais que faciliten a mellora na competitividade do sector no mercado europeo. ♦

■ O Tribunal Superior suspende a expulsión de inmigrantes

O expediente administrativo da Dirección Xeral de Migracións e da Policía, do Goberno central, que dispuña a expulsión dun total de oitenta inmigrantes ilegais foi suspendido cautelarmente por parte do Tribunal Superior de Xustiza. A propia Dirección Xeral de Migración negara a solicitude de permiso de traballo e de residencia dos implicados e



imediatamente decretara a súa expulsión. O feito deste organismo actuar en ambos sentidos e concentrar cometidos animou ao Tribunal Superior á paralización da expulsión. En 37 dos 80 casos a suspensión das ordes de expulsión é firme, tras unha sentenza do Tribunal. ♦

■ Dublin apoia a solución do IRA

O primeiro ministro irlandés, Albert Reynolds, sumouse o pasado Luns 3 á principal posición que mantén o Exército Republicano Irlandés (IRA) verbo do conflito do Ulster e solicitou a desmilitarización deste territorio. Reynolds quer implicar ao Reino Unido para que se encargue de convencer aos unionistas da necesidade de reunificación de Irlanda no mesmo estado.

A desmilitarización significaría a retirada do exército de ocupación, algo que tamén solicitan o IRA e o Sinn Féin. Así, un portavoz da formación nacionalista declarou que as

declaracións públicas da Grande Bretaña son inaceptábeis e que a posición de partida que aceitan os nacionalistas é a retirada británica de toda Irlanda. As posturas do Sinn Féin e da República de Irlanda son, pois, as mesmas, a respecto dun dos principais atrancos para comezar unhas conversacións definitivas de paz e unha trégua unilateral do IRA. ♦

■ Os xuíces tamén queren ser insubmisos

Jesús González Jubete, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura, declarou diante dun meio de comunicación da súa comunidade que de ter que facer agora o servizo militar optaría por declararse insubmisos. As declaracións de González Jubete están na liña dos movementos de obxección de conciencia que, repetidamente, están a pedir aos xuíces a súa implicación activa a prol do dereito á insubmisión. ♦

■ Hormaechea divide ao PSOE

O PSOE de Cantabria está dividido fronte á posición a tomar ante a presentación dunha moción de censura que pode dar ao traste co goberno de Juan Hormaechea. Para a moción de censura sair adiante é preciso o voto favorábel de varios deputados tráfugas, que marcharon do PP por descontento con Hormaechea e que puxeron a súa decisión nas "mans de Aznar", polo que, até última hora non se coñecerá o senso do seu voto.

O candidato alternativo, o socialista Jaime Blanco, reclamou a necesidade do progreso de Cantabria como xustificación para presentar a moción, pero non ten total apoio do seu grupo. O deputado reformista do PSOE Angel Duque anunciou que, de prosperar a moción de censura, abandoará a súa formación por motivos éticos. José María Benegas e Abel Caballero, ambos da dirección do PSOE en Madrid, tampouco están co político que quer rematar con Hormaechea. Blanco sinalou que nos seus planos non está medirse con Felipe González, a quen tamén disgusta a encomenda, sobre todo por non rachar os acordos que está a ter con Aznar. ♦

■ Corea do Norte afirma que as armas nucleares son un pretexto

Despois de que a FIFA negase a posibilidade de Corea competir no Mundial de Fútbol dos EE.UU con unha única selección, a CIA deu a coñecer un informe no que se acusaba a Corea do Norte de posuír dúas bombas atómicas, mentres o Pentágono sigue a discutir esta hipótese pero, polo si ou polo non, fala de instalar armamento nuclear na Corea do Sul.

O Presidente de Corea, Kim Il Sung, na súa mensaxe de Aninovo, considera que todo é un pretexto para introducir armas nucleares americanas na península de Corea, afirmando que o problema "debe solucionarse con conversacións entre a PPDC e os EE.UU". Kim Il Sung, afirmou tamén no eixo do seu discurso que é imprescindible lograr canto antes a reunificación dos dous estados, "por enriba das diferentes ideoloxías, ideais e réximes" polo que están agardando que as autoridades sulcoreanas se aveñan a intercambiar enviados especiais do máximo nivel por ambas partes. ♦

■ As severas leis de inmigración causa dunha matanza de chineses

Un asasinato múltiple perpetrado contra cinco persoas de nacionalidade chinesa, descuberto o pasado Domingo na localidade valenciana de Gandia pero que sucedeu uns cinco días antes, revelou a existénciadunha trama adicada a extorsionar a cidadáns da mesma nacionalidade que desexaban emigrar ao Estado español e a outros lugares de Europa.

Vários dos mortos tiñan relación familiar e todos eles estaban vencellados laboralmente a un restaurante de coxina oriental de Gandia, unha localidade na que a comunidade chinesa é moi numerosa.

A policía traballa sobre a hipótese de que se tratase dun axuste de contas relacionado co pagamento dos impostos pola protección dos chineses ou como cuota pola inmigración ilegal. Detrás estaría unha máfia chinesa operante no continente que aproveitaría a dureza das leis de inmigración españolas e europeas para facer negocio co contrabando de persoas. ♦

■ O home de Rosa Diz en folga de fame

Roque Martiñán, o home de Rosa Diz, morta a mans dun policía adscrito á Xunta no pasado Novembro, comezou este Luns día 4 unha folga de fame indefinida para protestar pola orde de liberdade decretada pola xustiza a favor Xosé Antón Otero, autor do disparo que acabou coa vida de Rosa Diz.

Roque Martiñán emprendeu a súa acción nun local parroquial de Sobradelo, na comarca do Salnés, e houbo de se someter a varias análises clínicas antes de iniciar a folga de fame. Aos 57 anos, Roque Martiñán manterá a súa protesta mentres o permita a súa saúde. A súa intención é que a Audiencia de Pontevedra anule o decreto de liberdade baixo fianza de medio millón de pesetas a prol do policía da unidade adscrita á presidencia da Xunta de Galiza, que a fallou a mesma sala contra un auto de prisión incondicional que a xuíz instructora de Vilagarcía, Sagrario Herrera, dicitara anteriormente. ♦

■ O Goberno non garante as vivendas da PSV

Ainda que as negociacións entre a UGT e o Goberno central sobre o futuro da PSV continúan abertas e rexistaron algúns avances, a construción das vivendas da Promotora Social de Vivendas, cuxa má xestión provocou a intervención pública, non está garantida por falta de compromiso por parte do Goberno, que prefire concentrar esforzos noutros sectores. Neste sentido, Antón Saracibar, número dous da UGT e a persoa sobre a que pesan as negociacións, insinuou que a PSV non é tratada co mesmo interese que o Banesto. ♦

■ Pechan os pequenos comercios, abren as grandes superficies

A Federación Galega de Comercio ven de facer públicos uns datos que poñen de manifesto a situación de debilidade que está a deixar ao pequeno comercio a lexislación comercial. Desde 1990 na Galiza tiveron que pechar 4.000 pequenos e mediados establecementos comerciais. Cálculos desa mesma Federación sitúan en 2,7 de media o número de empregos que se perden cada vez que pecha un pequeno comercio. Así, é de dez mil a cifra de persoas que perderon o seu emprego por causadunha lexislación que tutela a expansión das grandes superficies e penaliza ás pequenas tendas.

Estes datos son publicados nun momento no que o Goberno central ven desituar en oito o número de días festivos de apertura comercial, algo que afecta unicamente ao pequeno comercio, que non pode competir senincumprir a lexislación laboral.

O Parlamento xa se interesou pola situación de indefensión do pequenocomercio galego e a deputada do BNG, Olaia Fernández, apresentou unha interpelación co obxecto de que esta institución se pronuncie poladerogación da lexislación que protexe ás grandes superficies e inste á Xunta para que presione ao Goberno central no mesmo sentido. ♦



ANXO IGLESIAS

GALIZA E MUNDO

PARLAMENTO

PP e PSOE unen os seus votos contra a proposta do BNG

Galiza non estará representada nas negociacións sobre o sector lácteo

■ XAVIER LÓPEZ/COMPOSTELA

O goberno galego non estará presente nas negociacións de Bruxelas onde se dirime o futuro do sector leiteiro. Esta posibilidade, esixida polo BNG, foi rexeitada cos votos de PP e PSOE. O BNG pediu tamén a eliminación definitiva da supertaxa e da propia cuota do leite. Só houbo acordo de todos os grupos para instar á Xunta e ao goberno español a que reclamen ante a CE a suspensión da supertaxa na presente campaña.

Atendendo ás propostas aprobadas cos votos do PP e do PSOE (por primeira vez disposto a reivindicar algo ante o goberno central), o goberno galego deberá dirixirse ao Ministerio de Agricultura para solicitar que a asignación das cuotas complementarias procedentes da reserva nacional estea baseada en criterios relativos ás condicións socioeconómicas das explotacións, sen outros condicionantes territoriais.

Por outra banda, o Parlamento galego demanda que a transferencia de cuotas entre particulares se faga con criterios de reestructuración de explotacións; que a compensación de cuotas entre industrias a nivel estatal non supoña a discriminación para os gandeiros galegos; que se resolvan todos os recursos pendentes antes da aplicación do sistema de cotas; e que se establezan programas coordinados de reservas de cuotas por parte do Ministerio de Agricultura e da Xunta, antes do comezo de cada campaña, coa finalidade de asegurar a continuación do proceso de modernización de explotacións nos próximos anos.

O BNG contra a cuota

Nengunha destas custións contou co voto favorable dos deputados do BNG, que defenderon propostas de resolución máis ambiciosas: instar á Xunta para que se declare contraria ás medidas limitativas da produción



PP e PSOE unificaron as súas posturas e votaron conxuntamente.

ANXO IGLESIAS

leiteira nas explotacións familiares, reclamar do Estado que deixe sen efecto a aplicación das cuotas en Galiza, anulación da supertaxa na campaña ac-

tual e posteriores e presentación de recursos xurídicos da Xunta contra as normas que permiten a aplicación de cuotas e da supertaxa, entre outras.

A única resolución aprobada por unanimidade dos tres grupos parlamentarios (PP, PSOE e BNG) á Xunta a elaborar un plano de apoio á reestructuración

O BNG espera formar parte das Mesas das Comisións

O BNG esta a espera de que o PSOE reconsidere a súa postura inicial e faga posible a incorporación dos nacionalistas ás mesas das comisións parlamentarias, constituídas hai un mes. Aquel mesmo día, o presidente do Parlamento, Victorino Núñez, comentou con deputados do Bloque que poderían incorporarse ás mesas, aínda que fora preciso ampliar de 3 a 5 o número de componentes.

O portavoz do BNG, Xosé Manuel Beiras, estima que sería en certa medida "un cachondeo" levar cinco membros, os mesmo da Mesa do Parlamento, ás mesas dunhas comisións que son case cinco veces máis pequenas en número de parlamentarios. Sen embargo, a opción, que depende da iniciativa do presidente da Cámara e do acordo dos outros grupos, é pa-

ra o BNG "mellor quedar fóra".

Como protesta contra a súa exclusión das mesas das comisións, o BNG votou en contra da acostumbrada delegación de competencias que fixo a semana pasada a comisión de Agricultura para axilizar o seu funcionamento, un procedemento que se levará a outras comisións.

Polo momento, o BNG quedará á espera de que Victorino Núñez emprenda algunha iniciativa no sentido indicado, ou que o PSOE reconsidere unha posición que Beiras considera incongruente. Recoñece o portavoz do BNG que a Núñez, como membro dun grupo con maioría absoluta, non hai moito que pedirle, só que avance na posibilidade que él mesmo apuntou cando se constituíron as comisións.

Mentres tanto, o BNG observará e analizará se a súa ausencia nas mesas das comisións perxudica aos intereses do grupo, que podería ver relegado o debate das súas iniciativas en favor das dos outros dous grupos ou comprobar desde fóra que non se convocan reunións máis ter iniciativas de abondo en carteira.

A exclusión do BNG ven motivada polo desexo do PSOE de estar en todas as mesmas das comisións, como na anterior lexislatura, sen asumir que o seu grupo descendeu de 28 a 19 membros mentres que o BNG pasou de 5 a 13 deputados. O PSOE aceptou esta realidade na elección da Mesa da Cámara, e Bautista Álvarez é o primeiro nacionalista no órgano rector do legislativo. ♦

do sector lácteo, coa colaboración do mesmo.

No debate das propostas, promovido por unha comunicación da Xunta, o conselleiro de Agricultura, Tomás Pérez Vidal, deu conta da súa recente entrevista co titular do MAPA, Vicente Albero, no que dixo encontrar disposición favorable ao debate en busca de solucións negociadas para o sector lácteo. Tamén informou de que o Ministro convocara aos sindicatos agrarios a unha xuntanza, prevista para o día 12.

Pérez Vidal estimou que a cuota podería quedar en 1.600.000 toneladas, ao incorporarse 50.000 de recursos planteados e 42.000 da reserva nacional. Sen embargo admitiu que a media de produción en Galiza é baixa a respecto doutros países comunitarios.

O conselleiro estimou que a superproducción podería ser de 140.000 toneladas ao remate da campaña actual, o 31 de Marzo do 94, co que a sanción en concepto de supertaxa sería de 7.500 millóns de pesetas. Pérez Vidal tamén deixou claro que a Xunta non pagaría a supertaxa.

Polo BNG, Emilio López Pérez puxo de relevo que o PP e PSOE cambiaron de posición nos últimos anos con actitudes que desconcertan aos gandeiros, que non comprenden por qué teñen que "atar os tetos ás vacas". Este deputado denunciou que no fondo do problema das cuotas están os intereses das multinacionais agroalimentarias, empeñadas en frear o avance das industrias galegas.

Polo PSOE, Francisco Sineiro mostrouse optimista e convencido de que o problema ten solución. Estimou importantísimo apazcar a aplicación das cuotas nesta campaña, para eludir o pago da supertaxa, e dixo que o sector leiteiro galego está favorecido, contando cun 57% máis de cuota sobre as cifras de 1987: "O PSOE vai loitar porque a cuota da próxima campaña coincida coa produción real da campaña vivente", dixo. Tamén estimou que as industrias deben seguir pagando aos gandeiros, por entender que non teñen base xurídica para reter pagos pensando no que terían que abonar en concepto de supertaxa, por superar a produción. ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración.
Presidente: Francisco Carballo. Vicepresidente: Xaquín Acosta.
Conselheiro Delegado: Xosé Fernández Puga.
Secretario: Manuel Veiga. Vogais: Francisco Torrente, Cesáreo Sánchez, Xosé M^a Dobarro, Xosé M^a Salgado e Carlos Xohán Díaz.

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa, Horacio Vixande, Anxo Iglesias (fotografía).

Correspondentes: A. Prieto (A Coruña), Manuel Vilar (Santiago), H. Sanfiz, M^a X. Anas (Ferrol), F. Arrizado (Lugo), X. Castro Rialón (Vilagarcía), Antón Malde (As Mariñas), Anxo Rosende (Ortigueira), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), H. Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), G. Docampo (Valdeorras), Paulo Naseiro (Terra Chá), X.M. Santiago Cagigao (Barbanza), Manoel Bello (A Montaña), Manuel Díaz (Melide), Xosé R. Castro (O Carballiño), X. Gabriel Pacín (A Fonsagrada), A. Díaz Amor (Ribadeo), M.A. Torres (Verín), Pilar Saavedra (Montealegre), Daniel Lazaré, Pepe Rei (Euskadi), M. Rodríguez

Bertojo (Madrid), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Gonzalo Nuno (Porto). Deportes: V. Miguez. Cultura: Lino Braxe. Axenda: Iago Luca.

Colaboradores: Primitivo Carbajo, X.C. Garrido Couceiro, Avelina Barreiro, C. López Garrido, Nanina S. Castroviejo, Anxos Salgado, Amanda Alvarez, Manuel Rivas, Xosé A. Gacinho, Xurxo Estévez, Domingos Prieto, Margarita Ledo, Víctor F. Freixanes, Carlos Mella, Xesus Vega, César Varela, X. Fernández Mateo, Antonio Mascato, X.L. Iglesias, Rodolfo Dacuña, Marga R. Holguín, Internacional: Xúlio Ríos, Manuel Vilar, Carlos Duram, Patricia Grinberg, Juan C. M. Betelú. Ecoloxía: M. Chouza, R. Cid. Humor: X.X. Piñeiro Cochón. Literatura: Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M.

Millán. Música: Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán Manuel Carreira, Oscar Losada. Arte: Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane. Cine e Televisión: Celso López Pazos, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. Arquitectura: Práximo Lizancos. Historia: Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesus Torres Regueiro.

Fotografía: Carlos Puga, Chus García, M. Rama, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz, X. L. Suárez Canal, M. Sendón, Tino Viz, X. M. Albán, Délimi Alvarez, Tachi Castro, Voz Noticias, El Progreso. Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreira, Carlos Silvar, Gonzalo, Xúlio Gaioso, Tokio, Hermida, P. Núñez, Manel.

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Carlos Soaxe.

Fotomecánica: Moncho Brea Salgueiro.

Administración: Blanca Costas.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos Carreiro.

Subscripcións: Carlos Martínez Muñoz.

Redacción e Administración: Rúa do Príncipe, 22, planta baixa Apartado postal 1371 (36200 Vigo).

Teléfonos: Administración, Subscripcións e Publicidade (986) 43 38 30. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105


Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite procedencia.

POLÍTICA MUNICIPAL

O PP acusa a un dos seus concelleiros e a outro do PSOE de cobrar 10 millóns dun construtor **A Comisión de Goberno de Arteixo pode estar implicada nunha malversación de caudais públicos**

■ A.E

O Partido Popular de Arteixo denunciou perante o Tribunal Superior de Xustiza a entrega de dous cheques de cinco millóns de pesetas cada seu a un concelleiro do PP e a outro do PSOE por parte dun construtor da localidade. Uns días antes desta posíbel entrega, a Comisión de Goberno perdoáralle ao construtor en cuestión 10 millóns de pesetas en taxas, pésie ao informe negativo do interventor. Detrás destas denuncias podería estar a liorta interna existente no PP local.



Cheques enviados polo construtor aos dous concelleiros de Arteixo.

de pesetas que aparecían como custe da obra das novas vivendas. O interventor emitiu un informe declarando que era ilegal tributar en menor cuantía acolléndose á lei de 1979. No libro do rexisto do concello aparece a concesión das licencias escritas a lápiz, así como o pago de 5 millóns de pesetas e, entre interrogantes: *los pagó?*

O BNG está a estudar se existe relación entre o ingreso dos cartos no concello e os cheques, pois coinciden na mesma data, así como unha posíbel malversación de fondos públicos por parte da Comisión de Goberno ao privarlle ao concello de percibir máis de 12 millóns de pesetas que debería pagar o construtor polas taxas, mentres que militantes expulsados do PSOE afirman que "os denunciados non foron os únicos que votaron a favor de Siso".

Tanto os concelleiros implicados como o construtor negan os feitos, aínda que António Siso si que lembra que "prestei uns cartos". Fontes próximas á investigación, pola súa banda, afirman que foi o propio Siso quen lle entregou a agora "liña oficial do PP estes cheques". En Arteixo, sen querer entrar ou non na veracidade da denuncia, a maioría pensa que esta se debe ás disensións internas no seo do PP. Mosquera Calvete presentouse como cabeza de lista da CNG, pero, despois da crise do PP local, forma parte da xestora local, mentres que o denunciado, Melchor Castro, foi apartado dos órganos da dirección do partido. Por outra banda, tanto a maioría dos membros da CNG, PP e PSOE proveñen dun tronco común, a UCD, separándose despois de producirse un escuro enfrontamento a raíz dos terreos da refinaria de Repsol. "Agora están a recompoñer de novo o mapa político, no momento en que están en fase de aprobación as normas urbanísticas", afirma un ex concelleiro socialista, que tamén foi desbancado polas xentes que entraron no seu partido vindo das fileiras de UCD. ♦


BIBLIOTECA A NOSA TERRA

INÓIS! IOIS! GALEGOS!

Crítica da razón galega

Entre o nós-mesmos e o nós-outros

de Marcial Gondar Portasany



Á VENDA EN QUIOSQUES E LIBRARIAS
P.V.P. 1.300 Pta.



O fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza, García Malvar, investiga o destino de dous cheques, por valor de cinco millóns de pesetas cada un, asinados polo construtor António Siso, que serían cobrados, segundo denuncia interposta polo Partido Popular, polo concelleiro popular Melchor Castro e polo socialista Ramón Iglésias. Os documentos foron entregados polo propio PP na fiscalía o 11 de Decembro, aínda que teñen data do 8 de Xaneiro de 1991. Un foi cobrado nunha sucursal de Caixa Galicia en Compostela e o outro no Banco Atlántico da Coruña.

Dase a circunstancia de que o mesmo 8 de Xaneiro o propietario da controvertida urbanización *Sol y Mar*, construída sen auga en saneamento, ingresaba no

concello un millón e medio de pesetas en concepto de taxas municipais. Uns días antes, o 17 de Decembro de 1990, a Comisión de Goberno asinou un convenio con António Siso polo que, en base a unha lei de 1979 xa prescrita, as taxas a pagar polas novas licencias en *Sol y Mar* desceñían de 14 millóns a menos de 1,5 millóns de pesetas. No convenio, estipúlase que, ademais de retirar ambas partes os contenciosos que os enfrontan, o construtor realizará diversas obras e cesións ao concello. Obras que agora afirman non realizou.

Pagounos?

Segundo a lexislación (Lei de Maio de 1989) ao conceder as novas licencias, as taxas a pagar serían o 2% dos 708 millóns

No Rosal póñenlle soldada a un tráfuga

O pleno municipal do Rosal aprobou, a proposta da alcaldía, retribuír ao concelleiro Florindo Alvarez Martínez con 40.000 pesetas mensuais "á vista das necesidades municipais en axuda da Comisión de Cultura". O concelleiro eleito nas listas do BNG será o único da Corporación que teña soldo, xuntamente co alcalde.

O PSOE considera este caso como de "corrupción pura", argumentando que o PP ten a maioría absoluta e, polo tanto, "non ten necesidade de adquerir un novo concelleiro tráfuga". O BNG, pola súa banda, manifestou que con esta decisión "confírmense as

sospeitas que tiñamos desde hai tempo sobre desta persoa".

Hai xa un ano que Florindo Alvarez, afiliado ao BNG uns días antes de pechar a lista da candidatura municipal, pedira a baixa na fronte nacionalista. A súa petición produciuse ante a iminencia da súa expulsión pola Asemblea Comarcal, despois de que se negase a asistir a un pleno conflictivo sobre a recalificación de terras, no que se personaron numerosos veciños, e de ter incumplido reiteradamente as decisións do Asemblea Local. O grupo municipal do BNG, os membros da candidatura e o Consello Local xa decidiran, por unani-

midade, a súa dimisión.

Pero os problemas do BNG co seu concelleiro, comezaran case desde o momento no que tomou posesión. Déuselle un prazo para recapacitar, considerando que a súa atitude podía ovedecer "á falta de experiencia ou formación", pésie a que, desde o principio, apoiou ao PP nos presupostos e, pouco despois, negouse a defender as propostas do BNG. Desde o PSOE consideran unha lérica que "Fraga e o PP falen de transfuguismo en Aragón ou Cantabria, cando eles andan a mercar aquí concelleiros que nen sequer lles fan falla para ter maioría". ♦

EMPREGO PÚBLICO

A provisión de prazas para substitucións, un negocio para a administración

Os parados pagan á Xunta os substitutos dos funcionarios de baixa

■ H.V.

O recentemente pechado prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listas de persoal a cubrir as vacantes entre o persoal da administración autonómica supuxo unha avalancha de solicitudes e de cartos cara a Xunta, pero non vai dar apenas traballo aos solicitantes.

"Non se fixo pública a previsión de vacantes e xa que a confección das listas produciuse despois unha grande oferta —tres mil prazas— xeráronse moitas expectativas que logo non foron cumpridas", explica Adela Bustabad, Secretaría de Acción Sindical da CIG.

Un feixe de solicitudes para substitucións de vacantes temporais anegaron as dependencias das administracións autónomas. As colas de persoas que acodian a se inscribir eran interminábeis e os sindicatos protestaron porque estimaban que non había dotación suficiente para atender a semellante continxente.

Xavier Loureiro estivo a piques de presentar unha solicitude, "pero non a botei porque sabía que non ía servir para nada". Xunto a el están outros que si o fixeron; "coma min podo falar de cen, sei que non teño opción, pero estou no paro e non tiña nada mellor que facer", asegura Xúlio Iglesias Expósito, que se apresentou a pinche de cocina no grupo E".

"Eu paguei 2.100 pesetas, máis as 316 por cubrir a solicitude, porque as convalicións fíxenas no Concello; na Xunta e en Traballo costan 200 pesetas por documento. Isto é unha explotación de parados, que non temos rebaixa pola nosa condición" protesta Alfredo Román Seixas, tamén solicitante do grupo E.

40.000 solicitudes para menos de 1.000 prazas

Os tres, Xavier, Xúlio e Alfredo, teñen relación coa sanidade e temen que a elaboración das listas siga o camiño das que hai no Sergas, onde un pacto entre a Consellería de Sanidade e os sindicatos UGT e CCOO alumeou un mecanismo que continuamente é denunciado polos traballadores da CIG, que aseguran que ampara o amiguismo e a arbitrariedade nas contratacións. "Como é posible que persoal excluído de listas públicas, como o subxefe de cocina do Hospital Xeral de Vigo, teña un posto na sanidade pública?" pergúntanse.

As cuarenta mil instancias presentadas correspondían a un pequeno fado de prazas, non máis de mil en total. Os aprobados sen praza da última oposición teñen preferencia para cubrir vacantes interinas, a razón é que contan, obxectivamente,

con preparación para traballar na administración. En moitas ocasións a previsión de prazas indicaba que sobraba cos aprobados sen praza para cubrir as baixas temporais, o resto das persoas que se inscribían excusaban facelo: non contaban. Como exemplo serva que hai máis de cinco mil aprobados sen praza entre os aspirantes a subal-

ternos. A administración sabía isto, como tamén tiña coñecemento de que unha grande parte dos solicitantes nunca terían opción a ocupar un posto interino, pero calou ante os sindicatos e ante os solicitantes.

Altas taxas

Na resolución da convocatória

impuxose a obriga de abono, en concepto de taxas, de cantidades que ían desde as 4.200 pesetas para os do grupo A de funcionarios e I de laborais, até 2.100 pesetas para os do grupo E de funcionarios e os dos grupos VI e VII de laborais. A isto cumpría sumar as taxas por convalidación, que en podían supor un incremento doutras


duas ou tres mil pesetas, as veces máis.

Unha operación resultante da multiplicación das cantidades pagadas polo número de solicitantes situa entre 160 e 500 millóns as pesetas recadadas pola administración na operación; unha cifra que dá para pagar os saláridos dos substitutos durante un ano. ♦

ÚLTIMAS NOVIDADES DISCOGRÁFICAS




Dhais
Dhais



Xocaloma
Quince anos



Brath
Néboa infinda



**Fol de Niu/
Chouteira/Ker Cuez**



Luar na lubre
Ara Solis

A música é un bon regalo

sons-GALIZA

DESIGUALDADES SOCIAIS

Organizados nun colectivo, xestionan alternativas laborais e de aloxamento Os pobres de Santiago celebran que xa rematase o Ano Santo

■ XAVIER LÓPEZ

Amparados por un *Colectivo de Pobres e Marxinados*, os desherdados composteláns fan estes días festa cun menú imaxinario e brindaron por un 94 máis solidário. Para eles o Ano Santo de 1993, lonxe de supoñer unha fonte de ingresos, foi un motivo de incomodo. A policía de Santiago perseguiunos porque deterioraban a imaxe da cidade.

Seis millóns de turistas e peregrinos visitaron Santiago no ano que ven de rematar, segundo a Xunta. Os ingresos globais inducidos serían de 300.000 millóns de pesetas.

Sen embargo os que nada tiñan ao comezo do ano, aínda saíron perdendo. Os desherdados, pobres de igrexa ou de rua, marxinados diversos, chabolistas e outros, sufriron a orde das autoridades de limpar de mendicantes o casco vello compostelán e, sobre todo, o entorno da catedral.

Unha compañía de policías en uniforme de campaña puxo aos pobres fóra dos lugares visíbeis. A policía municipal, incantouse de material de venda e de cartos. Até 120 actas de requisamento xuntaron algúns.

Os marxinados tiveron que desbotar a idea de sacar para pagar a pensión e víronse na obriga de procurar onde durmir as noites nas que non había praza no albergue dos franciscanos. Con só 25 camas, os responsábeis deste centro de acollida baixaron dunha semana a tres días o máximo tempo que cada persoa podía



En Santiago hai uns 50 pobres típicos: persoas que tiveron unha vida normal pero perderon todo. Outro colectivo é o dos drogadictos.

durmir baixo teito ao mes, durante o verán, debido á maior afluencia de transeúntes.

Tres grupos de pobres

Frente á persecución xurdiu o xérmolo do *Colectivo de Pobres e Marxinados de Santiago de Compostela*, que pretende amparar e buscar alternativas laborais, sociais e de acollida para case un cento de persoas sen recursos.

O presidente deste colectivo, Juanjo Rodríguez, atopou neste empeño un motivo polo que loitar para non caer de novo na marxinación que o levou a pasar seis anos no cárcere. Ao seu xuízo hai tres grandes grupos de pobres e marxinados. Unhas cincuenta persoas conforman o colectivo máis típico de pobres, persoas que tiveron unha vida normal e que por problemas diferentes quedaron coa familia desfeita e botáronse á rua. Primeiro exercen a mendicidade do transeuntismo

Son persoas que aproveitan a primeira oportunidade de traballo temporal que atopan, aínda que acaban, na súa maioría, alcoolizados polas copas que toman para loitar contra o frío.

(na que están 25 ou 30 agora en Compostela), procurando non facerse visíbeis porque teñen vergoña, e peden polos pisos ou saen fora de Santiago, onde non os coñecen, para voltar a durmir á cidade. Son persoas que aproveitan a primeira oportunidade de traballo temporal que atopan, aínda que acaban na súa maioría alcoolizados, polas copas que toman para loitar contra o frío.

Este colectivo axiña perde a vergoña inicial e pasa a ser catalogado como o de pobres de porta

de igrexa e de rua, cando están peor (son uns 30, segundo Juanjo Rodríguez). Todos eles viven entre o albergue dos franciscanos e média dúcea de casas ou imóbeis abandonados onde teñen a colchoneta a carón dun feixe de bolsas de plástico, botellas valeiras e, mesmo excrementos humanos. En Vistalegre, perto do Burgo das Nacións, pernoctan ao menos cinco persoas. Cada pouco teñen que cambiar porque os propietarios sélanlles os accesos ou meten un can no eido onde adoitán parar.

O segundo colectivo, segundo Juanjo, é o da mendicidade procedente da drogadicción. Está integrado por 20 ou 25 rapaces novos que dormen case todos na vella fábrica de Elosua, en Conxo, onde finaron, nos últimos dous anos, tres ou catro persoas a causa de sobredose. Este grupo está composto por mozos que na súa maior parte padecen a sida en fase terminal, segundo o presidente do Colectivo de Pobres. "Andan, di, entre o "chupetiño" (metadona) e a litrona". Juanjo Rodríguez e Francisco Pouso, presidente e secretario do colectivo dos marxinados, afirman que en 1993 os pobres provocados pola droga tiveron máis doado o acceso aos fármacos, debido a directrices políticas orientadas a amansalos para que estorbaran menos aos turistas.

Finalmente, Juanjo Rodríguez describe un terceiro grupo que practica unha mendicidade consentida. Son os músicos de rua, aos que tamén lles foi ben co Xacobeo, por ofrecer unha mercadería que non facía competencia á das tendas. De oito fixos habituais, pasouse este ano a 20, que foron menos perseguidos e que acostumaban sacar cartos abondo para pagar pisos compartidos ou pensións.

Choupaneiros nos Tilos

A maiores, os colectivos de choupaneiros: catro familias en Aríns, ás que o concello presiona a meio da policía municipal e dos propios servizos sociais para que abandonen os seus terreos, na beira da autoestrada, desde onde se ve a luxosa urbanización de chalés dos Tilos, na que viven políticos e outros profesionais. Tamén hai dez choupanas de madeira en Conxo e outras tantas espalladas no rural.

As familias asentadas en Aríns son "verós" orixinários da rexión montañosa do Norte de Portugal, aínda que levan anos asentados en Santiago, cidade na que están xa empadroados a maioría. Un deles, Manuel, denuncia que non os deixan edificar nas suas te-

'Podería facer que me deixasen ver o meu pai?'

"Ás veces penso... voulle consultar, botar a corda ao pescozo, será a solución que me queda?" Quen así fala é Xosé Antón Álvarez Olivares, que só ten nesta vida 49 tristes anos e unha tuberculose que non quer deixalo en paz e volve para obrigalo a tomar até 15 pastillas diárias. Non naceu para ladrón e por iso pede.

Xosé Antón traballou de axudante de cociña na Suiza (onde estivo a piques de casar). Traballou tamén como repartidor de butano, en Palma de Mallorca, "cando a bombona andaba a 130 pesetas". E coa empresa *Cachafeiro*, levantando a vía do tren entre Ponteve-

dra e Folgueira para pór outra nova. Logo veu o paro e compañías de marxiñados que o aprenderon a pedir. Agora pede, da maneira máis discreta que pode. De 400 a 600 pesetas é o que ven levantando cada día. Tam pouco se propón máis. Se lle toca durmir no albergue dos franciscanos, chéganlle para tomar un café ou unha copa para espelir o

frio e para un paquete de *Ducados*. Para comer vai á Cociña Económica, pola que pasan cada día en Santiago ao redor de 70 persoas.

Cando non ten praza no albergue, tenta chegar ás mil de recadación e, logo, trata de que lle dean cuarto nunha pousada. Se non ten sorte na esmola ou ningún lle da pousada aínda pa-

gando a cama, entón durme nun portal, nun que teña alfombra, aínda que sexa de esparto, para non quedar conxelado sobre o lousado. Nas casas abandonadas non quer durmir por medo a que lle metan unha navallada pensando que ten algo de valor.

Esas noites tran mañás aterecidas sen un peso para meterlle ao corpo un café quente ou unha copa. Tran o medo de morrer só, no chan.

Di que a crise tamén se nota no seu oficio e que os que lle dan cinco pesos son xenerosos. Que vinte pesos é raro, que 500 pe-

setas non as solta ninguén e que, a maioría, só se desfán dos pesos e, tamén, das pesetas. Iso é o que dan.

Xosé Antón pensa que debería ter unha cama na casa do seu pai, en Ourense, pero o seu vello casou de segundas e a madrastra non o deixa nen pasar a velo.

"Vostede podería lograr que me deixasen ver ao meu pai?", pregunta esperanzado, e de seguido solta pestes contra a muller que lle cerra a porta cando tenta visitalo: "Estrela Álvarez. Apunte aí. Se algun día sai no periódico que a mataron fun eu".

A crise tamén se nota no seu oficio e os que lle dan cinco pesos son xenerosos.



Xacobeo en castellano

O número de 27 de Decembro de **IRIMIA**, revista quincenal de **crentes galegos** di no seu editorial que 1993 pasará á historia da Galiza como o ano no que acodiou maior número de turistas. Pero antes de pronunciar o amén sobre o *Xacobeo*, a revista ten algo que perguntar: "Canto custou o Xacobeo e por que? Non se puido facer con menos cartos, que soan a despilfarro? Foi tan necesario o escándalo de acudir a don Julio Iglesias e outras capelas de nomes que tamén levaron o seu en metálico?". A revista lembra as súas críticas ás indulxencias. (...) "o xeito de actuar no relixioso parecéunos doutra época, pouco consoante cun tempo de seculariedade e do Estado aconfesional como hoxe é o español". Facendo referencia a un editorial previo no que amosaban a súa "desconfianza de que a clerecía aproveitase este acontecemento para abrir as portas dunha galeguedade cristiá. A omisión que dan é a de que cando lle boten o pecho á Porta, nen conta hanse dar da grande oportunidade perdida. O Arcebispo e mais o seu contorno funcionaron sistemáticamente en castelán". ♦

Ibéria seca contra Ibéria húmida

A transferencia de augas do Norte ao Sul peninsular que contempla o Plano Hidrolóxico do goberno do PSOE é motivo de comentario no **EXPRESO** do 24 de Decembro. "En España está a ser levado ao coñecemento público un Plano Hidrolóxico em que são previstos esquemas de transferencias na época húmida de significativos volumes de auga, ditos sobranes, na verquente sul da cordilleira cantábrica (bacia do Douro), escalonados no tempo até ao ano 2020. Os representantes espanhóis que negociaram aquele convenio informaran entón do interese futuro das derivacións de auga da Ibéria Húmida para a Ibéria Seca, mas na época era prematuro considerar qualquer hipótese entón apenas aflorada. O desejo espanhol de derivación de caudais do Norte para o Sul, é teoricamente lógico para corrección dos desequilibrios hidrolóxicos das liñas de auga do Sul, mas ha que justificalos em termos de balanço económico e sobretudo de impacte ambiental e de defensa de outros valores ja que a simples diferença de índices de pluviosidade não justifica a transferencia de auga duma bacia para outra. O Nosso país tamén sofre de semelhantes desequilibrios hidrolóxicos". O convenio sobre uso e aproveitamento entre Lisboa e Madrid, refírese aos rios Miño, Lima, Texo, Guadiana, Chanza e os seus afluentes. ♦

Reis por un dia

O semanário **Xo** de 15 de Decembro comenta os efectos do tránsito do ano sobre un esquirolo. "Pasa todo o ano e telos aí, á beira, aquelados, humildes, tímidos, á caza clandestina e vergoñante de horas extraordinárias. Obsequios, ruíns e inútiles, receptan broncas para alívio de síntomas ulcerixenos alleos. Son os axentes dobres do proletariado. Macutean con sorriso cómplice as últimas decisións da empresa aos compañeiros de traballo e transmiten en dirección contrária as súas reaccións. Chegado o 31 de Nadal, a situación cámbia; parecen espertar, percorren as dependencias co xúbilo dun agraciado pola bono-loto. (...) Cando anoitece, médios bébedos e felices, sintense os donos do mundo. Entran na casa exultantes de optimismo e dunha ollada contemplan os efectos da súa glória persoal máis lograda: unha vacaflor estúpida e moíña, tres ananos mentais de gilipollez conxénita e unha sogra damnificada polo Málaga Virxe e a pensión de merda". O día primeiro volverán semellar dignidade: "a mesma imaxe que tentarán dar o día 27 de Xaneiro diante das imprecacións dos compañeiros por exerceren de esquiroles". ♦



XAQUIN MARIN / XO



Choupaneiros portugueses viven perto da urbanización Os Tilos. Os terreos son propios pero o concello non os deixa edificar.

rras, alegando que non dispoñen de metros suficientes e di que "en Portugal se un só ten unha leira e non ten casa déixanlle construír nela, sexa como sexa". Estas familias adócense á venda ou a recoller chatarra. Manuel ten cinco fillos, dos que catro, de 7 a 14 anos, viven con él e a dona, entre a chabola de madeira e dous camiións propios. Señala que no concello trátanos como a cans, sen aceptar máis que botalos: "¡Que vendamos, que vendamos, que nos compran os viciños, pero non queremos vender!"

Pobreza nas casas

Aparte desa pobreza visíbel, Juanjo e Pouso aseguran que hai moita pobreza pechada en casa de pedra que son tamén chabolas, nas que se come moito peor que na Cociña Económica de Santiago, e nas que viven amoreadas persoas moi necesitadas, até dez ou doce en dous cuartos.

Son máis dos que cabería pensar os pobres que durmen na rua, nos portais ou nas casas abandonadas. Sobre todo nas casas abandonadas. Son moitas as persoas que prefiren dormir nun lugar fixo, aínda que seña unha casa abandonada para ter catro pertencencias, que poderían perder de ir tres ou sete noites ao mes a durmir ao albergue, onde ri-xe ademais unha disciplina lexionária e unha lista negra para quen deixe caer a pava no chan.

O presidente e o secretario do Colectivo de Pobres e Marxinados agardan lograr do concello, co respaldo do responsable de Cá-

ritas e coa colaboración da Universidade, un par de pavillóns semellantes aos do Burgo das Nacións, prefabricados, para acoller a unhas cen persoas sen teito, ás que os servizos sanitarios ou sociais poderían atender mellor.

Juanjo estima que calquer dos que agora anda pola rua aceptarían pagar as 3.000 pesetas que pagan ao mes os estudantes con praza no Burgo. "Serían só vinte pesos ao día, e iso calquer o saca". Esa sería a maneira de poñer fin ao chabolismo que podería estar xa erradicado se o Concello de Santiago se tivese acollido ás subvencións da Xunta neste eido, segundo denuncian os portavoces do Colectivo.

Francisco Pouso opina que os gobernos, sexan locais, autonómicos ou estatais, "falan moito da crise pero non recortan os gastos dos festexos. Santiago, este ano, foi un circo contínuo". Estima, en contrapartida, que o plano de emprego xuvenil anunciado pola Xunta e unha bola de ar, "De trinta anos para abaixo traballan catro enchufados".

Pouso afirma estar sorprendido polo aguante da xente sen medios, que busca a vida de mil maneiras antes de delinquir. "Segundo as definicións da CE, a metade dos galegos son pobres; outra cousa é que o galego non se considere pobre".

Hai moita pobreza pechada en casa de pedra, onde se come moito peor que na Cociña Económica.

Boa parte dos pobres que pasaron o verán en Santiago emprenderon viaxe cara o Sul, fuxindo do mal tempo, nunha emigración semellante a dos paxaros. ♦

Pobres pero organizados

Está previsto que este mes de Xaneiro sexa legalizado o **Colectivo de Pobres e Marxinados de Santiago**. Oito ou dez persoas participaron nos primeiros encontros do Colectivo de Pobres, case sempre no bar *El Cruce*, na Porta do Camiño. O primeiro manifesto difundido contou con máis de sesenta sinaturas de persoas pobres ou marxinas que querían mellor comida na Cociña Económica, máis noites para durmir no albergue e tamén que os deixen pedir ou vender no casco histórico.

O presidente do Colectivo de Pobres e Xan Rodríguez Sanmartín, **Juanjo**, de 28 anos, que tenta axudar a outros como meio para deixar unha marxinação á que chegou despois de saír da pobreza familiar. Practicou a delincuencia menor o que lle custou seis anos de cárcere, de onde saíu vai para pouco máis dun ano.

De momento Juanjo é un privilexiado neste grupo porque aínda cobra o subsidio de paro ao que tiña dereito ao saír en liberdade, pero ten apuro para encontrar solucións para todo o colectivo de pobres e marxinas de Compostela, quizais porque sabe que se salvará a si mesmo se consegue axudar aos outros. A paga, ademais, non dá moito de si: son 43.000 pesetas, e 25.000 ten que dalas polo pequeno apartamento que ocupa. No mes de Xuño estará sen subsidio e non se atreve a pedir.

O presidente dos pobres e marxinas tentou vender obxectos artísticos, até que se fartou de que a policía lle requisase o material e o deixase sen cartos nen mercancia. Traballou tamén unhas semanas "no bar dun comunista, que me pagaba 15.000 pesetas ao mes por doce horas diárias".

Juanjo foi un dos primeiros perseguidos do Xacobeo 93. Os seus antecedentes serviron para que os homes de Harrelson" (a unidade de Policía Nacional que reforzou a Comisaría de Santiago neste ano que agora ven de rematar) o colleran en Febreiro e lle deran unha malleira que denunciou no xulgado.

Francisco Pouso, de 22 anos, é o secretario do Colectivo. Considérase pobre moderno, como estudante (terceiro de Filosofía) en paro. Pouso quitárialle ao alcalde compostelán dúas terceiras partes do soldo "para arranxar a vida dos que nada teñen". ♦

ANXO IGLESÍAS

A NOSA TERRA A DIÁRIO

No camiño da aparición diária, A NOSA TERRA cobre un novo chanzo publicándose dúas veces por semana. Con este obxectivo Promocións Culturais Galegas S.A., empresa editora, convoca:

AMPLIACIÓN DE CAPITAL por valor de 35.000.000 pta.

(a cubrir entre o 1 de Xaneiro e o 31 de Decembro de 1994)

Xa pode mercar as suas accións

Na Xunta Extraordinaria de Accionistas da Compañía Mercantil **Promocións Culturais Galegas S.A.**, celebrada en Vigo o día 11 de Decembro, acordouse unha ampliación do Capital Social na cifra de **35.000.000 Pta.** (trinta e cinco millóns), correspondentes a 7.000 accións nominativas cun valor nominal de **5.000 Pta.** cada unha, e nas seguintes condicións:

Os novos títulos emitidos serán ofrecidos aos actuais accionistas no exercicio do seu dereito de subscrición preferente polo seu valor nominal, na proporción de un novo por un vello.

Na medida na que o dereito de subscrición preferente non cubra a totalidade das accións emitidas, queda facultado o Consello de Administración para ofrecerlles a persoas alleas á sociedade cunha **prima equivalente ao 100% do valor nominal, sendo pois o prezo de 10.000 Pta. por acción.**

Se vostede desexa ser ACCIONISTA debe ingresar o diñeiro da seguinte forma:

• **Contado:**

■ Mediante cheque emitido a favor de A NOSA TERRA

■ Mediante ingreso nas contas seguintes:
304-501-3897-6 de CAIXA GALICIA O.P., 30-9346-G do BANCO EXTERIOR O.P. ou **40233801 de CAIXA VIGO O.P.**, todas elas de Vigo, especificando **"Ampliación Capital Social Promocións Culturais Galegas S.A. 4/1994"**, e nome, enderezo e NIF de quen o fai.

• **Domiciliación do Pago até 6 meses.**

Contra o ingreso emitirase resguardo provisório até a entrega dos títulos.

Pode recabar máis información no teléfono (986) 43 38 30 ou ben nas oficinas de A NOSA TERRA, sitas na Rua Príncipe 22 baixo, de Vigo.

Vigo, a 11 de Decembro do 1993.

Polo Consello de Administración
O Presidente

Francisco Carballo

Francisco Carballo

Nota: Aqueles accionistas que aínda non recibesen os títulos acreditativos das accións correspondentes a anteriores emisións, deben chamar ao 986-433830 para confirmar enderezos.

ENVIE ESTE BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Sr. Director.

Rógolle que a partir desta data se sirvan atender con cargo á miña conta corrente/de aforro Nº..... os documentos de cobro que serán apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. en concepto de compra de accións da seguinte forma: mensalidades de pta.

TITULAR DA CONTA

Nome Apellidos

Enderezo N.I.F.

C.p. Localidade

Teléfono Profesión

Banco/Caixa

Axencia Nº Enderezo

Localidade

Provincia de 1994

..... a de

Asinatura do interesado

A NOVA ORDE INTERNACIONAL

Chineses de Shanghai agardan na rua antes de entrar nunha compañía de fondos de investimento.

Medra o protagonismo chinés no cenário mundial. No recente cúmulo de Seattle dos países da APEC (Cooperación Económica de Asia e o Pacífico) púxose en evidencia que China é un país co que se debe contar e non só no nivel estritamente rexional. É unha afirmación que non ofrece dúbida pero que tamén debe ser relativizada.



Os desequilibrios internos ameazan o seu futuro China, unha superpotencia económica sen intereses militares

■ XULIO RIOS

Cando se cumpren quince anos do comenzo da política de abertura e reforma, China presenta un balanço en moitos aspectos esperanzadores e outros preocupante. Os ritmos de crecemento da economía chinesa son asombrosos e únicos nun mundo globalmente condicionado desde hai anos pola crise e por unha recesión á que non se lle albisca unha saída clara. China non é un país desenvolvido pero a progresión acumulativa da súa medranza producirá en poucos anos un salto cualitativo que se vai ver acelerado pola recuperación da soberanía sobre Hong Kong, aínda colonia británica, prevista para 1997. Como repercutirá na súa política exterior e interior?

A diferenza da antiga URSS, China non será unha grande potencia militar senón unha superpotencia económica. A recente elevación dos investimentos en Defensa responde á urxente necesidade de modernización das forzas armadas e da súa produción bélica co propósito, entre outros, de introducirse nos mercados "descoidados" a raíz da desintegración soviética e en tanto non se produce a previsíbel recuperación rusa. Nada ten a ver con propósitos expansionistas, inmediatos ou futuros. Nos

últimos tempos Pequín intensificou o proceso de normalización política e diplomática con todos os países veciños coa intención de eludir contenciosos externos que dificultarían a súa concentración nos problemas provocados polas reformas internas.

Por idénticas razóns non cabe agardar de China aspiración nengunha a hexemonizar os parentes orfos da cosmovisión soviética. Sería verdadeiramente esperpéntica unha rebelión mundial anticapitalista auspiciada por Pequín cando é o propio Partido Comunista Chinés quen defende e promove o modelo de desenvolvemento capitalista en amplas zonas do seu país. Outra cousa é a influencia do seu proceso de reforma. En Cuba, Vietnam e mesmo Corea do Norte, obsérvase e anláisase con moita atención. E incluso en grupos significativos dos movementos políticos herdeiros dos Partidos comunistas da Europa oriental conta, de vello, con nu-

meros adeptos (en Rúsia, Polonia, Bulgária, etc.).

Disidència económica

Dentro e fora, todos prevén que nos vindeiros anos os problemas internos serán o suficientemente importantes como para xustificar que os dirixentes chineses acumulen desde agora todo tipo de reservas de intelixencia, serenidade, e aguante para poder afrontalos. O epicentro non será, sen embargo, novidoso. Continuará onde Den Xiaoping o asentou en 1978: na profundización da reforma económica e na obsolescencia pola estabilidade política. Unha enumeración dos principais focos de conflito previsíbeis non podería obviar, cando menos, os seguintes: o mantimento do control do proceso de reformas, a agudización dos desequilibrios internos, a eclosión das tensións nacionalistas.

Polo que atinxe ao primeiro as-

pecto, compre salientar as crecentes dificultades das autoridades centrais para controlar un proceso de reformas que adquire proporcións xigantescas e multidimensionais. Os efectos dunha crise destas características palpáronse en Xuño de 1989. A contada disidència política chinesa non é nada se a comparamos coa magnitude potencial da disidència económica. Formada por aqueles poderes empresariais, administrativos ou políticos que se desenvolven eludindo o control das autoridades centrais, ven nelas un obstáculo para os seus proxectos. A recuperación desa capacidade directiva e fiscalizadora é unha das principais consignas emanadas das últimas reunións do Comité Central do PCCh.

Parellamente o PCCh pretende reforzar a súa capacidade de liderato e autoridade moral desenvolvendo unha contundente loita contra un dos problemas claves da sociedade chinesa, a

A contada disidència política chinesa non é nada se a comparamos coa magnitude potencial da disidència económica.

A lenta abertura de camiños, tamén no político, podería evitar no futuro graves tensións que fluirían así por canles naturais.

corrupción. Prioritariamente a dous niveis: en primeiro lugar perseguindo os actos desordenados e condenando exemplarmente aos seus autores; en segundo, adoptando medidas preventivas: nen os departamentos do Partido e do Goberno, nen os departamentos legislativos ou xudiciais poden agora crear entidades económicas de nengun tipo, investir en empresas ou comprar accións das mesmas en nome do seu departamento, ou ter semellantes entidades en calidade de afiliadas; a máis tardar a finais de Xuño de 1994 todos os vencellos desta natureza deben ser rescindidos. As medidas de reforzamento do papel do Partido inclúen, tal como sinalaba recentemente o *Renmin Ribao*, un programa específico a cinco anos vista, para restabelecer no rural as organizacións de base gobernamentais e partidárias e un maior control das comunicacións e da información (as parabólicas foron prohibidas en Outubro).

A construción do "socialismo con peculiaridades chinesas" impón que a necesidade dunha maior participación e control social dos poderes públicos descanse sobre unha denominada "cientificación" do proceso de decisións que moitos desexarían ver xenerosamente aplicada a outra grande asignatura pendente da reforma: a atención aos problemas medio-ambientais. A ecoloxía pode resultar a grande sacrificada para asegurar un vertixinoso pero catastrófico desenvolvemento.

A democratización non forma parte dos "problemas reais". Sen embargo, as autoridades chinesas non farían mal en reflexionar sobre a imposibilidade de monopolizar *per secula seculorum* o pluralismo de ideas e intereses dunha sociedade a cada máis diversa. Non sería estraño contemplar, por exemplo, un maior protagonismo e autonomía dos partidos integrados na Conferencia Política Consultiva ou pensar nunha hipotética renovación da lexitimidade fundada aínda na "longa marcha" dos anos cuarenta. A lenta pero progresiva abertura de camiños tamén no político podería evitar no inmediato futuro graves rupturas e tensións que fluirían así por canles naturais.

A modernización económica de China ten unha das súas principais trabas nos desequilibrios internos, na contraposición da acelerada prosperidade urbana e o paso de tartaruga do mundo rural. Nos últimos catorce anos o promedio anual de crecemento da agricultura foi do 5,2%, mentres que na industria medrou nun 10,7%. A perda de oportunidades da agricultura xera moitos problemas (abandono dos cultivos, emigración interior, etc.) nun país que aínda mantén máis dun 70% da poboación no campo e que contempla como única posibilidade de progreso a fuxida para un medio urbano colapsado. ♦

As tensións nacionais en aumento

O último dos problemas é a tensión nacionalista. Como vacina, para curarse en saúde, é comun observar nos medios de comunicación chineses amplas informacións sobre a guerra na antiga Iugoslavia, no Caso ruso ou na Transcaucasia. Sen embargo, por exemplo, aínda no pasado Outubro producíronse situacións de tensión en Sichuan e graves

distúrbios en Xining, capital de Qunhai, protagonizados polas minorías musulmanas. En Xinjiang, povoada tamén por musulmáns e rica en petróleo e uranio, producíronse protestas similares en Maio de 1989 e en Abril de 1990. Os efectos dos bruscos cambios políticos experimentados nos países da Asia ex soviética, a mútua intensificación do comercio e o

intercambio e a insuficiencia do marco institucional actual, explican en parte este fenómeno anteriormente circunscrito ao Tibet. O reducido peso demográfico das minorías étnicas e nacionais contrasta na China coa súa significativa presenza en preto do 60% do territorio. A maioría Han asenta nas zonas máis prósperas e desenvolvidas do litoral.

A reacción de Pequín a estes conflitos é de pánico. O *Império do Centro* adopta un discurso centralizador que a longo prazo só poderá funcionar incrementando a represión contra as minorías. As propostas federalizantes hoxe son pouco menos que "ovnis" tendenciosos e alleos á milenaria tradición cultural e política chinesa. ♦

MULLER E SOCIEDADE

Virgínia Ferreira

'A crise económica afecta máis aos homes que ás mulleres'

"Os postos de traballo que se están a perder son tipicamente masculinos. A muller non resulta tan afectada pola

crise, porque os seus empregos xa eran precários e iso non cambiou", sinala Virgínia Ferreira, profesora na Facultade

de Economía de Coimbra e autora de diversos traballos de socioloxía que vinculan á muller co mundo laboral.

■ MANUEL VEIGA

Vense dando unha tendencia a que a muller traballe fóra da casa. A crise está a frear este proceso?

Existe unha idea moi difundida, por influencia do marxismo, que di que a muller forma parte do exército laboral de reserva e que polo tanto tende a acceder ao traballo en períodos de crecemento e retornar á casa en épocas de crise. Ora ben, a última crise económica está a mostrar que a muller xa non ten ese papel. Os postos de traballo destruídos na década dos oitenta foron máis que nada industriais, tipicamente masculinos. Os novos postos de traballo están nos servizos e nalguns outros sectores que empregan a máis mulleres. Por iso, coído que a crise non trae máis desemprego para as mulleres, pero si, evidentemente, precarización, quer dicir empregos peor pagos, con menos dereitos etc.

Cal é a situación laboral da muller portuguesa?

A taxa de actividade e outros datos estatísticos indican que as diferencias entre a man de obra feminina e a masculina son menores en Portugal que noutros países da CE. Portugal seméllase, neste sentido, aos países do sul: Italia, Grecia e mesmo España. Esta situación é consecuencia dalguns dos aspectos máis tradicionais e máis pobres destas sociedades. O traballo na agricultura é un exemplo. A muller non é tan distinta, no traballo, do home porque as actividades económicas non son tan diferenciadas, a sociedade en xeral é máis uniforme. Está sería unha das "ventaxas" de Portugal. Por outra parte, en comunidades, como a nosa, onde os lazos familiares son máis fortes, existen mulleres que teñen acceso ao poder por seren *mulleres de ou fillas de*. En canto unha sociedade se rixe por patróns máis burocráticos, universais e abstractos, os vencellos familiares son menos importantes, caso da Alemaña, por exemplo.

A muller e a CE

Como afecta laboralmente ás mulleres o Tratado de Maastricht?

Maastricht retoma principios básicos do Tratado de Roma (1957) que serviu de constitución á CE. Daquela foi a primeira vez que se incluíu nun acordo internacional a idea de que era preciso evitar que os países fixesen concurrencia desleal entre eles, grazas á explotación da man de obra barata feminina. Isto estableceuse através do principio *a igual traballo, igual salario*. Maastricht recolle esta filosofía, pero deixa atrás, ao non incluír no texto, moita da lexislación que o goberno da Comunidade estableceu nos anos oitenta e que era moi interesante, porque non só regulaba a participación da muller no mercado laboral, senón que tendía a integrala na construción



ANXO IGLESIAS

dunha Europa social. A crise actual da Comisión (governo) europeo ven dada, nomeadamente, por cuestionar esa Europa social.

E que consecuencias ten a Unión Europea para as mulleres portuguesas?

Cando nos xuntamos mulleres de varios países da Comunidade estamos de acordo na boa influencia que tivo a lexislación europea, sobre as distintas lexislacións nacionais. Se en Portugal existe unha política de discriminación positiva através das axudas que dá o goberno ás institucións que pretendan

criar postos de traballo para as mulleres, se hai axudas na formación feminina, etc., é grazas á que a Comisión da CE así o determinou. Tense dado a paradoxa do Estado portugués promover axudas e os empresarios, posíbeis beneficiarios, prescindir dos fondos. Eu estiven en reunións onde se escoitaban cousas increíbles, como un patrón dicir: "Pero se eu non discrimino na miña empresa! Como é que agora o goberno me vai dar cartos para eu discriminar?". E isto decíao un empresario ligado a un sector fortemente masculino, que emprega practicamente só a homes, sen que exista nengunha razón obxectiva para iso. "Eu non contrato máis mulleres, porque elas non queren traballar na miña empresa, non se ofrecen", decíao el.

As novas tecnoloxías

Vostede ten analizado nos seus traballos as diferentes posturas da muller ante as novas tecnoloxías. Cales serían estas?

Existen moitas posicións distintas. Pero sobre todo hai dúas que se opoñen. Unha delas está relacionada cun feminismo liberal, defensor da igualdade entre os sexos. Esta tendencia considera que as mulleres non teñen problema ningún para se relacionar coas modernas tecnoloxías e o único que lles compre é a oportunidade para familiarizarse con elas. Outra postura, identificábel como feminismo radical ou eco-feminismo, considera que as tecnoloxías son un produto do mundo masculino e en xeral serven para facer a guerra. Ve-laí que os grandes avances prodúcense no terreo das armas. As mulleres, en canto seres máis ligados á natureza, tenderían a rexeitar esas tecnoloxías violentas. Eu non concordo totalmente con nengunha das dúas interpretacións. Hai contextos onde se utilizan as tecnoloxías, fora da guerra, e é certo como din as defensoras da *igualdade* que a muller non ten nengun tipo de traba natural para acceder ás tecnoloxías. Ora ben, a relación

coa tecnoloxía dependerá sobre todo da práctica e das relacións que se establezan entre as persoas no traballo. O feminismo radical tende a considerar a tecnoloxía como un símbolo racial, mais eu penso que hai técnicas que sempre usaron as mulleres, o que pasa e que non foron calificadas pola sociedade de tecnolóxicas, senón que foron identificadas como saberes intuitivos, froito da experiencia e que, polo tanto, recibiron menos valor.

'Desde que os ordenadores eliminaron o traballo pesado hai máis homes secretários'

A maiores deste debate, considera que a relación das mulleres coas novas tecnoloxías está a ser doada?

A última xeneración tecnolóxica pódese dicir que é máis amigabel. Resulta positiva porque elimina postos de traballo pouco cualificados que adoitaban a facer as mulleres. Isto provoca evidentemente desempregos, pero que deberían ser compensados co propio desenvolvemento inducido polas tecnoloxías. Eu fixen unha investigación sobre o traballo de oficina en Portugal para comprobar precisamente a capacidade de adaptación das mulleres ás novas tecnoloxías e a conclusión ten pouco a ver coas características técnicas inerentes á propia tecnoloxía. Ten máis que ver coa maneira de se relacionar das persoas co traballo. Por exemplo, non existen apenas cursos de formación. As empresas mercan os ordeadores e despois os traballadores deben aprender a manexalos. Nalguns casos a empresa instaladora ofrece unhas breves explicacións de funcionamento e nada máis. Isto obriga aos traballadores a aprender nas súas horas libres. As mulleres, en xeral, contan con menos tempo para facer isto: teñen que ir buscar aos fillos ou facer o xantar.

Muller e política

Como ve o acceso da muller a outras facetas sociais como a cultura ou a política?

Teño ás veces á sensación de que todo muda, pero que ao final estamos sempre na mesma. Elimínáronse prexuícios sobre a suposta incapacidade das mulleres para certas funcións. O último reduto parece ser o da actividade política. Os propios partidos estanse a decatar de que isto é así. As mulleres comezan a estar presentes nas listas, só que aparecen na parte de abaixo, de xeito que pode haber un 30% de candidatas femininas, pero das que saen eleitas non máis do 15%. Na civilización europea a esfera privada e a p...

'A lexislación da CE é máis favorábel á muller que a dos estados'

blica
ller cu
ma. I
dous
dos,
en po
vernc
hai m
morr
Aquin
to en
di na
ron m
vernc
liar, e
polític
Lourd
Edith
ron pe
que r
versa
avanc
ra á l
Canar
nos p
perién
en No
dos t
muller
cos é
dade
ballo
ta. Cé
exclu
cretár
ha div
da qu
onde
ferme
influc
por c
que tr
a tem
en Es
chega
establ
te, mo
trabal
na. Pa
de Eu
de de
de m
públic
unha
criar
sobre

'N
ha
na
so
de
im

Cre q
segu
seña

Si, po
que e
ban e
rios o
cretár
en qu
guas,
saran
aptitu
que c
está e
desta
sadas
Os es
sua p
Claro
nos a
tas, o
que e
a miñ
cámbi
tes. A
coller
ña un
mente
terístic

MEIOS DE COMUNICACIÓN

Coa cabeceira de *O Correo Galego*
O primeiro diário en galego sai á rua o 6 de Xaneiro

O seis de Xaneiro sai á rua *O Correo Galego*, o primeiro diário escrito integramente no idioma galego, propiedade de Editorial Compostela S.A., empresa editora do periódico santiagués *El Correo Gallego*. Os propietarios afirman que, péis á similitude de ambas cabeceiras, o novo medio "será plenamente diferente, tanto nos seus contidos informativos como na distribución das súas seccións". O staff directivo será o mesmo que o de *El Correo Gallego*, aínda que o responsábel desta edición será

o xornalista Caetano Díaz, profesional de dilatada traxectoria en *El Ideal Gallego*, *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*.

No seu manifesto fundacional, *O Correo Galego* expresa a súa vocación de promover a concórdia entre todos os galegos e entre Galiza e as demais comunidades, impulsando unha información veraz e altamente profesionalizada que sirva ao proceso de consolidación da Unión Europea a todos os niveis. Aspira a ser "o espello da Galiza real, da

Galiza capaz de asentarse como un país moderno na Europa forte do século XXI".

O primeiro diário en galego contará cunha redacción propia, creando 25 novos postos de traballo, e terá o apoio da redacción de *El Correo Gallego*, funcionando a xeito de edición do xornal compostelán nacido hai 115 anos, pero integramente en galego.

A Editorial Compostela S.A. mantivera en segredo este pro-

xecto por temor a que outros se lles pudesen adiantar, segundo fontes da empresa. O director de *El Correo Gallego*, Xosé Manuel Rey Nóvoa, preguntado hai tres semanas por esta redacción pola posibilidade de sacar un diário en galego mostrábase céptico, afirmando que tampouco tiña nada claro que "La Voz se vaia a meter nesa empresa, porque un diário galego non pode sair sen lectores". *La Voz de Galicia*, que tiña en estudo sacar á rua un diário en galego, de momento non alterou os seus planos. ♦

blica están moi afastadas e á muller cústalle moito entrar nesta última. En sociedades onde estes dous terreos aparecen mesturados, encontramos máis mulleres en postos políticos, xefas de goberno ou do Estado. Na periferia hai moitos exemplos: Violeta Chamorro en Nicaragua, Corazón Aquino en Filipinas, Benazir Bhutto en Pakistán, antes Indira Gandhi na India. En todos os casos foron mulleres que entraron no goberno froito dunha relación familiar, eran viúvas ou fillas de líderes políticos. En Portugal tivemos a Lourdes Pinta Silgo e na Franza a Edith Cresson, pero ambas ocuparon postos de designación directa, que non requirían o sufraxio universal. De todos modos danse avances: tivemos á Thatcher, agora á lider dos conservadores no Canadá, outro tanto na Turquía e nos países nórdicos hai moitas experiencias. Vimos recentemente en Noruega que as tres dirixentes dos tres grandes partidos eran mulleres. O caso dos países nórdicos é interesante: hai máis igualdade no campo social, pero no traballo a situación non é tan optimista. Certas profesións son exercidas exclusivamente por mulleres: secretarías, enfermeiras, etc. Hai unha división profesional máis marcada que por exemplo en Portugal, onde empeza a haber moitos enfermeiros e secretaríos. Isto ven influido polo feito de que o 70% por cento das mulleres casadas que traballan en Dinamarca fanno a tempo parcial. En Portugal ou en España esta proporción non chega ao 10%. A relación que se establece co traballo é, obviamente, moi distinta de traballar vinte a traballar coarenta horas á semana. Por outra parte, na Comunidade Europea estúdase a posibilidade de impoñer unha cuota do 40% de mulleres en todos os cargos públicos. Non é que considere isto unha solución, pero si que pode crear oportunidades importantes e, sobretudo, establece un debate.

“No Terceiro mundo hai máis mulleres na política porque son viúvas ou fillas de políticos importantes”

Cre que o prestixio da profesión segue determinando que esta seña masculina ou feminina?

Si, por suposto. Antes falaba de que en Portugal os homes estaban empezando a seren secretaríos ou enfermeiros. O labor de secretario masculinizase na medida en que se lle dá máis valor ás linguas, máis que as mulleres amosaran tradicionalmente unha gran aptitude para os idiomas. Aínda que coído que a principal razón está en que se teñen eliminado desta profesión as tarefas máis pesadas grácias aos ordenadores. Os estudos de enfermeira, pola súa parte, van ser dun ano máis. Claro que todo isto podería levarnos a ser excesivamente pesimistas, o cal non é correcto, posto que se comparo as posibilidades que eu teño na vida, coas que tivo a miña nai ou a miña aboa os cambios para mellor son evidentes. Antes a muller non podía escoller a súa traxectoria persoal, tiña un destino marcado, simplemente por ter nacido cunha característica biolóxica distinta. ♦

A NOSA TERRA

oferécelle aos lectores os mellores viños galegos
cun 20% de desconto

TERRAS GAUDA

Viño elaborado con mostos xema das variedades Albariño, Loureiro e Caiño branco.

Fase visual: amarelo palla con tons verdosos, limpo e brillante.

Fase olfativa: arrecendos de notábel intensidade, con moita persistencia, combinándose os matices afrutados da uva Albariña cos tons florais do Loureiro, obténdose un arrecendo complexo e moi xenuino

Fase gustativa: equilibrado, con corpo, moi sabroso e con grande persistencia. Destacan os aromas de boca semellantes aos percebidos por vía directa.

Se ben a adega ten por norma non presentarse a concursos, o viño *Terras Gauda* está considerado pola crítica especializada coma un dos mellores brancos da CE como así o atestigua ter quedado en **primeiro lugar diante dos outros brancos europeos na "VIII edizione del Gioco del Piacere"** de Italia.



ABADIA DE SAN CAMPIO

Elaborado a partir da variedade Albariño.

Fase visual: limpo e brillante, amarelo palla de boa intensidade.

Fase olfativa: arrecendos primarios, intensos con tons afrutados. Moi francos.

Fase gustativa: equilibrado, cunha acidez que destaca, dándolle frescura ao viño. O final de boca é suave e moi agradable.

Este viño ten sido galardonado con:

- XV Trofeo Internacional de Alimentación e Bebida (Barcelona 1992).
- Baco de Ouro á mellor marca nova (Madrid 1992).
- Baco de Prata en viños brancos (Madrid 1992).
- Unión Española de Catadores. VI Concurso de Viños Xóvenes.
- Seleccionado por Iberia, Lineas Aéreas en concurso para a súa Carta de Viños (Madrid 1992).
- Viño nominado 3ª cata. Premios Zarcillo 93.
- Junta Castilla y Leon.
- Medalla de Oro Vinexpo 93. Burdeos-Francia.
- Medalla de Prata 39. Foro internacional Vitivinícola, Ljubljana (Eslovenia).

PREZOS

Terras Gauda 92

Caixa de 12 botellas: 11.500 pta.

Caixa de 6 botellas: 5.750 pta.

Abadia de San Campio 92

Esgotado

Desconto do 20% xa aplicado. Nestes prezos está incluído o IVA e o transporte dentro da Galiza. Os pedimentos de fora teñen un incremento de 500 pta./caixa.

A produción da adega este ano é de 150.000 l. (200.000 botellas), sendo as previsións, nun prazo de 3 a 4 anos, de 700.000 l. cando estexan a pleno rendimento a totalidade das 60 Ha. de plantación. As instalacións, moi modernas, contan cos últimos avances tecnolóxicos.

A elaboración realízase en pureza varietal por maduración escalonada, determinándose logo por cata cada ano o *coupage* máis idóneo para cada tipo de viño. A vendima faise en caixas de plástico de pouco volume, séndolle retirada a madeira aos ácios totalmente, xa que se realiza "maceración prefermentativa por frío". Na fermentación alcoólica, controlada a baixa temperatura, empréganse levaduras autóctonas mediante "pé de cuba" de mostos das mesmas vendimas. Actualmente estase exportando a Italia, Grande Bretaña e Portugal, prevéndose facelo a máis países.

TARXETA DE PEDIMENTO

Enviar a ADEGAS DAS EIRAS S.A. unha vez coberto en maiúsculas.
Estrada Tui-A Guarda. 36760 O Rosal-Pontevedra

Terras Gauda

Caixa de 12 botellas
Caixa de 6 botellas

NOME APELIDOS

ENDEREZO

TELÉFONO POVOACIÓN

Forma de pagamento:

Talón bancario adxunto Ao recibo do pedimento Pago domiciliado⁽¹⁾

(1) Para pagamento domiciliado en banco ou caixa cubrir os seguintes datos:

BANCO/CAIXA Nº CONTA/LIBRETA

TITULAR DA CONTA OU LIBRETA

Nº SUCURSAL POVOACIÓN

PROVINCIA DATA

Sinatura



Vivimos no mellor dos mundos posibles (Felipe González)

Tele 5 ofrece o nome do **empresario do ano**, escollido por elección popular. Resulta ser, (ta-tachán): **Mário Conde**. Por discreción informan en subtítulos de que o programa foi gravado en Novembro, antes de que o Banco de España puxera de manifesto que Conde é o maior caloteiro do último lustro.

Mário Conde apareceu retratado, polos meios de comunicación dos que Banesto era accionista sobranceiro, como "xerente eficazísimo", "banqueiro anovador", "rebelde moderno". Nen unha liña quedou para a crítica, nen un buratiño para o matiz, nen unha fotografía na que non exhibise a súa perfecta cabeleira engomada e a súa expresión de **Deus grego**. Pero o estraño é que non só as televisións, os xornais e as revistas, das que el era co-proprietario se prestaron ao xogo. Non. Foron outros moitos os que, sen aparente interese directo, contribuíron na construción do mito. Será que os ricos entran, por selo, a formar parte do consenso institucional, das razóns de Estado.

O **nixeriano Wilfred**, porteiro do Raio, realizou unha parada maxistral ante un testarazo de Beбето. O comentarista da TVG sinalou "salto **felino** e nunca mellor

Desacordo co reintegracionismo

Escrebo esta carta para facer referencia a un feito que parece estar moi de moda ultimamente e co que non estou en absoluto de acordo. Estoume a referir ao feito de escribir nun galego moi distinto do que todos coñecemos (algúns din que é galego reintegracionista, ou algo polo estilo). Como se pode concebir isto! Suponse que unha lingua é a forma de falar ou escribir dunha comunidade; pois ben parece ser que para estes señores reintegracionistas a lingua dun país é a forma de escribir do país veciño. Onde se pretende chegar con esta postura? Moitos explican este feito pola necesidade que ten o galego de recuperar a súa orixe común co portugués e de distinguirse o máis posibel do castelán. Non vou entrar a discutir os vencellos existentes entre o galego e mais o portugués, pero o que cómpre ter en conta é un feito tan importante como que ámbas as dúas linguas son distintas, coas súas particularidades que en ningún caso se poden nen deben traspasar dunha á outra. (...)

Parece ser que para estes señores a lingua dun país é a forma de escribir do país veciño.

XULIO GONZALEZ (MASIDE)

Antologia de grafias obscenas

Para facilitar a lectura desta carta, por tratar-se ela dum texto de carácter divulgativo, transcrevemos como nh e lh respectivamente as letras castelhanas 'ñ' e 'll' que podam figurar em quaisquer dos actuais mecanismos galegos.

Trata-se de ediçons seropositivas que introduzem virus letais.

A razom e muito simples: as grafias citadas em último lugar som espanholas, portanto, nada têm de fazer nos escritos galegos. Ainda assim, sabemos da obscuridade de alguns editores, comentaristas e glossistas a quem nom chega utilizar estas grafias nos seus escritos, mas violentar impunemente — e com apoio oficial — os textos dos autores que os precederom.

A razom da facilidade está na burrice dos leitores. Os galegos somos especialmente tontos: nom conhecemos outras linguas

ULTRA EXTREMA RUSA

XOSÉ CID CABIDO

Os servicios informativos españoles preséntannos o fenómeno Zhirinovski de tal maneira que xa parece que a Terceira Guerra Mundial vai empezar esta noite. Pero hai algo que non encaixa. Os informativos europeos chámanlles ós comunistas rusos *conservadores*. E a Ieltsin, *progresista*. Iso para romper coa vella terminoloxía, para reorientarnos. Ah, pero Zhirinovski triunfa nas eleccións, entón descubrimos que é da ultradereita. Ou sexa, está máis alá da dereita, dos *conservadores*, que son os comunistas. Polo tanto Zhirinovski, veñen dicir os informativos norteamericanos, é un maldito comunista de extrema esquerda disfrazado de nacionalista gran-ruso para enganar ás masas esfameadas pola brillante política económica do dictador demócrata Boris Ieltsin. ¿Non é confuso?

A Social-lixocracia europea está consentindo o rexurdimento do nazismo en Italia, Francia, Alemania, España. Cando un diplomático di que Zhirinovski ameazou con destruír Alemania, o goberno de Bonn aconséllase a si mesmo extremar a vixilancia das actividades da ultradereita internacional no seu país. Pero non se propón reprimir esas actividades ata facelas desaparecer. Só vixiar. En España, tras unha oleada de atentados neonazis, a resposta Social-lixocracia de Felipe González é consentir entrevistas con fotos a toda cor, nas que *unos majos chavales algo obcecadillos* falan abertamente de matar homosexuais, negros, vascos e por suposto comunistas. Pero non son bandas armadas da ultradereita, que va, son tribus urbanas.

A Social-lixocracia adora o neonazismo. Ou Zhirinovski non é un neonazi auténtico, ou a Social-lixocracia europea despreza a Zhirinovski por ruso. ¡Pero iso é racismo!♦

—románicas ou nom— nom temos lido poesía medieval antes de chegar eles —os normativizadores— nem sequer viaxamos, e quando o fazemos, é para ir ao médico a Madrid ou para visitar a familia a Suíça.

Trata-se de ediçons seropositivas que introduzem virus letais.

Porém, menos sorprendem as traducións galáctias a Miguel Torga, na liña das traducións do andaluz ao castelhano, do valenciano ao catalão ou do inglés americano ao inglés europeo. Os caça-talents do Instituto Cervantes seguirán tendo traballo fora da meseta.♦

XAVIER VASQUEZ DE ANDRÉ (COMPOSTELA)

Incoerência linguística

É muito interessante o projecto actual de A Nossa Terra se não estiver eivado já desde o começo em dous dos seus pilares que acho são básicos: um, a incoerência linguística, já que a

denominada "normativa de mínimos" e, segundo dizem, uma normativa temporal, de transição, face a reintegração plena da Lusofonia: pois bem, quanto tempo levamos aturando o antiestético Ñ nestas folhas da nossa terra? Quiçá ocorra o mesmo que com Marx e a sua temporal "Ditadura do Proletariado" que deviu em eterna ditadura unipessoal...; e dous, a excessiva dependência do jornal duma determinada liña política do actual nacionalismo galego com a conseguinte censura, ou, se preferirmos, com a conseguinte selección: A Nossa Terra deve ser um facho do nacionalismo galego no que tenham acolhida todas e cada uma das opções e tendências que existem no movimento nacional galego. Terá de ser plural ou não será. (...)

CARLOS GESTEIRA (VILA-GARCIA DE AROUSA)

FE DE ERROS

Montserrat Minobis, premio Ciemen 1993, non é traballadora de TV3 como se indicaba na páxina 20 do número anterior, senón de Radio Nacional de España e TVE en Cataluña.

Felicidades para A Nosa Terra

Con poucas palabras quero facer referencia a un acontecemento especial: a publicación do nº 600 do periódico A Nosa Terra.

En primeiro lugar quero dicir, que para min, ten un valor moi especial, é o primeiro "cento" que celebro como lector. Detrás queda moito suor, moito apoio de tanto accionista, e de, cada vez, máis lectores. Eu recollo agora o seu froito, lectura duas veces á semana. E fála-se de diário, e con cara séria. Válgame Deus!

E eu digo: que cada lector faga dous ou tres subscriptores, polo menos.

O que si é unha realidade son as palabras de Francisco Carballo: "que cada accionista faga outro, que cada subscritor faga outro"; e eu digo: que cada lector faga dou, ou tres, polo menos. Se queremos ler un xornal escrito na nosa lingua, no noso idioma antes do 2000, temos que traballar.

A min fastidiame que A Nosa Terra aínda non sexa diário, que nos quiosques non haxa ningún adesivo anunciando a venda do periódico, que a publicidade sexa case sempre a mesma (e grácias), que non haxa unha páxina adicada ao deporte, nen á Universidade, etc. pero aínda así estou orgulloso de poder ler novas no meu idioma.♦

MANOEL BELLO (XANCEDA-MESIA)

Que fai Caixa Ourense polo galego?

Mais unha vez e noutro ano mais, Caixa Ourense edita un calendario para o ano 1994 e mais unha vez o noutro ano mais fai-no em espanhol; em espanhol os meses, o santoral e todos os textos explicativos das fotografías. Sobra dizer que os dias nom vam na forma galega original (segunda-feira, terça-feira...), como reconhecce a própria Junta da Galiza, nem tam sequer em castrapo.

Nem sequer respeita —já nom dizemos fomenta— a nosa cultura.

Este grande desprezo ao noso idioma, cultura e, por extensom, a todos os que sustentamos dia a dia esta caixa fai que comece-mos a pensar qual é, se é que



Centro cultural "Electo Carballo"
15174 O Portazgo
CULLEREDO (A Coruña)

Telf. (981) 66 62 28
Fax (981) 66 17 75



Radio Fene
Casa do Concello
15500 Fene (A Coruña)

Tlf. (981) 34 25 15 - 34 25 81
34 24 11 - 34 30 56
Telefax (981) 34 27 51



existe, a diferenza entre Caixa Ourense e outra caixa de afros doutra localidade, se é que nem sequer respeita —já nom dizemos fomenta— a nosa cultura. Houvo momento em que, com outra equipa directiva e, por suposto, com outro presidente, algo se fazia pola cultura deste país. Mas, hoje em dia, caiu no mais puro folclore, pois, onde está o seu promover mostras culturais, como os maios, ou fazer un importante labor editor? Há tanto que fazer pola língua e pola cultura..., o mau é que haja tam pouca vontade por parte de Caixa Ourense para normalizar cultural e lincuisticamente o noso país.

MENDINHO
GRUPO REINTEGRACIONISTA
AUTÓNOMO
(OURENSE)

A fala da ribeira trevellana (Extremadura)

É posíbel que non saibades que no noroeste de Extremadura, nos lindeiros con Portugal e Castela León, vários milleiros de persoas falan dunha maneira moi semellante ao galego actual.

Fago referencia a un val da fermosa Serra de Gata con tres concellos (lugaris): Valverde du Fresnu, As Ellas e Sa martin de Trevellu.

Esta língoa é empregada por case que o 100% dos seus habitantes, presentando pequenas diferéncias en cada concello —valverdeiru, lagarteiru, mañegu—

Sendo moi breve, direivos, que a fala probabelmente xurdiu a partir da repovoación por colonos galegos e tamén asturleonese nos tempos do rei de León Afonso IX, unha vez botados fóra os antigos povoadores mouros do século XIII.

Ainda que presenta despois de tantos séculos un innegábel e sorprendente núcleo idiomático galego, posúe a beleza lingüística de ter acollido no seu seo certos rasgos moi característicos do Astur-Leonés vello e do estremeño raiano.

Contareivos que hai pouco levei uns amigos/as de Compostela e A Limia ao val nunha viaxe pola Serra de Gata e emocionáronse case que sen dar creto aos ouvidos, comunicándose no seu galego con xente estremeña a uns 600 ou 700 quilómetros da súa terra. A min tamén me pasara.

Como dato constatábel, cabe destacar a conciencia da súa realidade e orgullo que manteñen os habitantes dos "tres lugares".

Igualmente o feito nada alentador da política de tradicional esquecemento do goberno estremeño que fai gala do seu intocábel centralismo lingüístico, para non variar.

PAPANATISMO

NANINA SANTOS

Que ninguén é profeta na súa terra confirmase as máis das veces, e ven o caso pola castaña, que levo tempo querendo escribir disto sen atopar acaidos texto e contexto.

Hoxe sí, vou falar da castaña que xa non podo máis, e non da lexendária María Castaña nen de Ramona Pazo, a vella que sobreviveu nunha mesta toxeira catro días comendo só castañas —que se non come nada, tamén sobrevive—, senón da raiba que se me pón de ver o papanatismo e a estupidez que padecemos.

Somos un povo no que a castaña, o castiñeiro ou castañeiro e aqueles bosques da tal árbore (soutos, soutullos, soutiños, soutelos), verdadeiramente ricos, espléndidos e fermosos, foron deixando paso a eucalitos, piñeiros, á caréncia de soutos, á patata, aos millos e outros froitos secos, tamén ricos, importados de cualquier país outro.

Mesmo a cor "castaña" —clara, escura— mudou para máis fina, cosmopolita e parisina que agora chaman "marrón".

Enarabíome ainda degostando ese froito riquísimo que na miña familia, palurdamente aínda, alcumamos castaña, nunha das variedades que, en troca de castaña confitada, chamanlle e chamámoslle "marrón glacé". ♦

Fago extensíbel ese trato a outras realidades lingüísticas do país estremeño como o oliventu de Olivenza (marcadamente portugués) e o próprio estremeño (castúo)... Imperdoábel.

Como proba palpábel, quero deixarvos un poema en a fala, de Xiuan Rodríguez Pastor. Como homenaxe vaia tamén en galego e estremeño.

ventu solán

Ei he deixáu, esta noiti, a ventán aberta
i o ventu s'ha leváu a miña poesía...

Ei he andáu toos os camiños da mañán
i o silencio, durmíu na nostalxia d'algun páxaru,
m'ha veláu os ollus...

Ei he perdíu...

... na plaia dunha isla, mui lonxi,
i na súa area húmida i ardenti,
ao atardecer...
con o pelu meciu por o ventu...
comu unha caricia...

unha mullel d'ollus verdís
se verá inundáa da melancolía...

(A fala)

vento soán

Eu deixei, esta noite, a ventá aberta
e o vento levou a miña poesía...

Eu anduven todos os camiños da mañá
e o silencio, durmido na nostalxia
dalgún paxaro,
velou meus ollus...

Eu perdín...

...Na praia dunha illa, moi lonxe,
e na súa area húmida e ardente,
ao atardecer...
co pelo meciu polo vento...
coma unha caricia...
unha mullel de ollus verdís
veráse inundada da melancolía...

(galego)

bientu solanu

Yo é ejáu, esta nochi, la bentana
abría
y el biento s'á jincáu la mi poesía...

Yo é diu agilandu to los caminus de

la mañana
y el silencio, dulmiu nel tiraeru d'algún páxaru,
m'á veláu lus ojus...

Yo é perdíu...

...ena praya d'una isla, mu largu,
y en metá la su arena úmida y ardenti,
al atardeciu...
con el pelu regilandu pol el bientu...
asina una caricia...
una mujel d'ojus verdís
á de belsi inundá de la maincolía...

(estremeño)

ANTONIO GARRIDO CORREAS
(JARANDILLA DE LA VERA-
EXTREMADURA)

Aperta, pola solidariedade con Latinoamérica

Aperta é unha asociación que adica o seu traballo á Educación Ambiental, estando ubicada no Concello de Oleiros.

Desde que nos establecemos levamos a cabo numerosas actividades centralizando o noso esforzo en proxectos de educación ambiental, animación sociocultural e a creación da Granxa Escola A casa da Terra.

Ampliando esta liña de traballo, iniciamos paralelamente a esta actividade un proxecto de Cooperación na América Latina. Este traballo solidario, tan necesario e urgente nestes tempos, é a nosa pequena aportación cara un mundo cunha boa relación entre os po os e entre éstos e a Natureza.

Os nosos maiores esforzos están orientados a países centroamericanos e como primeiro punto de contacto elegimos a rexión hondureña e máis concretamente a vertente atlántica de dita rexión, coñecida como Costa Mosquitia, onde habita entre outras, a tribu indíxena dos Misquitos.

Estando sensibilizados coa problemática de conservación na América Latina (deforestación, erosión, pesticidas, etc.) e despois de coñecer, através da nosa relación con ADENA, diferentes proxectos que desde o WWF/España estanse levado a cabo en Latinoamérica, decidimos dar este paso co fin de axudar a preservar a integridade ecolóxica desta área única no mundo, e elevar o nivel de vida dos povoadores que milenariamente o ocupan en harmonía coa terra e os seus recursos.

Como primeiro paso na súa realización, dous componentes de Aperta, Pili e Noélia, desprazáronse proximamente e durante un ano á zona en concreto para integrarse en ONG's locais, traballar activamente e poder facer un estudo a fondo da realidade que viven neste momento, e así analizar cada unha das necesidades para posteriormente realizar un


dito". Logo matizou que dicia iso coa mellor das intencións. A asociación de ideas do xornalista aparece clara: salto-felino-negro-áfrica-animal. Todo cadra. Por suposto que foi un despiste. Que non hai que darlle tanta importancia. Se non fose porque, como dixo Freud, é nos lapsus onde mellor se representa a ideoloxía verdadeira, a que doutro xeito a persoa non se atreve a mostrar.

Cento cuarenta e unha mil pesetas custa unha caixa de madeira con lapiceiros de cores, á venda no Corte Inglés. Para quen non acade o suficiente nivel económico, tamén as hai a cento vintenoventa mil. Un bon **agasallo**, unha virgallada. (Non existe edición en rústica para fillos de parados, nen para mozos con contrato de prácticas).

Vaia culebrón de Nadal que tiñan preparado con Alina e, nunha segunda fase, coa súa filla, a neta de Fidel. O goberno cubano mandounas de contado ás dúas para Miami e adiantoulle o fin do serial aos meios de comunicación que tiñan as reportaxes amañadas, coa dose axeitada de **bágoas** e sufrimento humano causados pola "tozuda ditadura comunista". E inda por riba, no meio de todo, estoupa un novo episodio da revolución mexicana. Pero os indíxenas de Chiapas non terán Alinas comovedoras, serán retratados como terroristas de guedellas suxas e axiña esquecidos.

O máis ilustrativo





do que se le e se escoita sobre Cuba é esa risa de hiena que transparentan certas informacións. Xa non teñen para sanidade (ha, ha), nen para educación (he, he) e van ter que reducir a seguridade social (hu, hu, hua). Hai que acabar cos maos exemplos, para que o de Felipe González continúe a ser o mellor dos mundos posíbeis. ♦

proxeito onde podamos cubrir un tema tan amplo como é a Cooperación para o Desenvolvemento.

Como organizacións privadas dámonos conta da grande loita que supón a localización de fondos económicos para poder realizar este ou calquer outro tipo de proxectos. Até agora as actividades desenvolvidas no ámbito da Educación Ambiental e Animación Sócio-cultural, xunto coa aportación dos nosos sócios, vñña cobrindo as necesidades económicas dos nosos proxectos.

Pola envergadura e importancia que supón este proxecto necesitamos de toda colaboración económica posíbel (sócios, institucións privadas, fundacións, etc.).

Con todo isto damos a coñecer o noso traballo e para quen se sinta sensibilizado coa problemática que envolve os países latinoamericanos, estamos

abertos a todo tipo de colaboración que poda axudarnos a levar a cabo o Proxeito de Cooperación Misquito. ♦

B.E.X. Oficina Principal.
Juana de Vega, 2, 4
Nº C.T.A. 305769-1
A Coruña

APERTA EDUCACION AMBIENTAL
E DESENVOLVEMENTO
RUA DO POMBAL 33 - 3º IZQ.
PERILLO-OLEIROS 15172
(A CORUÑA)

A mili a debate

O Colectivo de Obxectores de Conciencia de Mondariz (C.O.C.M.) organizou o pasado luns 3 de Xaneiro unha mesa redonda sobre o servizo militar, a obxección de conciencia e a insubmisión na que participaron X. Carlos Rodríguez, sacerdote; Luís Sotelino, militar; Santiago

González Aviñón, obxector; Gabriel Sánchez Ibarra, insubmisión e concelleiro do BNG en Redondela e Ánxel Carrera Iglésias, licenciado en dereito.

Entre o numeroso público asistente, con abondosa presenza xuvenil, atopában-se destacados membros dos diferentes partidos políticos actuantes no concello de Mondariz, o que converteu o acto nun apaixonado debate.

Nel xurdiron reflexións sobre o papel e a pretendida necesidade da existencia dos exércitos, sobre a lexitimidade das posturas antimilitaristas, mesmo máis alá das posturas emanadas da conciencia, como posi-

cionamiento político fronte a un sistema que se basea na forza. Tamén se reflexionou sobre a necesidade da resolución dos conflitos humanos por vías de diálogo e negociación pacífica e da posibilidade dunha defensa popular non violenta como alternativa sistema defensivo. Algun dos presentes expuxo a tese de que o exército español existe para defender a democracia pero que ten que funcionar antidemocráticamente por razóns de operatividade. Moitas outras ideas e reflexións poideron escoitarse ao longo das tres horas de intenso debate que, grácias ao Colectivo de Obxectores de Conciencia de Mondariz, deu a oportunidade ao povo de Mondariz de coñecer e opinar sobre este tema de tanto interese social nestes días. ♦

ISABEL GONZALEZ AVION
(MONDARIZ)

No manual "Historia de Galicia" (número dobre 1-2) queremos subliñar os núcleos que nos parecen máis significativos no pasado do pobo galego. Contou co entusiasmo de todos nós porque nel tratamos de rescatar a "memoria histórica" da nosa nación; imprescindible tanto para calquer proxecto colectivo como para unha convivencia en liberdade. E quixemos comunicar este entusiasmo aos lectores por que só así poderemos libramos das manipulacións que ocultaron a verdadeira situación

Historia de Galicia

de Galicia e os acontecementos máis significativos do noso fluir histórico. Precisamos liberarnos dunha historia imposta e coñecer a propia.

Os 19 volumes seguintes aténdense a unha maior aportación de datos sobre períodos e temas concretos. Cun número de autores numeroso e plural, agardamos que o produto final combine unidade e pluralidade de interpretación.



HISTORIA DE GALICIA
(volumes 1-2)
4ª edición

- 1-2— Historia de Galicia, Varios autores.
- 3— A cultura castrexa, Francisco Calo.
- 4— A romanización de Galicia, Felipe Arias.
- 6— Os irmandiños, Anselmo López Carreira
- 17— Movemento obreiro na Galiza de anteguerra, D. Pereira (coord.)



EN PREPARACIÓN:

- 5.- O Reino de Galicia, de X. Armas Castro. 7.- A Igrexa galega, de Francisco Carballo.
- 8.- A burguesía galega, de X. R. Barreiro. 9.- A desamortización, de Ramón Villares.
- 10.- Historia económica contemporánea, de Xoán Carmona. 12.- Língua e Historia, de Santiago Esteban.
- 13.- Prensa e outros medios de comunicación, de G. Luca de Tena. 14.- Cultura escrita e Ensino, de Antón Costa Rico.
- 15.- A Emigración, de Alexandre Vázquez. 16.- O Agrarismo, de Henrique Hervés. 18.- O nacionalismo, de Xusto Beramendi.
- 19.- Guerra civil e Resistencia antifranquista, de Bernardo Máiz.
- 20.- Transición e autonomía, de X. R. Quintana / A. Romasanta / M. Valcarcel.

DESENVOLVIDOS

XOAN PIÑEIRO

As veces o desenvolvemento non é o que parece, non se mide co PIB, nin cos indicadores de calidade de vida. Entre nos, por exemplo, a ninguén lle faltou o seu migallo de turrón polo Nadal, a poboación non pode dicirse que sexa analfabeta e a cobertura do desemprego aínda ten o seu aquel á hora de templa-las gaitas da rebelión social. E, sen embargo, non pasamos da testemuña dunha folga xeral a fins do xaneiro.

Polo contrario, nun maior grao de desenvolvemento estaban os habitantes de Santiago del Estero, na Arxentina. E un día enchéronse de noxo e, se non fora que a prensa internacional sacounos con pasamontañas e arramblando cos televisores das tendas, terían dado unha boa lección a moitos dos que, por aquí, podemos afirmar que non lle faltan ganas do mesmo.

Pero no grao máis alto desta evolución están os desherdados do estado de Chiapas, en México. Xa ben coñecen as novas. Invocando ó asasinado Emiliano Zapata, aquel ó que lle prestou a cara Marlon Brando, xurdiron dos terróns da miseria para erguer un auténtico exército en contra dese poder que, dende sempre, só foi outro tipo de desorde: o establecido.

Hai quen dí que a historia é máis ben ó revés. Que precisamente son os desesperados de Chiapas os máis primitivos, os menos desenvolvidos. Pero —misterios do acontecer histórico—, ¿non se lles figura que son uns auténticos pioneiros, os máis desenvolvidos daquí a Lima? ♦

Esta sección está aberta ás informacións, opinións ou críticas enviadas polos lectores sobre calquer tema, incluídas fotos ou deseños. As colaboracións poderán ser editadas. Prégase que a súa extensión non exceda das 60 liñas

Envíos a:

A NOSA TERRA
A ALDEA GLOBAL Apart. 1.371 36200 Vigo
ou através
do Fax: (986) 22 31 01.

É responsable de programación da canle de tv autonómica Eduardo Galán

‘A TVG emite un 25% de películas europeas’

■ GONZALO VILAS

Desde hai uns tres anos o polifacético Eduardo Galán, comentarista cinematográfico e tamén debuxante de comic, é o responsable da programación de películas na TVG. O seu labor móvese nun esforzado equilibrio entre a atención obrigada aos omnipotentes índices de audiencia e a fidelidade a unha coherencia de programación que eluda o combate dos audímetros. Un combate onde o real perdedor semella ser case sempre o propio cinema.

Como é o proceso para a adquisición dun filme pola televisión?

Distinguiría dúas etapas: a anterior á aparición das privadas e despois. Ao establecerse un parque cinematográfico con máis televisións, as multinacionais decidiron repartir os paquetes. As películas hainas que adquirir en paquetes o que obriga sempre a facerse con algúns títulos nada deseñados pola falla de calidade. Aínda así hai que emitilos, pois resulta moi difícil a efectos administrativos xustificar a non utilización dun produto polo que se pagou.

A maioría destes paquetes (sobre un 80%) proveñen de dúas “majors”, a Columbia e a Metro, que reparten a oferta entre a FORTA (federación das cadeas autonómicas) e unha cadea privada. Tamén existe a posibilidade, en ocasións, de adquirir pequenos lotes de produtoras independentes.

Canto custa un filme?

O custo das películas pode esar entre as dúascentas mil das máis baratas até o millón, coa posibilidade habitual de dous países en ocasións. Ao vir dispostas neses paquetes resulta difícil calcular exactamente un prezo que se ve acrescentado co da dobraxe, que nalgúna ocasión supera ao propio filme. O subtítulado ven custando por termo medio a metade que unha dobraxe.

E o paso seguinte ao da compra?

Unha vez adquiridos as películas, entran en xogo os criterios de programación. Hai que adecuar o filme á franxa horaria. Nós tentamos establecer un tipo de cine fixo para días e horas determina-

dos, de xeito que o espectador poda saber, coa meirande fiabilidade posíbel no medio, qué tipo de película pode ver en cada momento. Que saiba, por exemplo, que un luns pola noite soe haber un film de acción, un martes un de calidade, etc.. O que máis nos interesa, é que a oferta nas tardes do fin de semana sexa dun cine de aventuras, de grandes títulos asequíbeis a todo o público. Eses filmes que nos criaron a todos o cariño polo cine.

Esa política, mesmo nese caso das “sesións de tarde” equivalentes á “Entrada libre” da tv actual, non semella ser seguida polas outras cadeas, nen polas públicas estatais...

Xa se ten dito que o cine non é xa unha arma principal da loita pola audiencia. A primeira cadea pasou a ter tres ou catro filmes en horario “prime time” como se di agora, a ter só unha. As privadas si manteñen dúas nesa franxa, pero películas de acción pura e dura.

Producíronse mutacións curiosas nos gustos dos espectadores. Así, parece confirmado que a “lentitude” das comedias clásicas está rifada coa audiencia. Se o protagonista non colle o coche rapidamente, ou non hai moito movemento, o espectador non aguanta, segundo se desprende dos estudos de audiencia, por moi bon que sexa o filme ou moi divertido.

Os galegos gustan do western

E apesar deses cambios nos gustos, a oferta cinematográfica das teles, ao igual que pasa con outros espazos, non estará ás veces por debaixo do que lle gustaría a unha boa parte do público?

Pode que sí. Ultimamente semella que se están recuperando certas preferencias “clásicas”. Por exemplo, hai dous anos emitir un Western era arriscarse a ter un 10% de audiencia si o normal era un 30%, falando da TVG. Agora semella ser bastante máis aceptado. Isto demostraría unha certa fartura de tantos títulos banais, que provocaron un ca-



A. IGLESIAS

Ainda hai tabus de programación, como o de emitir filmes en branco e negro só a horas moi determinadas.

os de gustos. Ao galego creo que lle gusta especialmente o Western. Será, falando medio en broma, como dicía Cunqueiro por unha reminiscencia da relación do galego coas vacas. En todo caso, este tipo de filmes clásicos, que gustan á xente maior, pode producir, programadas en horas axeitadas un efecto de cine visto en familia, o fenómeno que eu chamo do “neno acompañado”. Se cadra un neno non tende a ver este tipo de filmes pero sí o fai, e se mete nel, acompañado por un abó ou alguén maior da familia.

Así pois hai unha certa recupera-

ción do cinema clásico na televisión. Aínda hai “tabús” de programación, coma o de emitir filmes en branco e negro, só a horas moi determinadas.

Hai que guiarse polas audiencias ou tentar guialas?

É un problema de moi difícil solu-

ción, ou de moi difícil equilibrio. Hai que manter a cabeza fría. A xente pide un cinema que non sexa “parado”, pero nós tampouco entraremos nunca no xogo do cinema de acción e porrazo. Ademais estou convencido de que os audímetros (que se instalan e interpretan desde Madrid) non son moi fiábeis en Galiza, porque sobretudo están concebidos para comunidades moi urbanizadas, que non é o caso galego. Polo tanto non hai que deixarse guiar demasiado por isto, aínda que despois tes que os publicistas sí o fan bastante, e hai que tentar concugar todos estes factores.

Dentro da TVG tiveron algunha imposición ou presión en determinado sentido?

Nunca houbo nengunha imposición á hora de programar. Sí existen directrices, como poden ser programar os xoves, por exemplo, un tipo de cine comercial, que non conteña violencia, e outras consignas dese estilo dentro das que te podas mover contando coa práctica das contraprogramacións.

A situación da dobraxe

Falando de v.o., cómo está a cuestión das subtítulos e das dobraxes, pasados uns anos desde o seu comezo en galego?

Son cuestións sempre espiñentas. A ninguén se lle oculta que as dobraxes son moito mellores que as de hai uns anos. Aínda así tamén hai que recoñecer que queda moito por andar. Tamén na subtitulación, que é un oficio moi difícil, moi máis do que poda parecer. Algunhas subtítulos tamén hai que dicir que se teñen feito mellor aquí, de por exemplo, a segunda cadea española. O das dobraxes, en todo caso é unha competencia exclusiva do departamento de Producción aliea no que nós non temos nengunha influencia.

Faltan novos títulos

Con toda a competencia de cadeas e a ampliación de horarios de emisión, por donde cre que pode camiñar a oferta cinematográfica televisiva en xeneral e o da TVG en particular?

O que acontece é que o “parque” e filmes medra moi pouco. As multinacionais non se molestan en buscar títulos novos nos seus arquivos. E así segue programándose sobre os aproximadamente 6.000 títulos de sempre. O 90% ou máis de películas emitidas pola televisión en xeneral en España son norteamericanas. Na TVG esta cifra está en torno ao 75%, porque emitimos bastantes filmes europeos subtítulos. Algúns deles curiosamente conseguidos de catálogos americanos. Agora, coa nova normativa europea, a cousa ten que mudar, coa oposición das cadeas privadas, como se sabe.

E o fenómeno repetidamente comentado por calquer espectador, de que “esta película xa a vin hai un mes” a qué resposta, ou cómo se pode evitar?

Cando se mercan os dereitos dun filme, sempre hai un par de países permitidos, cando menos. O que se procura facer é programar o segundo cando vaia a expirar o prazo, pero sempre hai que encaixalo na programación. E despois outra cadea igual decide programar a mesma no medio desde período, ou contraprogramala. ♦

A VOZ DE RITA HAYWORTH

O espazo “bandeira”, en canto a calidade, da programación cinematográfica da TVG é a “Butaca Especial” das madrugadas dos sábados. Por alí teñen pasado un bon número de clásicos do cinema mundial presentados en versión orixinal sutitulada. Galán destaca unha veintena de títulos que foron estrea en v.o. no conxunto das televisións do estado (O último tango... Apocalipse Now e outros igualmente prestixiosos e coñecidos), e outro número similar de fitas que nunca foran emitidas en v.o. nen nas teles nen nas pantallas españolas. Por esta sección pasarán próximamente títulos coma Atlántic City, Kiss me stupid ou Hustler (O buscavidas). Outros filmes que se ten

pensado emitir vindeiramente noutros espazos recollen títulos de recente éxito nas pantallas comerciais, coma O silencio dos cordeiros, A casa Rusia ou Thelma e Louise, así coma outros clásicos coma A ponte sobre o río Kwai ou Bloody Mama.

Segundo sinala Eduardo Galán, o subtítulado está relacionado coas grandes películas para os cinéfilos e os grandes clásicos, supoñendo tamén outra forma de normalización lingüística. Algunhas voces de actores/ices famosos foron escoitados por primeira vez no estado español a través desta sección, coma o caso de “Gilda” e Rita Hayworth, por exemplo. ♦

7 DIAS

Entrega dos premios Modesto R. Figueiredo

O pasado Martes 4 foron entregados, no Pazo de Raxoi, en Compostela, os premios correspondentes ao Certame Nacional Galego Modesto R. Figueiredo, que son outorgados pola Fundación Pedrón de Ouro.

Na actual edición os premios foran fallados o pasado 17 de Decembro. O premio principal recaeu na obra *Ahoulouu...*, cuxo autor é Xosé Luis Santos Cabanas. Os dous accésits foron para Manuel Iglesias Nimo, pola obra *Esquecer Bohemia* e para Xosé Manuel Carballo Ferreiro, grácias á obra *Vida e historia de Celestino Racamonde, o Bruxo de Labañou*.

A Mesa acusa á Xunta de deixadeza, esta nega

A Mesa para a Normalización Lingüística acusou á Dirección Xeral de Política Lingüística de ter realizado unha campaña de conmemoración dos dez anos de vida da Lei de Normalización Lingüística con fins

propagantísticos, demostrando deixadeza na súa obriga da promoción da nosa língua, xa que o devandito plano consistiu en limitarse a depositar nos concellos e documentación e o material para o mesmo pero sen "realizar unha campaña de sensibilización dirixida aos cidadáns, en xeral, e ao persoal das corporacións locais e da Administración de Xustiza en particular".

A Xunta recoñeceu ter remitido aos concellos o material da campaña, pero a deixadeza e asegurou que tamén incluíu unha carta na que solicitaba a colaboración das autoridades municipais.

As vodas de Fígaro en galego

A compañía Teatro do Noroeste está a preparar unha versión en galego da comedia do Barón de Beumarchais "As vodas de Fígaro", que será estreada o vindeiro 8 de Febreiro. Eduardo Alonso dirixirá a adaptación e Ernesto Chao será o principal protagonista. Completarán o reparto os actores Luma Gómez, Xavier Estévez, Inmaculada Soutullo, Xosé Vilarrelle, Paulo Baro e Belén Constela.

Teatro do Noroeste poderá

realizar unha completa campaña para os anos 1994 e 1995 grácias a un convenio de colaboración que asinou co Instituto Galego das Artes Cénicas e da Música.

Campaña a prol do uso do galego no comercio de Paradanta

A Asociación Cultural "Barca de Loimil", de Arbo, en representación da Mesa para a Normalización Lingüística,

visitará estes días o comercio da comarca do Paradanta para distribuir, gratuitamente, carteis coas lendas de "rebaixas" e "descontos".

A Mesa ofrece, ademais, unhas consideración prácticas para galeguizar os establecementos: atender en galego, rompendo coa idea de que non se fala ben ou que é un desprestixio facelo, indicar en galego a clase de establecemento, utilizar os rótulos de aberto ou pechado, difundir en galego a publicidade, escribir na nosa língua o nome das localidades e introducir o noso idioma nas facturas e albaráns. A propia Xunta da Galiza outorga axudas económicas para que os comercios e as empresas fagan uso da nosa língua.

Certame poético de axuda a Cuba

A asociación cultural Amigos da Cultura, de Pontevedra, dentro da campaña que ven desenvolvendo en apoio a Cuba, realizou recentemente un festival poético e musical que contou coa participación solidaria de Méndez Ferrín, Rafa Villar, Bernardino Graña, Neira Vilas, Anisia Miranda, Paco Souto, Uxio Tilves, Rafael Ruibal Jorge Cuña e os grupos Treixadura, Tangata, Pau de Grelo, Chouteira e Suso Vaamonde.

Amigos da Cultura recentemente tamén acolleu no seu local, a presentación da edición facsimilar do *Carmen patrium sive Pontevedra*, de Hermenexildo Amodeo Carballo e a súa versión ao galego, obra de Xosé Manuel Pintos, precursor do noso renacemento literario.



Festeja em Galego

Meendinho, grupo reintegracionista autónomo de Ourense, iniciou unha campaña de nadal "co fin de facer conscientes, unha vez máis, ás xentes da necesidade de usar o noso idioma e, como non, tamén nestas festas".

A campaña comezou coa colocación dunha faixa colgante co mesmo lema xenérico "festeja em galego", no parque de San Lázaro, en Ourense. Ademais, membros do grupo *Meendinho* están a repartir e colocar máis de dous mil postais autocolantes a cores con fotos sobre o tema. A campaña confluiu coa do calendario "Ecolingüismo '94", que este grupo editou coa colaboración doutros colectivos e asociacións ecoloxistas.

BELTAINNE



DISTRIBUCIÓNS MUSICAIS ALTERNATIVAS

MÁIS DE 5.000 DISCOS Á TUA DISPOSICIÓN

Músicas étnicas. Folk e música tradicional da Bretaña, Escócia, Irlanda, Astúrias, etc. Zydeco cajun. Blues. Country. Novas tendencias. Música galega tradicional e folk

FAI O TEU PEDIMENTO POR TELÉFONO OU A MEDIO DESTA TARKETA

Enviar á BELTAINNE Apartado 8282 VIGO 36200. Telf. (986) 47 26 94

Desexo recibir gratuitamente o catálogo BELTAINNE

NOME APELLIDOS

ENDERZO C.P.

TELÉFONO POVOACIÓN

Título Titulo Titulo

STORVAN, *Digor'n Abadenn* DAN AR BRAZ, *Songs* BATTLEFIELD BAND, *New Spring*

DOMINIG BOUCHAUD, *Harpe Celtique* ENRIQUE X. MACIAS BARZAZ, *Ec' honder*

Forma de Pagamento:

Ingreso en Caixa Postal O.P. Vigo Nº de Conta: 18.539.973
Enviar fotocopia do ingreso.

Ao recibto do pedimento (Contrareembolso).

Pago domiciliado. Para pagamento domiciliado en banco ou caixa cubrir os seguintes datos:

BANCO/CAIXA Nº CONTA/LIBRETA


TITULAR DA CONTA/LIBRETA

Nº SUCURSAL POVOACIÓN

PROVINCIA DATA

Atentamente (sinatura)

6 Xaneiro 94
AGASALLA MÚSICA



STORVAN
Digor'n Abadenn. CD
Un dos mellores grupos da música tradicional bretona. Frank Le Bloas, Hervé Guillo, Christian Foucheur, Frédéric Samzun.



DOMINIG BOUCHAUD
Harpe Celtique. CD
Ao virtuosismo deste gran arpista engádesse a sutileza e a máxia.




DAN AR BRAZ
Songs. CD
Evocación intimista dunha das mellores guitarras do folk europeo.



ENRIQUE X. MACIAS
É un compositor galego, considerado entre os máis importantes da música clásica contemporánea e experimental.



BATTLEFIELD BAND
New Spring. CD
Clásico do folk escocés. Alan Reid, Aunstair Russell, John Mc Cusker, Ian Mc Donald.



BARZAZ
Ec' honder. CD
Unha das propostas na actualidade, máis interesantes das músicas de raíces en Europa.

2.000 pta. unidade + 300 de gastos de envío
3.600 pta. dobre CD

Leituras

Palabra
cómplice

Liques da
memoria de
Rafa Vilhar

Ven de se editar o libro *Liques da memoria* da autoria de Rafa Vilhar que acadara o Primeiro premio de poesía Fermin Bouza Brey convocado polos concellos de Pontearreas, Vilagarcía e Cortegada. O libro é un auténtico desastre no que respecta ao aparato gráfico: comezando pola portada na que aparece a cabeceira Primeiro premio de poesía Fermin Bouza Brey mas por ningures atopamos referencia algunha ao autor ou à obra, e un deseño estilo Macintosh no que vemos un tinteiro e un pergameu, mais propio do folleto das bases do concurso que da portada do libro gañador, para continuar polo papel fólio e a portada en cartolina que non é para nada propia dun libro editado por tres concellos e patrocinado por Caixagalicia e a RTVG, —verdadeiramente incrível— para colmo de males nen se quer ten pé de prensa e, claro, nen depósito legal, nen I.S. B.N. é dizer: **non existe!** Mas non remata aquí a maldadada andaina do caderno que por moito que buscamos non atopamos en ningunha livraria —claro que tratándose dun libro inexistente é até certo punto normal que non se atope distribuído polas livrarias do país senón arrumbado en quen sabe que escura e húmida sala dos baixos dun castelo propio de Italo Calvino— e por se non abundara soubemos que nen o propio autor tivo notificación da edición do seu propio libro até pasado un mes. Correxir probas de imprenta? para que?... total é poesía. Que mais dá!

Lique da memoria é a primeira entrega poética de Rafa Vilhar na que se apuntan o ton as *temáticas* e mesmo o *estilo* propios do autor e que os habituais de revistas como *Ólhos* ou as carpetas de *Edicións do Dragón* e os que o escoitaron en calquer dos abondosos recitais nos que ten participado, xa lle coñecemos. Unha palabra fluída, de acento coloquial, sen apenas artificio, salferida de xogos metafóricos —as mellores armas do libro son as imaxes procedentes da água— e algunha que outra imaxe visionária, unha palabra cómplice intenso acento colectivo que presenta ao poeta como iniciado "*Das palabras/ axiña procurei seus misterios/ para ser dono do silencio/ e nas noites/ reter os significados máis ocultos/ na luz dos versos/ dos vellos poetas*", e a poesía, xa que logo, como unha forma de coñecemento. Sempre escribendo en

primeira persoa o poeta faz parte do povo e das suas misérias "*Tampouco non serei eu/ (nin os meus)/ quen defendal/ o reparto/ de tan pequenos quiñóns/ no medio das nosas fames*".

Mas como é de rigor por moi "comprometido" que sexa un poemario non pode faltar o elemento amoroso —quen dixo que o amoroso non era comprometido?— "*Segundo souben/ nunca serei cazador de cervos feridos/ nos ocasos/ nos ríos dos ocasos/ Quizais chegue a ser/ fita vermella/ na punta dunha lanza xusticeira*", porén as mellores composicións amorosas, para o noso gusto, son as que recollen a alegoría acuática do desexo, entre as que destacamos: "*Ofrecín a poalla dos meus beixos/ aos teus labios, á túa boca/ e a túa decisión/ foi un vendaval de auga e saliva/ no cal me afundín/ espido e zozobante*".

A fortaleza e presenza solidária, enmagrece por momentos e o poeta é presa das dúbidas "*Quizais mentín/ cando agardaba sentir no meu peito/ unha nube de coraxe/ cando esperaba chubias e treboadas/ nas miñas mans/ cando soñaba un temporal/ de pedras solidarias/ sobre a terra/ quizais mentín*" e mesmo chega a certeza da traizón "*Fun veneno/ lento e agre/ e bebín nas marxes/ dun océano de augas traizoadas/ polo esforzo inútil/ de enxergar a albal desde as noites de vixilia. Teño aínda sede/ mais de calor e futuro*", mas a final o poeta recobra a certeza de seu "*Que quedou en nós/ de todo isto?/ En min, a fel e unha implacábel nostalxia/ do futuro/ como se alcanzásemos o ceol —coa boca ou as palabras— desde a terra/ aínda quente/ arde/ para o alén/ como as cinzas da terra/ chamizos aínda quentes/ testemuño do que fun/ do que somos/ e seremos/ sempre*", confirmado aínda no derradeiro poema da entrega "*Recobro o nomear xusto das cousas/ a luz ferinte das ideas/ rebordando-*

me/ Unha infinita nostalxia do inverno/ na gorxa/ lume aceso de derrota/ debín trasfegar con outras historias/ as que aprendín coas mans na terra/ inzadas de rabia/ de suor/ e vento solidario".

Como vemos, unha atitude que fuxe das correntes tan habituais de entreguismo acrítico no que respecta á ética e de barroquismo academicista no que respecta à estética tan louvadas na poseia contemporánea. Unha arquitectura feble, de poemas curtos e versos mais curtos se cabe, mas con toda a forza dun discurso que pretende —e consegue— implicar-nos.

É de desexar que non se repitan nesta segunda edición —o xuri deve estar en plena deliberazón— os erros da primeira. Afortunadamente parece que a editorial *Espiral Maior* vai-se fazer cargo da edición dos premios *BouzaBrey* o cal aseguraria a saída dos libros en condicións óptimas, sen dúbida é a colección de poesía mais cuidada do país. ♦

FRANCISCO SOUTO

Recuperar a
autoestima
As Telleiras
(cabaqueiros)

Hai poucos dias tivo lugar no Coléxio Público da parroquia cambadesa de Castrelo, a presentación do libro *As Telleiras (Cabaqueiros)*(1) da man dos autores, Adela Leiro, Mon Daporta e Saúl Otero veteranos na sua delongada andaina en actividades de conservación e recuperación da cultura popular. Adela, Mon e Saúl, de sobra coñecidos nas terras do Salnés polas suas inqueданzas na renovación pedagóxica e o compromiso coa



Restos da telleira de Noia, Dena-Meaño.

xente do país, levan xa moitos anos remexendo con curiosidade insaciábel faios e memorias, para espertar nos protagonistas dos traballos e dos dias ese lexítimo orgullo, esa dignidade que nace de valorar en cada tempo e lugar o produto do esforzo físico e intelectual.

E abofé que o conseguiron con algúns daqueles que fixeron vida mesturando "de estrela a estrela" barro, auga e lume, para fabricar tellas e ladrillos na procura do pan que, de tanto que custaba gañalo, dician que o amasara o demo: daba xénio ver aos vellos telleiros explicando a todo aquel que quixera escoitalos, a "intra-historia" das imaxes que eles mesmos aportaran para a fermosa exposición que acompañou á presentación dun libro que fala dos seus traballos e dos recintos onde os realizaban.

Sobre o "saber facer" dos autores, querría apontar un par de cousas. O libro naceu sen presa, de vagar, xurdindo das propias necesidades da xente: das diversas promocións de rapaces e rapazas do Colexio de Castrelo, que aprenderon a amasar e cocer o barro como os seus pais e avós, xunto cuns mes-

tres quer remataron por moldear as ilusións duns e as lembranzas doutros nun libro-tella, á imaxe e semellanza dos vellos cabaqueiros, tal e como se lles chaman polas terras do Rosal. E precisamente por iso, está feito con esa difícil sinxeleza, nas antípodas das trapa-ladas apresuradas, de quen coñece a fondo o que se quer transmitir. Asemade, acompaña ao relato unha copiosa documentación gráfica (un chisco apoucada pola discreta calidade da reprodución, todo hai que dicilo), e un rico vocabulário, proba da precisión da linguaxe técnica do oficio.


Pero hai outra fasia que convén ter en conta: o libro é causa e consecuencia a un tempo dun proceso de autoestima no que os autores, individualmente ou formando parte da *Asociación de Ensinates do Salnés "Candea"*, teñen moito a ver, e que no futuro pode xerar atitudes favorábeis para calquer actividade de conservación e definición de renovadas funcionalidades do patrimonio cultural. De momento, xa se escoitan comentários da necesidade de recuperar algunha das trece telleiras que houbo en Castrelo para Museu Etnográfico.

A idea é interesante, xa que o seu magnífico emprazamento (fronte á Toxa), nunha zona de grande valor ecolóxico, pode dinamizar numerosas actividades tanto no eido da pedagogía, como do lecer, vencelladas neste caso a un turismo cultural de calidade. Agora é preciso que a cidadanía o reivindicque, e os seus representantes no Concello leven o proxecto adiante, reclamando a participación da Mancomunidade de Concellos, a Deputación e a Consellería de Cultura. Seria un bon fermento do pan "que amasou o demo" ♦

DIONÍSIO PEREIRA

(1) Leiro Lois, Adela; Daporta, Xosé Ramón; Otero, Saúl: *As Telleiras (Cabaqueiros)*. Ed. Ir Indo, Vigo, 1993, pp. 133.

conta de libros





Unha historia
índia

O derradeiro dos mohicanos ten xa unha versión en galego realizada por Xela Arias na Colección Xabarin de Xerais. O libro de Fenimore Cooper ten contribuído como poucos a situarnos na paisaxe e na realidade daquela tribo asentada na costa de Connecticut. A imaxe que Cooper deixa, como di Xela Arias na introdución, "permite ao lector branco chorar a perda do índio heroico sen ter que protestar contra o xenocidio". ♦

En galego para
os pequenos

Na colección que Sotelo Blanco adica aos máis pequenos teñen saído catro novos títulos, Colección de **bolboretas** escrito por Luis Rei e ilustrado por Fausto; **Tres nenos nas alturas** de Carmiña Leira e Alberto Ferreiro; **Don Ogro de Papel** de Xosé A. Perozo e Penélope Ares e **A aldea das catro primaveras** de Xoan Babarro e Tokio. ♦




Tristura e paixón
en Compostela

Xosé María Álvarez Cáccamo inaugura co seu libro **De mañá que medo** un novo fardel literario na andaina de Edicións Laiovento. O poemario está acompañado da partitura de Paulino Pereiro inspirada no texto, algo tamén inusual nas edicións galegas de poesía. ♦

Lillian Hellman
en galego

Elvira Souto entréganos unha tradución de teatro desta nomeada escritora norteamericana, perseguida pola cruzada anticomunista de McCarthy nos anos 50. **Crias de raposa** fala dos conflitos derivados dun tipo de industria que non favorece o desenvolvemento integral dun país e que, sob a máscara do progreso e coa colaboración do poder interno, contribuí a destruír os recursos naturais en beneficio alleo. ♦



Leituras

Divulgación e claridade

O engado da música de Quico Peña

Francisco Peña Villar é un home que ao longo da súa vida ten experimentado diversas facianas vencelladas á creación e divulgación musical. Estudado da etnomusicoloxía, tén sido participante dunha intensa dinámica musical, da que podemos salientar o seu vínculo coa Asociación Local das Xuventudes Musicais de Vigo. Conferencias e colaboracións en programas radiofónicos abalan esta militancia melómana, da que o recente libro **O engado da música** (Ir Indo Edicións) é, se cadra, o principal logro polo de agora.

Estamos ante un volume completo do que se poden servir variedade de melómanos, dada a diversidade do seu contido.

Quico Peña, ou Quico de Cariño, como adoita ser identificado amigabelmente, prantexa este traballo dunha forma elemental, sinxela, e ao mesmo tempo cun criterio amplo: a música, analisada desde os *Elementos da Acústica*, da *Cualidade do son*, da *Sensibilización Auditiva*, e detallando os pormenores dos *Instrumentos*—tanto as súas características como a construción. Estamos, pois, ante un volume completo, do que se poden servir cantidade e variedade de melómanos, dada a diversidade do seu contido.

Para os profesionais da música, resultan especialmente atraíntes as páxinas dedicadas ao mundo instrumental, dada a profusión de información e comentarios verbo do uso dos distintos instrumentos, aínda que as valoracións emitidas polo autor son de utilidade para o simple afeizoado, que na súa condición de espectador, pode afondar na valoración dun determinado intérprete logo das consideracións vertidas nestas páxinas. Os

que desde as aulas divulgan a música como unha materia máis do ensino, atoparán no apartado reservado á *Acústica* interesantes suxerencias, doadas de realizar en calquer centro educativo, e en algun caso a súa importancia vai máis aló do estritamente musical, chegando a abranxer o mundo da psicomotricidade.

Para esa imensa maioría de melómanos que adoitamos experimentar unha atitude máis ben pasiva ante o feito musical—recebemos, non emitimos música—, resulta de especial proveito o apartado titulado precisamente *Música*, no que o autor revela unha das

claves do tema: o ritmo, identificado como factor psicomotriz; a melodía, que cumpre a función afectiva, sintetizando na harmonía un suposto equilibrio, no que predomina o factor mental.

Valoracións que unha vez lidas resultan doadamente asumíbeis por calquer lector, pero que nas páxi-

nas deste libro amosan seren froito dun prolongado traballo a prol da análise musical.

Outro dos engados do libro son os debuxos, que complementan e clarifican o propio texto. Sen eles algúns parágrafos resultarían dificultosos na súa lectura, e non por eiva do autor, senón polo propio componente visual que toda manifestación musical leva implícita—cómpre dicir a estas alturas que a música é perceptíbel tamén polos ollos, non só polo ouvido. Mención especial, pois, para Anxo Rosende, autor das ilustracións.

A xeito de conclusión, o lector poderá deducir que a música, entendida cun criterio amplo, rodea a nosa vida cotián, que todo na vida é susceptible de ser asumido coma música; os aenos, a forma de andar, de amosar en definitiva a nosa vitalidade... Se cadra, esta é a grande lección do volume. É un libro de consulta, máis que de lectura. Podemos facer uso del cando xurda unha dúbida ou curiosidade. É, ante todo, un traballo práctico. ♦

XOAN M. ESTÉVEZ



Música



Paladins con guitarras

Héroes del Silencio

Son dos máis queridos e dos máis denostados, unha presenza tan fachendosa coma a destes maños ou resulta convincente e vehículo de adoración ou non acadada ese efecto e son tachados de vans e horteras. O que é certo é que na súa recente actuación no *Nova Olimpia* de Vigo encheron a reventar cos fanáticos do grupo. A escolla do local foi un acerto: para os presentes por ser dos máis amplos e de me-

llor son e para os ausentes por consideralo un grupo propio de bandas sonoras de pelucarias.

O que é inegábel é o éxito do seu disco *El espíritu del vino*. Un grupo algo duro, con imaxes e a pretenciosidade das estrelas. O mito. Un cantante que asume de cara o papel e un grupo que penisquea sen reparos un pouco de cada lado. Non son realmente innovadores pero a mistu-

Non son realmente innovadores pero a mistura, adubada cunha voz e modos persoais, funciona.

ra, adubada cunha voz e modos persoais, funciona. Talvez sexa o elo perdido entre Miguel Bosé e uns *Aerosmith* españois.

Aseguraban ter moitas ganas de tocar en Vigo, e perto de dúas horas de concerto así o confirman, quizá compensaron as 2.500 pesetas da entrada que requeria o seu caché para un aforo relativamente reducido.

Boa presenza en directo, moi profesional, despreague técnico e tal. Bon adubio para unha presenza teatral (ás veces de máis), algo desa leria ampulosa e mística e non importa que falen ben ou mal, o que importa é que falen. Iso si, aquí non fixeron nada estraño. ♦

XURXO VAZ

Unha análise do aparato da igrexa católica

A xeopolítica do Vaticano

Que un xornalista se atreva a ollar, na súa globalidade, tanto o aparello administrativo como as directrices de acción da Igrexa católica, constitúe unha novidade. Até agora certos xornalistas tiñan auscultado sectores específicos do Vaticano, con frecuencia de forma alarmista v.g. as reportaxes sobre a economía da Banca vaticana de P. Lafitte ou os labirintos da diplomacia papal. **Constance Colonna-Cesari** sorprende polo atrevemento e pola exactitude: intenta en *A Geopolítica do Vaticano* (1) ollar globalmente a administración e os proxectos pastorais do Vaticano e concretamente de Xoan Paulo II.

Para tal empeño a autora investigou durante cinco anos e pasou un en Roma. É unha xornalista de experiencia, colabora por exemplo en *L'Evenement du jeudi*, *Politix* etc. Colonna-Cesari estúdia sucesivamente o rostro da Igrexa, o do mundo visto desde o Vaticano e as "armas secretas" do Papado.

Para esta xornalista a Igrexa católica quere rexuvenecerse e internacionalizarse. Karol Wojtyla optou por un proceso entre a restauración e a renovación que, ás veces, engana aos observadores e crea espelellismos de interpretación encontrada. Como factor de renovación está o papel da "comunicación", dos *mass media*. Unha asignatura pendente, aínda non tida en conta nos plans de estudio das universidades e académicas católicas.

Serven á instauración dos *mass media* na Igrexa novas organizacións de carácter carismático as máis; son o soporte que utilizan os

medios católicos até tecer unha rede en avance circular por todo o mundo. Entre esas institucións compresina **Renovación Carismática, Comuñón e Liberación, Focolari, Opus Dei...** Todas elas, a diferenza da *Acción Católica*, saídas da base cristiá e non emanación directa da Xerarquia. A base económica dos *media* só é coñecida parcialmente. No 1985 comeza a formación do lobby católico **Ampere** coa imprenta e a editora "Mediaparticipacións", obra de dous industriais franceses, F. Michelin e R. Montagne. O lobby multiplícase rapidamente e recolle fondos dos carismáticos de Francia, Holanda e Bélxica. Estabelece o seu centro en Bruxelas. No 1988 o volume de negocios xa se aproximaba aos setecentos millóns de francos e a súa actividade editorial incorporaba grandes empresas, como Desclée et Cie, Mame, Chalet, Gamma, Les Éditions Universitaires etc.

Ademais da actividade editorial asume o *Lobby* traballos de impresión e distribúe videos como "A catequese de Xoan Paulo II". Contacta ao *holding* Ampere con **Lumen 2000** onde conflúen multimillonarios de Europa e de USA nun proxecto de evangelización planetaria. Na estratexia destes grupos están cadeas de rádio, TV... O espectacular deste proxecto en marcha supera as expectativas desde os anos sesenta levara á Roma papal o mesmo **Marshall McLuhan** e que acolleira Mns. Foley en forma operativa nos oitenta.

Dentro da estrutura clerical da Igrexa Católica este poder leigo dos *Media* pode resultar paradóxico: mentres as funcións sacramentais se manteñen na restricción tradicional, este emerxente poder non só é laical, é igualmente, en grande parte, feminino. A niveis xerárquicos tradicionalistas míranse como bomba de relojería as devanditas institucións con milleiros de membros e que aspiran, como o Opus Dei, a ser prelatura persoal, algo que mermaría a función territorial dos bispos. Este fenómeno do poder das institucións carismáticas e do seu dominio dos "media" católicos constitúe un test da transformación da Igrexa cara estruturas non clericais, un factor renovador do papa Wojtyla e ao que Colonna-Cesari dedica grande atención.

A actividade político-relixiosa da Santa Sé rompe cos anteriores procedementos tipicamente clericais para engacharse nunha máquina de intereses económicos, sociais e políticos.

Na segunda parte, o rostro do mundo, a autora deténse en tres grandes espazos mundiais: o Leste, USA e América Latina. Acepta a hipótese da "santa alianza" de Xoan Paulo II con Reagan, 1982, pola que se reparten os papeis para a penetración da democracia

(continúa na páxina seguinte)

Leituras

(ven da páxina anterior)



ocidental en Polónia e na antiga URSS. Non se pode negar o apoio económico da Cia ás operacións de "Solidaridade" polaca e ao seu líder Lech Walesa. Igual valor político atribue a xornalista á visita de Gorbachev ao Papa. Dentro desta perspectiva, a actividade polítorreligiosa da Santa Sede rompe cos anteriores procedementos tipicamente clericais para engacharse nunha máquina de intereses económicos, sociais e políticos. Neste intre son Latinoamérica, África e Ásia os espazos a examinar nunha acción de presenza e de recuperación v.g. da Igrexa católica china que leva anos de isolamento e de división interna.

Tamén esta actividade amosa neste intre grandes contradicións: a caída do muro de Berlín non trouxo un florecer social; contrariamente emerxen graves preocupacións e o Papa vese obrigado a denunciar a crudeza do capitalismo selvaxe e a lembrar que no comunismo había aspectos bons. En entrevistas posteriores á obra de Colonna, o Papa Wojtyla mostra a súa decepción ante a falta de alternativas económicas ao selvaxismo capitalista ao que, por outra parte, louvara como sistema técnico na *Centessimus Annus*. Aquí, como no papel dos média na Igrexa, as ideas de Xoan Paulo II parecen esgotadas.

As armas do papado

A terceira parte está dedicada ás "armas do papado": a diplomacia: "secreta, prudente, operando mais frecuentemente nos bastidores das relacións internacionais que no proscénio, a diplomacia vaticana inventou un estilo. A excelencia da formación dispensada aos membros como a práctica de uma tradição rodada no decurso dos séculos forjam a súa reputación" (p.232). No eixo desta "arma" a figura de Casaroli: ninguén na cúria tivo tanto espazo para moverse e para renovar. O sucesor é Angelo Sodano, de familia coñecida na política italiana, parece ser un sinal de mais amplas relacións co Quirinal.

A páxina menos brillante, segundo Colonna-Cesari, é a do ecumenismo. Os pasos positivos de Xoan Paulo II convocando en Asís a todas as relixións, non poden agachar o parón ás perspectivas de unión mais intensa cos ortodoxos e anglicanos. A solución de

Wojtyla ao caso Lefevre e agora á dos anglicanos que rechazan a decisión de "ordear" de presbíteros a mulleres, criando situacións de emerxencia para os casos individuais, son sinais de estancamento teolóxico.

O miradoiro que artella Colonna-Cesari na súa obra é extenso, de horizontes definidos e de lonxanías espectaculares. E principalmente novedoso. Reflexa optimismo ante o esforzo do Vaticano de K. Wojtyla, sen agachar as enormes dificultades e os precipicios que axexan neste intre á organización global da Igrexa católica. A autora móvese con facilidade nos amplos sectores da economía, da diplomacia, da política; deixa na sombra canto se refire á formación do personal eclesiástico, ao entramado canónico do mundo clerical, aos debates intensos e sen solución de problemas eclesiásticos centenarios. Un sector importante e tamén en mutación. Parcela de goberno na que os recursos de Wojtyla non deron resultados e onde el mesmo tivo que aceptar as pautas ás apalpadelas de Paulo VI.

En suma: tras os esforzos de renovación de Xoan XXIII, de posta ao día de Paulo VI, este polaco mostra unha actividade da Igrexa distinta, máis global e máis optimista: pretende conservar o poder da estrutura eclesiástica e dotar de novas redes a unha macroorganización que para moverse, necesita moitos cabalos de forza. Exitos, fracasos, dúbidas? certamente atrevemente e coraxe. A crónica de Colonna-Cesari resulta imprescindible para quen desexe falar ao xeito da Igrexa actual. ♦

FRANCISCO CARBALLO

(1) Constance Colonna-Cesari, URBI ET ORBI. Enquête sur la Géopolitique Vaticane. Trad. ao portugués, ed. Caminho S.A. Lisboa, 1993, pp.289.

Cinema

Reflexión sobre a inocencia

Un mundo perfecto


Clint Eastwood parece decidido a enterrar baixo sete chaves as tentacións fascistas de Harrys e outras herbas por el interpretadas no pasado e ademais é cada vez un director máis sensible e intelixente como demostrou "Sen perdón".

O último produto de Eastwood é "Un mundo perfecto", unha fita moi máis extraña que a anterior, pero que contén moitos elementos de interese para seguir a carreira futura de Eastwood. Unha historia dobre que ten nesa duplicidade os piores rasgos da mesma: xunto a unha excelente historia central de iniciación e amizade hai a historia da persecución, interpretada polo propio Eastwood e por unha desdubuxada Laura Dern e que só ten interese coma punto de apoio da primeira. Como pasara en "Thelma e Louise", que garda moitos puntos de contacto coa fita aquí reseñada, toda a parte policial interpretada por Harvey Keitel era un contrapunto puramente funcional á historia central e por sorte tampouco a interfere.

Todo xira arredor dunha pequena anécdota inicial que crece dunha maneira calada, case sinxela ao longo de toda a película. O ano no que se desenrola a acción ten unha importancia decisiva: estamos en

1963 poucos meses antes do asasinato de Kenedy e, polo tanto, nunha situación de transformación histórica e social do país.

A anécdota desenrólase nas carreteras do sul, no estado de Texas aínda que as referencias a Dallas cenário do magnicidio permanezan ao longo da narración. Butch Haines (Kevin Costner) escapa do cárcere garda coma refén a un neno de sete anos, Philip Perry (T.J. Lowt-



Clint Eastwood.

her). A relación ao principio difícil acaba por chegar á amizade e o amor através dunha sensíbel progresión dramática. O punto de partida argumental garda moitos puntos de contacto con westerns clásicos e a


duas fitas máis recentes coma "Gloria" de Casserettes e "Lua de Papel", dirixida por Peter Bogdanovich. Nas tres hai un estudo da sensibilidade infantil e do aprendizaxe da ternura pola parte do adulto. A fita de Eastwood é a que se mendo afronta o melodrama sen temer cair na cursilería ou na blandura. O guiño está asinado por John Lee Hancock e coma xa pasara con "Sen Perdón" era un antigo guiño que Eastwood comprara esperando alcanzar certa fama que lle permitise filmalo. Hai na fita unha estrutura clásica que fai pensar —na calma e aparente minimalismo da narración— en cine vello no bó senso da palabra.

Historia sobre a dificultade dos sentimentos pero tamén sobre a búsqueda dunha identidade moral, a aparente sinxeleza da fita é enganosa: detrás dos bons sentimentos, hai unha sentida reflexión sobre a inocencia —do mesmo xeito que "Sen Perdón" fora unha reflexión sobre a violencia— que supón o retorno do director a un cine máis lírico despois da pausa épica do seu western anterior. Hai igualmente unha ollada que pode sorprenden algo sobre a inocencia dun sector da

sociedade americana: a representada pola familia humilde de Testigos de Jehová á cal pertence o neno e a idealizada vida dun fuxitivo da xusticia. O feito de que a medida que a relación entre Butch e Philip avanza, surxan os puntos comúnes entre as vidas de ambos pode ser un recurso á sentimentalidade, pero o certo é que a progresión dramática que marca esa relación faina perfectamente creíble e disfrutabel polo espectador. ♦

CARLOS AMARO


ENSAIO E NARRATIVA




COMO UNHA NOVELA
Daniel Pennac

Un punto de vista moi diferente sobre a delicada cuestión do rechazo suvenil á literatura e en xeral a todo canto cheire de lonxe a cultura. Éxito seguro entre pedagogos e ensinantes.

NA MESMA COLECCIÓN



GALERÍA DE ESQUECIDOS DE FELICIANO LOBELOS
Miguel Vázquez Freire



TEMPO DE CREPÚSCULO
Francisco X. Fernández Naval



Vicente Risco Arredor de Nós

18 ESTUDOS SOBRE O INTELLECTUAL SOBRANCEIRO DO GRUPO NÓS



- ◆ *Carlos Casares*
- ◆ *Manuel María*
- ◆ *Xosé M^a de Castro Erroteta*
- ◆ *Manuel Forcadela*
- ◆ *Antón Risco*
- ◆ *Francisco Carballo*
- ◆ *Antón Capelán*
- ◆ *X. Manuel Martínez Oca*
- ◆ *Claudio Rodríguez Fer*
- ◆ *Basilio Losada Castro*
- ◆ *Francisco Sampedro*
- ◆ *Carlos Paulo Martínez Pereiro*
- ◆ *Manuel Outeiriño*
- ◆ *Carlos López Bernárdez*
- ◆ *Xosé M. Millán Otero*
- ◆ *César Carlos Morám Fraga*
- ◆ *Ramiro Fonte*
- ◆ *X. Ramón Freixeiro Mato*

A NOSA TERRA

A NOSA CULTURA 14

A televisión como arma na guerra entre os eslavos do Sul

As mesmas imaxes serven para diferentes fins aos tres países

■ ÓSCAR LOSADA

Recentemente o CGAI exhibiu unha mostra de traballos televisivos realizados polas televisións de Sérbia, Croacia e Bósnia, nunhas proxeccións coordinadas polo escritor Miguel Anxo Murado, que estivo nos territorios en guerra. Murado valorou os programas desde unha óptica social e profesional e constatou que todos se presentan como vítimas e utilizan a televisión con fins propagandísticos.

As realizacións máis impactantes, agresivas e de mellor factura técnica son as croatas que, con pequenas mensaxes de un ou dous minutos sobre aspectos da guerra, ofrecen á súa poboación as maldades do bando adversario.

Da TV sérbia puido visionarse un documental moi ben realizado, cunha chea de opinións de persoas da política internacional, onde os sérbios quedan absoltos de culpas sendo os croatas e os musulmáns causantes desta liorta. No documental hai opinións de soldados croatas asumindo a responsabilidade da conflagración ou musulmáns que renegan da súa condición. O nazismo é un tema recorrente nestas imaxes. Os nazis son os que mellor resultado dan para identificaren a alguén odioso. Así sucede neste caso.

Continuando con estes parámetros, nun programa os bósnios estableceron un paralelismo entre os nazis e os sérbios, mentres estes facían a mesma comparación entre os seguidores de Hitler e os combatentes croatas, que os apoiaron naquela época. Incluíronse imaxes nas que se lles vía a uns e a outros confraternizar. Os sérbios están a facer o mesmo.

Todos se defenden

Somos vítimas, a televisión manda esta mensaxe a cotío e xustifica, así, os crimes que poda cometer o seu exército como un acto defensivo inevitábel. Mesmo o ataque, con varios mortos (á xente que estaba facendo ringleira para mercar pan en Saraxevo, unha das imaxes máis difundidas desta guerra) serviu aos sérbios para as súas emisións co comentáριο de que o proyectil estoupado fóra activado polos propios bósnios para facer publicidade e aparecer como vítimas a ollos da comunidade internacional. Estas mesmas imaxes pasáronse na TV bósnia cando unha cámara estaba a realizar un traballo sobre as condicións laborais



dos xornalistas televisivos.

Arma psicolóxica

Hai que dar a sensación de actividade, de facer as cousas que se realizaban antes, de exercer a vida cunha certa normalidade dentro do espanto da situación. Así se viu coroado por un grande éxito o laborioso esforzo da escritora estadounidense Susan Sontag cando montou a obra teatral "Á espera de Godot" en Saraxevo. A poboación quer asistir a espectáculos como facía anteriormente e a televisión, hoxe, é a atracción con máis espectadores. Emporiso a importancia de que a televisión siga emitindo, aínda sen moitos medios, ofrecendo un tempo de evasión, de lecer e diversión a unha poboación suficientemente machacada polas circunstancias. A televisión pode ser ese relanço para o espírito que atravesará situacións difíciles, con mortos ao seu redor. A TV bósnia pretende dar sensación de normalidade, "acó non pasa nada e queremos vivir como hai uns anos, até mantemos un programa infantil". Neste espazo dous rapaces debuxan o que máis lles gora mentras o simpático presentador (sobrado de quilos, nada que ver coas provocadoras do belisco no cú segundo a Conferencia Episcopal) vai debullando algun que outro xogo con cartolinas.

Manter a moral

A prensa, a rádio e a televisión convértese en tempo de guerra nun elemento tan importante como o armamento, pois poden manter alta a moral, facer esquecer o sufrimento e manter informada á cidadanía. Tamén os medios de comunicación, especialmente a televisión, fomentan a xenreira contra o inimigo, que é

En todas

- as televisións,
- bósnia, sérbia e
- croata,
- procúrase
- identificar ao
- inimigo cos
- názis.

outro xeito de manter alto o ánimo do exército e da poboación civil, que colle folgos nados do ódio.

Desde os medios tense informada, desinformada ou intoxicada á poboación e poden manexarse as opinións. Porqué, senón, cando se produce un golpe de estado un dos obxectivos prioritarios son sempre as infraestruturas televisivas?

Outra das imaxes máis difundidas polas TV ex-iugoslavas son as que amosan o antes e despois do conflito nas cidades. Fermosos edificios, pontes, etc derrubados polo fogo inimigo, os cascallos como paisaxe comun. Saraxevo foi sé dos xogos de inverno en 1984 e os bósnios lembran as imaxes de paz e amizade deses xogos mesturándoas coas ruínas dos lugares onde se celebrou o evento. Os momentos deportivos, de lección, foron substituídos polas imaxes da batalla, do horror. O ex baloncestista Mirza Delibasic, que fala español, apresentou un vídeo elaborado para difundir nos países de fala hispana e que serviu para mostrar a situación do país desde o prisma bósnio.

Os croatas tamén teñen este tipo de traballos en inglés, destinados especialmente á televisión USA. Contan a súa visión da guerra e reclaman axuda económica a méio dun número de teléfono inserido nas imaxes.

A música e os *video-clips* tamén se puideron ollar nesta exhibición de traballos televisivos organizada polo CGAI. Ao xeito do famoso "We are the world", croatas e bósnios elaboraron sendos traballos nos que intérpretes de estilos musicais diversos cantaban un tema patriótico. Os bósnios nun pavillón destruído onde tiveran lugar actividades dos xogos de inverno de Saraxevo e os croatas, con realización cuspidiña á do vídeo estadounidense, nun estudio de gravación repetiron o mesmo esquema.

A TV bósnia, ao comezar o conflito, recibíase practicamente en todo o territorio desta nación, agora tan só cubre arredor dun 20%. O presidente sérbio Milosevic ven de impedir que a TV independente *StudioB* emita polos seus repetidores de longo alcance. Os sérbios, coa chegada das eleccións, reforzaron o control sobre a TV, calificada pola oposición como a "bastilla do réxime" ♦

+ G U I A + M É D I C A +

CLÍNICA CASTRELOS

INTERRUPCIÓN DO EMBARAZO

♦ Autorizado por Sanidade ♦

PLANIFICACIÓN FAMILIAR

Para pedir consulta chamar ao Telf: (986) 20 51 88
VIGO

Ramiro Fernández Pérez

MÉDICO

HOMEOPATIA E ACUPUNTURA

Rua Pi i Margall, 62 - 1º E
Teléfono 23 35 42 — 36202 VIGO

PSICOLOXÍA CLÍNICA E PSICOANALISE

(986) - 43 11 96

Doctora Instituto
Mª Carmen Lorenzo Vila Psicoanalítico de Vigo

MARQUÉS DE VALLADARES, 12 - 8º DTA. VIGO

Mª DOLORES FARALDO BOTANA

MÉDICA PUERICULTORA

Consulta:
Tardes de 16,30 a 20,30
Sábados de 10,30 a 13

Rua Arxentina 7, 1º
Teléfonos
Consulta: 77 12 50 Particular: 79 40 27
♦ BETANZOS ♦

CLÍNICA MÉDICO D • E • N • T • A • L

N. ÁLVAREZ SANTAMARINA
E. DE FRUTOS MARTÍNEZ

AVDA. DA FLORIDA 9, 3º - TELF. (986) 20 58 85
36210 VIGO

Dr. JOSÉ ARMESTO PRIETO

ANÁLISES CLÍNICAS

Rua Capitán Eloy 5 - 1º esquerda
Teléfono: 21 49 58
Fax: 21 49 59
32003 - OURENSE

Convocatorias

Certame de Narrativa Breve Infantil Ólisbos
A **Asociación Xuvenil Ólisbos** convoca un certame de narrativa breve infantil para traballos inéditos de non máis de cinco fólíos a dobre espazo. Os orixinais han ser entregados, antes do 15 de Febreiro, nun sobre que inclúa o título do relato e o nome, enderezo e teléfono do autor na conserxeria da Facultade de Filoloxía de Santiago. No sobre debe quedar indicado *Revista Ólisbos. Certame de Literatura Infantil*. O xurado do certame estará composto por alumnos de 5º, 6º e 7º de EXB de distintos colexios de Santiago, que elixirán un gañador e máis un finalista. O premio consistirá na publicación do traballo na revista *Ólisbos* e nun *Ólisboleiro*. Maior información na Asociación Ólisbos. Facultade de Filoloxía. Burgo das Nacións s/n. 15.705 Santiago de Compostela. Teléfono (981) 57 53 40, extensión 512.

Certame de pintura Castelao 1994

Convocado polo **Concello de Rianxo**, establece dúas categorías con cadansu único premio: a Categoría A para só para nados ou residentes en Rianxo e menores de 16 anos, cun premio de 35.000 pta.; a Categoría B está dirixida aos maiores de 16 anos nados ou residentes na Galiza, cun premio de 150.000. Estabelecese, asemade, un premio especial de 75.000 pta., para a mellor obra de pintor rianxeiro dentro da categoría B. No caso de caer o primeiro premio da Categoría B nun rianxeiro, o premio especial pasa a converterse en segundo premio da mesma categoría. Cada pintor poderá presentar un máximo de tres cadros, ao óleo sobre tela, que fagan referencia a figura ou a obra de A.D.R. Castelao, dun tamaño mínimo de 60x73 cm., enmarcados, cando menos, cun listón de madeira de 2 cm. Os cadros hanse presentar acompañados dunha plica cos datos persoais do autor no interior e o título do cadro e a categoría a que pertence detallados no exterior, antes das 14 h. do 14 de Xaneiro, no Concello de Rianxo. As obras presentadas serán expostas do 22 ao 31 de Xaneiro na Casa do Coxo de Rianxo, e as premiadas ficarán en propiedade do Concello.

II Concurso de Baile Galego

A **Asociación Cultural e Recreativa C.P. Chan-Leirado** convoca o seu II concurso de Baile Galego que terá lugar o 17 de Maio de 1994 no Colexio Público Chan Leirado. Poden participar neste concurso todos os grupos de baile das zonas do Condado e do Parantá que teñan como mínimo catro parellas e traxes galegos en calquera das súas variantes. O concurso está dotado 10 premios: 1º premio 100.000 pta., 2º 50.000 pta., 3º 25.000 pta., 4º e 5º premios 10.000 pta., e do 6º ao 10º premios 5.000 pta. cada un. A inscrición pódese facer até o 15 de Marzo de 1994, nun impreso especial, no Colexio de Leirado (Leirado s/n. Salvate-

rra do Miño, 36357 Pontevedra). Para maior información chamar ao teléfono (986) 65 75 37 de 9,30 a 13 h. e de 15 a 17 h., de Luns a Venres.

Concurso de vídeo escolar

A **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria** convoca a segunda edición do **Concurso Galego de Vídeo Escolar**. Poden participar todos aqueles alumnos que, tras formar unha equipa, e coa colaboración de un ou de varios profesores, estexan matriculados en calquer centro de ensino non universitario da Galiza. Só serán admitidos a concurso os vídeos realizados en lingua galega, en calquer dos sistemas de vídeo (VHS, Hi8, U-Matic, Betacam, etc). Os traballos, que non poderán exceder os 20 minutos de duración, haberán tratar sobre calquer das materias do currículo escolar. Para participar hai que mandar os vídeos, antes do 6 de Maio de 1994, ao Centro de Recursos Didácticos. Rúa Yáñez Rebolo, 31. 27004 Lugo. Os premios do concurso divídense en dous primeiros premios de 150.000 pta., dous segundos de 75.000 pta. e dous terceiros de 25.000 pta. Un primeiro, un segundo e máis un terceiro premio serán para centros de EXB e os restantes para centros de BUP, ESO ou FP. Os organizadores do concurso resérvanse o dereito de dispoñer dos traballos presentados para o seu posterior uso didáctico.



Aquilino Iglesia Alvariño.

Prémio Literario Anxel Fole

A **Fundación Caixa Galicia** e máis o xornal **El Progreso** convocan o oitavo **Prémio Literario Anxel Fole**, cun único premio indivisíbel de un millón de pesetas a traballos inéditos dun máximo de cen fólíos a dobre espazo e só por unha cara, referidos á vida ou á obra de **Aquilino Iglesia Alvariño**. Os orixinais han de se presentar por cuadruplicado baixo plica, antes do 31 de Marzo de 1994, no Departamento de Obras Sociais da Caixa de Aforros de Galicia (con locais en Lugo, A Coruña, Ferrol, Santiago, Ourense, Pontevedra e Madrid) ou no xornal **El Progreso** (R/do Progreso 12, Lugo). O traballo premiado será publicado pola Fundación Caixa Galicia Claudio San Martín e os orixinais non premiados non serán devolvidos nen as entidades que convocan o premio manterán correspondencia sobre eles.

Monstra de Arte postal para Escolares

O **Instituto Municipal de Educación (IME)** de Vigo convoca o primeiro concurso de Arte Postal para escolares, ao que poden concorrer todos os alumnos dos Coléxios inscritos no programa educativo *Escola e arte*. Cada alumno pode presentar unha postal, feita en técnica libre, con soporte de cartulina rixida ou similar de entre 14x19 e 14,8x10,5 cm., no que se trate o tema *A paz, unha necesidade para o mundo actual*. Os traballos remitiranse ao IME (Camiño do Chouzo s/n. 36208 Vigo) por correo sen sobre e cos datos referentes ao nome do alumno, colexio, curso, idade e máis nome do profesor. A data límite de admisións é o 25 de Xaneiro de 1994. As postais recibidas formarán unha exposición na derradeira semana de Xaneiro co gallo do *Día da Paz*, e os traballos escollidos servirán de base para facer o cartaz-calendario para anunciar a monstra do vindeiro ano. As postais serán devoltas aos seus autores unha vez rematada a exposición xunto cun diploma acreditativo da participación. Maior información na Concellería de Educación do Concello de Vigo, (986) 81 01 19.

Concurso de cartaces do Entroido

A **Concellería de Cultura de Vigo** convoca o concurso de cartaces para o Entroido de 1994, no que poden participar tódolos que o desexen con orixinais de 44x64 cm. sobre soporte rixido e técnica libre dentro dos límites que permitan a súa reprodución fotomecánica normal. Os traballos deberán incluír, amais do logotipo do Concello de Vigo, os textos *Entroido 94, Concello de Vigo, Cultura e Do 12 ao 19 de Febreiro*. Para participar hai que entregar as obras, antes do 14 de Xaneiro de 1994, baixo un lema identificador e cunha plica onde se inclúan os datos do concursante (nome, apelidos, NIF ou CIF, profesión ou actividade, enderezo e teléfono). O premio único ascende ás 300.000 pta., aínda que se establecen tres accesos de 25.000 pta. (todos suxeitos á normativa fiscal). Maior información na Concellería de Cultura do concello de Vigo, (986) 81 01 19.

Coñece o teu país

A **Universidade de Santiago** xunto coa **Asociación Xuvenil Itaca** ofrece unha serie de rotas na natureza baixo os títulos **O río Cabe, a auga e o viño**, os días 22 e 23 de Xaneiro, polas terras de Lemos, remontando o río Cabe; **O agro abandonado**, días 25 e 26 de Febreiro, polas aldeas abandonadas do Concello da Lama; e **Safari fotográfico**, os días 25 e 26 de Marzo, na Costa da Morte. Poden acceder ás saídas todos os estudantes do curso 93/93 da Universidade de Santiago, ao se inscreeber no Centro de Recursos para Estudantes Mancomun (Pavillón de Estudantes do Campus Sul). O prezo das actividades vai a 500 pta. que inclúen o transporte, aloxamento, comida e material comun.♦



Victor Pablo.

serán, no Pazo de Congros da Coruña; co director **Gabriel Chmura** e o pianista **Valentin Gheorghiu**, para interpretar composicións de Mousorgsky, Rachmanninov e Prokofiev.

Oquestra e Coros da Filarmónica de Stuttgart Interpretan a Obertura Egmont e máis a Novena Sinfonía de Beethoven, baixo a dirección de **Cristian Mandaal**.

O trinque

Cinema

A casa dos espíritos.
Fita desigual, baseada na coñecida novela de Isabel

Allende. Contodo, o que narra fai que a película sexa das que pagan a pena. Os actores son de primeira liña.♦

Anúncios de balde

■ **Véndese revista Nós.** Perfecto estado. 30.000 pta. Teléfono (986) 31 36 88.

■ **Véndese Ford Fiesta 1.1.** en perfecto estado. 125.000 pta. Chamar ao (986) 22 67 48, ao meiodía ou á noite.

■ **Casa de repouso La Levada** ofrecevos pousada individual ou en grupo a prezos especiais para descansar no entorno natural. Alimentación vexetariana e comodidade en ambiente rústico. Teléfono (986) 66 64 13 (Crecente).

■ **Aulas de lingua e literatura galega ou española, latín, francés, portugués e Historia,** mestre licenciado. Niveis de BUP, FP e COU. Teléfonos (981) 20 11 70 e 20 23 51.

■ **Desexo inter-cambiar correspondencia,** revistas, tarxetas postais, selos e almanques de peto. Dirixirse a: Encarnación Duret Sotomayor. Caixa Postal 3.134. Habana 3-10300.

■ **Cursos de iniciación ao idioma ruso,** na Asociación Máximo Gorki de Vigo, en colaboración coa Universidade Estatal de San Petersburgo e coa Escola Oficial de Idiomas de Vigo. Matriculas e información no (986) 22 44 57, de 11 a 13 e de 17 a 21 h. Asociación Máximo Gorki: R/Marqués de Valadares 14, 1º. Vigo.

■ **Bicis pola Paz distribue artesanías maías dentro do comercio solidario,** bolsas, pulseiras, carteras... co fin de financiar o envío de bicicletas a proxectos de cooperación. Envíos contra reembolso. Pedidos ao Apartado 35. Chantada (Lugo).

■ **Mestre de E.X.B. con experiencia busca traballo relacionado co ensino: librarías, editoriais...** Teléfono (908) 98 21 48. A Coruña.

■ **Son un namorado das pezas de barro usadas e mercó olas, xarras, botijos...** Chamar ao (982) 17 04 13.

■ **Se queres discos ou fitas do LP Romper el cascarón** do grupo de rock alicantino **Badana**, pódoo conseguir así como outro material, adhesivos, prensa, cartazes e información. Escrebe a Manuel Bello Salvado, Rúa da Igrexa, 9 - 15685 Xanceda - Mesía.

■ **Universitario de 21 anos ofrece para taballar** polas tardes na Coruña ou perto. Calquer tipo de traballo. Chamar ao (981) 67 06 46, perguntar por Manolo.

■ **Véndese colección de moedas antigas de ouro, prata e bronce.** Perguntar por Miguel, no (981) 38 20 96.

■ **Compro disco-cassete** ou unha gravación do LD que fixeron **Clunia Jazz e Dores Plata.** Tfno. 981/83.06.77. Perguntade por Xabier.

■ **Busco exemplar do libro Contruccions Populares Galegas** de Begoña Bas López. Chamar a Miguel Tostón no teléfono (972) 20 38 34, de 8 a 15 h. Girona.

■ **Véndense patins profesionais novos.** Coiro e rodamentos italianos. Numero 36. Teléfono (986) 43 38 30. Perguntar por Blanca.

■ **Clases de inglés a domicilio na zona de Vigo.** Profesor nativo. Escocés con experiencia. Emprégase método comunicativo. Todos os niveis. Teléfono (986) 22 81 59.

■ **Grande oferta de discos e cassettes.** Perguntar por Evéncio Baños, no (988) 21 05 85.

■ **Titeres & Gualtrapas.** Organización de representacións teatrais e de monicreques. Fabricación e manexo de titeres. Fabricación e deseño de vestuarios, decorados, teatrillos... Composición e adaptación de obras teatrais. Composicións e gravacións musicais. Interesados entrar en contacto con Mauro Muñoz Martínez, no Taller (986) 22 77 11.

■ **Aluga-se estudio em Vigo.** Com calefacción, água quente, soleado, céntrico, ideal para estudante. 36.000 pta. Teléfono: (986) 49 06 88.

■ **Oferécese pintor económico a domicilio.** Experiencia e seriedade. Interiores e exteriores; vernizados a brocha. Presupostos gratuítos e sen compromiso. Carlos Pérez Vegue. Teléfono (986) 66 02 58, Pontearcas.

■ **Restáuranse móbeis e figuras antigas.** Interesados dirixirse ao (986) 62 50 77. Perguntar por Carne Carreira.♦

■ **Acaba de nacer unha nova distribuidora underground.** Se tes un grupo e queres que se distribua o material que fai, ponte en contacto. Tamén temos catálogo para os interesados en mercar. Escríbete a: Devilish distrib. Manuel Fernández Miranda. Apartado Postal 53. 27850 Viveiro. Lugo.♦

Teatro

A Vía Láctea

O **Mago Antón** produce un espectáculo de máxia e teatro sen precedentes. *A Vía Láctea*, o camiño das estrelas, serve de fondo ao Mago e aos seus amigos para facer os máis impresionantes números de máxia polo camiño que ven de París a Compostela. Pódese ver até o 10 de Xaneiro, ás 8 dos serán, na Rúa da Coruña en Vigo (no campo onde adoitan a instalarse os circos).

Leoncio e Helena

A montaxe do **Centro Dramático Galego** baseada en textos de George Büchner e dirixida por Anxeles Acuña. Conta con partitura musical de Emilio Cao, deseño de figuríns por Xaime Quessada e escenografía de Gabriel Liste. Do 8 ao 11 de Xaneiro, en pases das 8,30 da noite, no C.C. Caixavigo.♦

Música

Festival Rock de Fisterra

Con **Desertores do Arado, Zénzar e Pápirus.** O Venres 7 de Xaneiro, no Pavillón Polideportivo de Fisterra.

La Iguana

O pub **La Iguana** de Vigo programa tres concertos para esta semana. O Venres 7, ás 10,30 da noite e con entrada libre, tocan **High Time** e **Cosmic Huffin**, que pasan pola sala Bristol do Ferrol o Xoves 6. O sábado 8, ás 12 da noite, cunha entrada de 700 pta., actúan os **Red Alert** de Inglaterra. A semana pecha o Domingo 9, ás 9 da noite, co concerto dos **Desvirheitos** de Vigo (Entrada 400 pta.).

Badana

O grupo de rock **Badana**, actúa o 5 de xaneiro, ás 10 da noite, no bar Planta Baixa de Vigo; e o día 6, ás 8 do serán, tocan despois dos **Zénzar** no pub Ave Turuta de Carballo.

Los Miserables

En concerto o día 13 de Xaneiro na NASA de Santiago.

Cosmic Muffin e High Time

Os dous grupos da Coruña actúan o día 6 na sala Bristol do Ferrol; e o día 7, no pub **La Iguana** de Vigo.

Siniestro Total

Teñen prevista actuación para o Sábado 8 no Pavillón do Ferrol.

Orquestra Sinfónica da Galiza

Baixo a dirección de **Victor Pablo** e coa soprano **María Orán**. Interpreta un programa composto maiormente por pezas de Ravel e Strauss, para beneficio de UNICEF, o Mércores 5, ás 8,30 do serán no Pazo de Congros da Coruña. A **Orquestra Sinfónica da Galiza** volta actuar o Xoves 13, ás 8,30 do

O Mércores 5, ás 9 da noite, no Auditorio da Galiza (Santiago).

Bastián e Bastiana

Unha das primeiras óperas de W.A. Mozart interpretada por **Rosa Mateu e Florenci Puig.** O Mércores 12 de Xaneiro, ás 11 da mañá, dentro do ciclo de *Concertos didácticos para xóvenes* do Auditorio da Galiza (Santiago).

Maria Joao Pires

Unha das mellores intérpretes de piano a nivel mundial o día 14, ás 9 da noite, no Auditorio da Galiza. O programa comprende obra de Grieg, W.A. Mozart e F. Chopin.

Agrupación Musical Atlántida

A banda da **Agrupación Cultural Atlántida** de Matama, ofrece un concerto para o 9 de Xaneiro, ás 12 do meiodía, no Centro Cultural Cidade de Vigo. Entrada de balde.♦

Cinema

Milou en Maio

O día 12 de Xaneiro, ás 8,30 da noite, no Auditorio Cidade de Vigo, o cine clube **Lumière** pasa o filme *Milou en Maio* de Louis Malle (Franza-Itália 1989). O pasamento da nai de Milou reúne a toda a familia e serve de marco a Louis Malle para facer un achegamento aos tipos e costumes da burguesía media francesa no entorno do Maio do 68.

Marathon de cinema

O Ateneo Santa Cecilia de Marin anuncia unha *Marathon de cinema* para os días 7 e 8 de Xaneiro. A marathon comeza o día 7, ás 8 do serán e comprende os seguintes títulos: **Sen perdón** de Clint Eastwood, ás 8 do serán; **O Gardaespaldas** de Mick Yackson, ás 22,15 h.; **Xogo de patriotas** de Phillip Noyce, ás 23,50 h.; **Luas de mel** de Roman Polansky, á 1,45 h. do día 8; **Os fígons** de Phil Alden Robinson, ás 4 h.; **Os últimos días do Edén** de John McTieman, ás 6,10 h.; **O Rio da Vida** de Robert Redford, ás 8 h.; **Regreso a Howards End** de James Ivory, ás 10,10 h.; **Somersby** de John Amiel, ás 12,10 h.; **Indochina** de Régis Wargnier, ás 14,10 h.; **A morte sentavos tan ben** de Robert Zemeckis, ás 16,45 h.; e **Delicatessen** de Jeunet y Caro, ás 18,30 h.

¡Zamri, umri, vokresni!

Para, morre, resucita (URSS 1989) con guiño e dirección de Vitali Kanevski. En 1947, Soutchan, una pequena vila oriental, é transformada en zona de detención. Valerka e Galia, de 12 anos, viven o seu primeiro amor entre prisioneiros de guerra xaponeses e comuns soviéticos. Pódese ver os días 10 e 11 de Xaneiro, ás 20,15 h., no ciclo adicado a Vitali Kanevski do Centro Galego de Artes da Imaxe (R/Durán Loriga 10. A Coruña). Entrada 150 pta.

Unha vida independente

Dirixida en 1992 por Vitali Kanevski para o que contou co produtor François Carré. *Unha vida independente* é a continuación do anterior filme de Vitali Kanevski, *Para, morre, resucita*. Pásana os días 12 e 13 de Xaneiro, ás 20,15 h., no ciclo adicado a Vitali Kanevski do Centro Galego de Artes da Imaxe (R/Durán Loriga 10. A Coruña).♦

Televisión

A Bela e a Besta

O Venres 7 en *Primeira sesión* da TVG. EUA 1956. Director: Edward L. Cahn. Intérpretes: Joyce Taylor, Mark Damon e Edward Franz.

O fabuloso Andersen

Sábado 8 en *Entrada Libre* da TVG. O *fabuloso Andersen* de Charles Vidor. EUA 1952. Unha comedia musical na que se recrea en estudio a Dinamarca do século XIX e a figura do famoso escritor de contos danés.♦

Exposicións



Contextos: *Verdade*, 1991. Emulsión pigmentada e acrílico encol de poliéster.

A Guerra civil

O colectivo **Vacunache-lo teu carneiro?** artella unha mostra fotográfica sobre a guerra civil española. Aberta até mediados de Febreiro, no Bar Parrús (R/Arévalo, 18) da Coruña.

Antiga Guatemala

A partir do 7 de Xaneiro no Museo Provincial de Lugo ábrese a derradeira mostra do *Proxecto Patrimonio 2001*, que patrocina a *Fundación La Caixa*. Fotografías de **Koldo Chamorro** sobre a antiga Guatemala, contruída en 1524 co nome de Santiago por Pedro de Alvarado, tenente de Hernán Cortés, no Iximché (centro ceremonial) de Cakchiqueles. Os séismos e inundacións que sufriu a cidade do século XVI ao XVIII, obrigaron un novo asentamento para a capital. O traballo de Koldo Chamorro, asesorado por Víctor Sandoval, fai un percorrido por esta cidade pantasma, que conta con máis de 40 complexos arquitectónicos abandonados.

Miguel Ángel Biazzi

Amosa a súa obra na galería Citania de Santiago.

António Murado

Até o 16 de Xaneiro, na galería Trinta de Compostela.

Os xudeus na Coruña

O Centro Cultural Salvador de Maradiaga da Coruña garda a mostra *Os xudeus na Coruña e a biblia de Kennicott*.

Javier Cabo

Pintura baseada en óleos e técnicas mistas. Até o 7 de Xaneiro, na Sala de Cultura de Pontevedra.

Un intre para a arte

Lugris, Vadillo, Sucasas, Abelenda, Argüelles, Elena Gago, Eva Llorens, R. Corredoira, Alfonso Costa e Gu-

Páxinas coordinadas por **IAGO LUCA**

tiérrez de la Concha, entrootros, na galería Arte Terán da Coruña.

Carmen García Argibay. Fotografías de Carmen García Argibay, do 9 ao 14 de Xaneiro, no Ateneo Santa Cecilia de Marin.

Correa Corredoira. Debuxos de Correa Corredoira, até o 21 de Xaneiro, no Liceo da Pobra do Caramiñal.

Contexto. Fotografías de Nancy Wilson-Pajic, até o 16 de Xaneiro, na Casa da Cultura Salvador de Madariaga (A Coruña).

Manuel Oliveira. Até o 9 de Xaneiro na Galería Sargadelos de Santiago, Manuel Oliveira, expón a súa obra *Obscurum per obscuris, ignotum per ignotius*.

Antiga Guatemala. Arco de las Catalinas.



Fotopinturas. Carlos Troncoso amosa as súas *Fotopinturas*, até o 10 de Xaneiro, no pub Bolengo de Santiago.

Roberto Matta. Gravados de Roberto Matta, até o 12 de Xaneiro, no Cegrac da Coruña.

Inquisición e xustiza seglar. Unha chea de instrumentos de tortura, até o 9 de Xaneiro, na Casa das Artes de Vigo. A organización cobra unha entrada de 500 pta.

Visión aguda e vertixinosa da Galiza. O traballo de Xesus Campos foi xuntado e seleccionado na mostra *Xesus Campos. Unha visión aguda e vertixinosa da Galiza*, exposta no Museo Carlos Maside de Sada.

Tauromaquia. O Museo Municipal de Ourense amo-

sa, até o 9 de Xaneiro, os 33 gravados de Goya ao auga forte que compoñen a *Tauromaquia*.

Feitura. No Ateneo do Ferrol, até o 9 de Xaneiro, expoñen unha escolma de 23 pinturas e esculturas do certame *Feitura* de artes plásticas.

A outra realidade. Pintura de **Guerreiro**, até o 15 de Xaneiro, na galería Minotauro de Santiago.

Duas visións da paisaxe. De **Xan Pardiñas** e máis **Morquecho**, até o 10 de Xaneiro, na sala Mundo Creativo da Santiago.

Pequeno formato. A sala de Caixa Pontevedra (Pontevedra), expón obra en pequeno formato de **Menchu Lamas, Antón Patiño, Xosé Freixanes, Carmen Hermo, Xulio García Rivas, Uxia Blanco e Xosé Teiga**, amais doutros 11 artistas.

Suite Olympic Centennial. O Comité Olímpico Internacional encarga obra de 50 artistas para celebrar o centenario da súa fundación coa mostra itinerante *Suite Olympic Centennial*, exposta na Casa das Artes de Vigo.

Paralelismos. Pintura de **Baldomero Moreiras** na Fundación Sotelo Blanco de Santiago.

Elena Colmeiro. A sala de exposicións do C.C. Caixavigo acolle unha mostra antolóxica da escultora Elena Colmeiro. Até o 9 de Xaneiro.

Blanco Amor, fotógrafo. Un percorrido pola faceta fotográfica de Eduardo Blanco Amor. Até o 13 de Xaneiro na Casa das Artes de Vigo.

Pinturas neomíticas. De **Xosé Paz Antón** no Café Liceum do Porriño.

Gaiteiros en festa. Exposición fotográfica no Café Rei Momo de Vigo, dentro da iniciativa *Nadal Tradicional* da *Asociación de Hosteleiros Urbe Vella* maila *Asociación de Gaiteiros Galegos*.

Certame Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo. O Museo Carlos Maside de Sada expón as obras presentadas á terceira edición do *Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo*.

Colectiva de Nadal. A Galería Obelisco da Coruña, artella unha mostra colectiva de Nadal con obra de **Laxeiro, Sucasas, Granell, González Pascual e Alfonso Costa**.♦

Actividades

III Xornadas de Meio Mariño e Acuicultura

O Departamento de Cultivos Mariños **Isaac Díaz Pardo** programa a terceira edición das *Xornadas de Meio Mariño e Acuicultura*, que terán lugar

do 13 de Xaneiro ao 15 de Abril, na sala de conferencias do Castro (O Castro, Sada). O programa das Xornadas, coordinado por Xaquín Penas Patiño, comprende 13 conferencias sobre o marisqueo na Galiza, que comezan o día 13, ás 7 do serán, con **Carlos Muñoz**, Director Xeral de Meio Ambiente da Consellería de Agricultura, que ha falar de



Meio ambiente e litoral mariño; e máis **Maria Cancelo Vaquero**, biólogo de inspección da Consellería de Pesca, coa charla *Política marisqueira e acuicultura mariña*. O vindeiro acto das Xornadas cai no 20 de Xaneiro, ás 7 do serán, cunha mesa redonda onde intervirán biólogos e economistas relacionados co meio mariño, amais da presentación do material editado polas Aulas do Mar da Fundación Caixa Galicia.

Nadal tradicional

Organizado pola *Asociación de Hosteleiros Urbe Vella* de Vigo, (Café da Fala, Café Dublin, Café Retroca e máis Café Rei Momo). Festas na rua con **Zancudos, Casimiro O Cego, Gaiteiros, Rancho de Reis, bailaríns** e outras sopresas. O día 5 de Xaneiro, ás 8 do serán, *Na rua en festa* e o 9 de Xaneiro, á mesma hora, derradeira festa do *Nadal Tradicional, Na rua en festa rachada*. Completan o programa exposicións permanentes nos locais de Urbe Vella.♦

Enviando este anuncio terá un desconto do 20%



Arqu. Pacheco (2ª ed.) ... 3.500 pta X. L. Suárez Canal 2.600 pta
José Suárez (2ª ed.) 3.000 pta Ksado 3.500 pta

CENTRO DE ESTUDOS FOTOGRÁFICOS APDO. 1264 VIGO

Bordalo Pinheiro pintou no 1884 o retrato da emigración a Portugal **Unha historia debuxada sobre os galegos de Lisboa**

■ XESUS TORRES REGUEIRO

Os galegos en Lisboa estaban profundamente vencellados á vida cotiá da cidade, sendo personaxes recorrentes en todo tipo de manifestacións artísticas e literarias, como elementos integrados e caracterizadores dos usos e costumes populares. A anécdota, o disparate cómico, o episodio humorístico "de galegos" formaba parte dos chistes, da literatura, das historietas e incluso do cinema portugués. Temas como a molición, a gañancia, a avaricia, a inxenuidade mesmo..., todo aquilo que encadra coa situación subalterna e de explotación, case de gueto daqueles galegos lisboetas, augadores e mozos de corda maiormente.

A transición do Antigo Réxime coas súas estruturas sócio-económicas favoreceu a emigración en masa de galegos a Andalucía e Portugal. A mediados do século XVIII produciuse a primeira chegada masiva de galegos a Lisboa por mor do abastecemento de auga á cidade cando a construción do Acueducto. Os augadores levaban a auga dos chafarises, surtidos por ese acueducto, aos domicilios. Uns anos despois prodúcese a segunda vaga con motivo da reedificación da cidade assolada polo terremoto de 1755: caniteiros, pedreiros, alvaneis e obreiros sen cualificación dirixense á capital lusa en procura de traballo. A comenzo do século XIX, uns corenta mil galegos traballaban en Lisboa. Xente de severa económica, probidade e honestidade. Tamén de solidariedade, que o galego adoitaba amosar fóra, nun medio alleo e hostil, a través dos "convívios fraternos" e creación de sociedades. Os galegos chegaron a ter a súa propia festa en Lisboa, o 15 de xaneiro, acodindo en romaría ao Santo Amaro.

"Os Galegos" de Bordalo Pinheiro (Editorial Vega, Lisboa, 1991), historieta debuxada ou historia con deseños, está incluído no "Kalendário para 1884" á par doutras historias. Esta obrinha, recuperada por Vega e Carlos Consiglieri (quen manexa no seu prefácio unha bibliografía galega moi xenérica e desigual, mais non descamiñada: Sixirei, Villares, Sueiro, Bermejo, Vicenti...) nun álbum de 60 páxinas, dentro da colección artes/ilustradores, leva datación de 1991 mais non foi até hai poucos meses que soubemos dela. Infelizmente non é doado atopar nas librerías galegas especializadas as novidades portuguesas.

Rafael Bodalo Pinheiro (Lisboa, 1846-1905) foi o pioneiro e mestre da caricatura e Portugal a partir de 1870. Ten un museo en Lisboa co seu propio nome que recolle a súa obra de ceramista, caricaturista político e moralizador social. Realismo social e crítica mordaz son características da súa obra, así como a estreita relación entre imaxe e texto, o que levou a dicir a alguen que foi o pioneiro portugués do comic ou banda deseñada.

Esta historia de "Os Galegos", cun diálogo vivaz, que quere imitar a linguaxe popular no texto, e un trazo preciso e áxil no esbozo suxeridor, que lle dá un gracioso ritmo de movemento, ten para nós

un interesante valor social e psicolóxico. A través dunha anécdota na que unha cuadrilla de galegos lisboetas ("a galegada" son enganados polo menino Alfredo, prototipo de pequeno burgués ocioso, nunha historia que xira arre-



do tren e da viaxe que aqueles realizan á Galiza, Bordalo aproveitaba para poñer en solfa a avaricia e inxenuidade daqueles.

A cuadrilla de galegos está formada por mozos de taberna "em vésperas de serem patroes" que aparecen con nome ou alcume "João de Redondela, "O Virelas", Manuel da Missa "o Fura", Verísimo, "Campeão", Braz, "Caramelo", Romualdo e Fernandes. Todos eles visten toscamente (en oposición ao menino Alfredo), con roupa do tráfego diario e mesmo un aparece tocado con barretina, como tamén a usa o dono dunha taberna na que paran. Na caracterización dos personaxes e nos ambientes nos que estes se moven fican ben patentes a dependencia e subalternidade destes galegos lisboe-

tas. Tui, Betanzos, Lugo, Santiago e Vigo, cidades con sona, ademais da vila dos viaductos, que lle dá nome ao personaxe mellor caracterizado, aparecen como lugares de orixe dos personaxes.

Galego castellanizado

Bordalo pretende singularizar a fala dos galegos, diferenciada do portugués no texto, recorrendo a expresións castellanizantes ou a unha estraña xiria que pouco ten a ver co galego, ao contrario do que pensa o autor do prefácio, Consiglieri, vando di: "As palabras galegas fluem no texto com uma vivacidade notável, plenas de realismo, em íntima ligação descritiva".

Os simples, os humildes, os explotados..., os galegos neste caso, son a cabo os que rematan por caer na trampa. Non queda a contenda empata, como insinúa Consiglieri, en equilibrio. Uns e outros (lisboetas e galegos) atíranse claro, mais cada un no seu lugar. E a galegada fica estombada, ao pé do camiño de ferro, co tren "fumando" á distancia, aforros e pasaxes perdidos, logo de seren enganados polo agudo lisboeta. Claro que na súa avaricia levaran a penitencia.

Hai unha posíbel lectura en clave social: Os galegos, mozos de taberna, fican burlados por pretender un chapeau de copa que aparentemente abre as portas do consumismo e da opulencia; é dicir, por pretender un atributo dunha clase social superior. O que coidaban a chave na man do burguesiño non é máis que pantalla e apariencia ridícula na súa.

Unha curiosa alusión á construción da ponte de ferro sobre o Miño ("que non está aínda feita, e só em oitenta e três é que estará capaz!"), polo que os viaxeiros terían que usar dilixencia e barco dende Valença) indican que esta historia de galegos xa a tiña Bordalo feita antes de 1883 e que quizá o "Kalendário para 1884" recolleuna doutra publicación. E quen nos di que os populares galegos lisboetas non terán sido protagonistas ou mesmo vítimas noutras historias de Bordalo Pinheiro. De ser así, estaría ben coñecelas. Polo momento conformámonos saboreando esta simpática e deliciosa historia. ♦

TRES EN RAIA

Xustiza xenética?

■ BEGOÑA CAAMAÑO

En Itália, unha muller de cor negra decidiu implantar no seu útero o óvulo doutra muller, de cor branca, previamente fecundado cun espermatozoide do seu home, tamén de cor branca. Deste xeito, a nai negra ten agora un fillo completamente branco. Sabe así que o seu pequeno non terá que suportar ningún trato discriminatorio no coléxio, que non será afastado dos xogos infantís do patio da escola ou da rua.

Esta negra que seguramente agora amamenta ao seu pequeno branco, sabe tamén que o seu fillo non terá que odiar a cor da súa pel cando busque traballo, e poderá pasear tranquilamente polas ruas sen medo a que un grupo de "niñatos" altos e loiros o insulten e batan nel (iso sempre que a amorosa nai negra tivese a precaución de escoller para o seu fillo o óvulo dunha muller branca pero non mexicana nen marroquina).

O que esta nai se cadra non sabe, ou talvez dolorosamente si, é que cada vez que colla o seu bebé branco no colo estará collendo tamén o froito do trunfo máis grande do racismo. Que secará as bágoas e aloumiñará os cabelos da súa alienación.

Pola súa parte, o neno, que medrará sen excesivos problemas debido a que ten unha pel branca, ignorará que súa nai é unha muller frustrada, machacada, humillada e avergoñada pola cor da súa pel negra. Supoño que a nai negra estará dobremente contenta polo feito de que o seu fillo ademais de branco sexa tamén un varón. Se se trata de lle aferrar humillacións e dores, se hai que lle garantir no posíbel un mundo cheo de oportunidades, mellor que, xunto coa pel, teña tamén os xenitais do grupo dominante. Mellor que sexa alto e loiro e que de maior sexa banqueiro, político ou narcotraficante.

Quizá de mozo sexa un "skin" que renegue a súa propia nai-negra, que golpee a africanos e sulamericanos, que viole mulleres, que extorsione aos débeis e pisotee aos mendigos... pero en calquer caso, a súa nai teralé aferrado o papel máis desagradábel. A biotecnoloxía xenética ofrécenos a fórmula máxica para acabar coa inxustiza social... xa non haberá no mundo máis vítimas, porque podemos escoller para os nosos fillos os xenos dos verdugos. ♦

VOLVER AO REGO

Na rua hai instalados varios altoparlantes que difunden panxoliñas. Un transeunte entra nun comercio. "E vostede atura eses terbellos de aí fora? Mádialeva, a eses andaluces cantando o dos peces en el río". "Cale, cale, resposta o dependente, que levo aquí toda a mañá con ese barullo e non hai que o aguante. Todos os anos a mesma".

Os vilancicos, como alternativa musical, posúen o recendo daqueles tempos do franquismo, cando a xente tiña que divertirse porque era o que tocaba. O réxime mandaba cantar vilancicos, como prohibía cantar nas tabernas. Harmonía do Nadal que lembra os filmes de Walt Disney, tan chorimiños, tan falsos, tan aborridos. ♦

'Os galegos chegaron a ter a súa propia festa en Lisboa, o 15 de Xaneiro, acodindo en romaría ao Santo Amaro'.